




Axenda Dixital de Galicia 2014.gal

Balance 2011

XUNTA DE GALICIA

Edita:

Xunta de Galicia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

Lugar: Santiago de Compostela

Ano: 2012

Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons 3.0 Spain
Recoñecemento-Compartir baixo a mesma licenza dispoñible en:
<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.gl>

PRESENTACIÓN

Nos últimos anos Galicia, así como o conxunto de España, viuse sumida nunha das maiores crises. No marco de incertidume que caracteriza o panorama económico actual, o goberno galego segue a traballar activamente para atenuar os efectos de crise e lograr a recuperación socioeconómica do noso territorio.

Froito deste propósito xurdiu no 2010 o Plan Estratéxico Galicia 2010-2014 (2020) que permitiu dispor por primeira vez a Galicia dunha estratexia global de planificación económica e social e que marca o rumbo cara unha economía intelixente, sustentable e integradora.

A aposta por este proceso de modernización do noso modelo produtivo foi acompañada dunha férrea aposta polas novas tecnoloxías como panca indispensable para o crecemento de Galicia e que foi materializada a través de 2014.gal Axenda Dixital de Galicia.

Preto de dous anos despois do seu lanzamento xa foron executadas diversas iniciativas enmarcadas nesta folla de ruta que dan resposta a actuacións prioritarias para o noso Goberno como son intensificar os apoios aos sectores produtivos, impulsar o emprendemento e potenciar a internacionalización e a innovación, piares fundamentais para facer unha Galicia máis competitiva.

Así, a pesar do delicado momento actual e de contar con orzamentos máis reducidos, a boa xestión dos fondos públicos permitiu a Galicia manter os servizos públicos básicos e levar a cabo accións de gran envergadura en sectores chave da economía do futuro como son o sector da economía do coñecemento ou o sector da economía da saúde.

Neste sentido seguiremos a volcar esforzos na recuperación económica de Galicia favorecendo o desenvolvemento daquelas actuacións que incidan nunha mellor calidade de vida dos galegos e repercutan na nosa comunidade en termos de riqueza e xeración de emprego, tendo moi presentes as novas tecnoloxías como factor clave para logralo.

Alberto Núñez Feijóo

Presidente da Xunta de Galicia

INTRODUCCIÓN

A sociedade actual atópase inmersa nun innegable proceso de integración á Sociedade da Información e do Coñecemento. Estamos ante unha etapa na que as novas Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) xogan un papel esencial no desenvolvemento económico e social.

Neste escenario o Goberno galego non pode renunciar na súa aposta por integrar as TIC en todos os ámbitos da sociedade como establece a Axenda Dixital 2014.gal, a estratexia da Xunta en materia tecnolóxica que da resposta ao crecemento intelixente baseado no coñecemento e na innovación.


De acordo cos principios nos que se sustentan as súas liñas estratéxicas, esta folla de ruta aposta por consolidar unha administración auster e eficiente que preste servizos de calidade á cidadanía, por dispor dunha comunidade galega competente dixitalmente, por impulsar o sector TIC e a incorporación das novas tecnoloxías en todos os sectores produtivos e por garantir a todos os galegos o acceso á rede como elemento clave para vertebrar territorial e socialmente Galicia.

Coa súa posta en marcha en xuño de 2010, Galicia iniciou o camiño do progreso tecnolóxico. Un camiño que permitirá a Galicia facer fronte aos retos da nova sociedade do coñecemento e integrarse definitivamente no novo contexto dixital europeo no horizonte de 2014.

Seguindo o compromiso de transparencia deste Goberno, a principios de ano é momento de facer balance do ano anterior e trasladar á sociedade galega os resultados das principais actividades levadas a cabo no marco desta estratexia e que poñen de manifesto que 2014.gal non é unha simple declaración de intencións senón que os seus obxectivos estratéxicos materialízanse a través de actuacións tanxibles que impactan significativamente no benestar social e no crecemento económico da nosa comunidade.

Mar Pereira Álvarez

Directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

An abstract graphic consisting of four light gray circles. One circle is at the top center, one at the bottom left, one at the bottom right, and one in the middle left. They are connected by thick, light gray curved lines. The lines from the top circle go to the middle-left and bottom-right circles. The lines from the middle-left circle go to the top and bottom-left circles. The lines from the bottom-left circle go to the middle-left and bottom-right circles. The lines from the bottom-right circle go to the middle-left and top circles. The lines extend slightly beyond the circles.

2014.gal Axenda Dixital de Galicia

Balance 2011

INDICE

Axenda Dixital de Galicia 2014.gal	
Iniciativas transformadoras.....	2
Converxencia con Europa	5
Liñas estratéxicas da Axenda Dixital	
Administración intelixente	10
Administración eficiente	30
Cidadanía dixital	34
Transforma TIC	49
EconomiC-IT	54
InfraTeleCom	60
Medidas instrumentais	68
Outros datos da Axenda Dixital	
Orzamentos	72
Avaliación de indicadores	74
Imaxes e eventos.....	81
As opinións dos expertos	94

A Axenda Dixital de Galicia 2014.gal

Iniciativas transformadoras

A Axenda Dixital 2014.gal, un conxunto de iniciativas transformadoras de Galicia, o marco para o desenvolvemento dunha política tecnolóxica única

Unha política tecnolóxica única para Galicia

Na presente lexislatura a creación da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) supuxo un punto de inflexión na orientación das políticas tecnolóxicas da Xunta de Galicia. Este instrumento permite o desenvolvemento dunha estratexia tecnolóxica única para Galicia, favorecendo un emprego máis eficiente dos recursos tecnolóxicos.

A súa constitución permitirá integrar os recursos humanos, materiais e orzamentarios da área tecnolóxica de todas as consellerías e diferentes entidades departamentais da Xunta poñendo baixo a mesma dirección a 558 tecnólogos e suprimindo 15 departamentos administrativos, acadando un aforro de espazo do 40% e de custos do 20%, é dicir, 20 millóns de euros anuais.

Ademais de centralizar a coordinación das actuacións no ámbito das novas tecnoloxías, a nova estratexia aposta tamén por unha consolidación e homoxeneización da infraestrutura tecnolóxica mediante a incorporación das funcións dos centro de proceso de datos existentes nun único centro, o Centro de Proceso de Datos Integral da Xunta de Galicia (CPDI) que dará servizo a toda a administración galega de forma centralizada, permitindo unha maior eficiencia na prestación e no mantemento dos servizos públicos electrónicos así como un aforro de custos de aproximadamente 3 millóns de euros anuais.

O camiño cara a Administración electrónica: o Plan de Modernización da Administración Pública

De cara a conseguir unha administración para todos os cidadáns, accesible as 24 horas ao día e os 7 días da semana, a Xunta de Galicia puxo en marcha no ano 2010 o Plan de Modernización da Administración Pública.

Este plan permite por a disposición da cidadanía unha nova forma de relacionarse coa administración apostando pola consolidación dunha Administración máis próxima ao cidadán, máis accesible, áxil e transparente que favoreza a reutilización dos datos públicos e impulse a participación cidadá a través das redes sociais avanzando cara un Goberno aberto e asentando as bases da futura edemocracia.

No 2011 foron levadas a cabo diversas actuacións no marco deste plan como son: a implantación da sede electrónica que xa permite a presentación telemática de máis de 220 trámites; a dixitalización do DOG co conseguente aforro de máis de 1.100.000 euros en papel; a acreditación dixital dos empregados públicos da que xa dispoñen case 1.400 profesionais da Xunta ou a renovación do portal web corporativo para facelo máis accesible e intuitivo.

A vertebración territorial a través da Rede: Plan de Banda Larga

No 2010 elaborouse o Plan de Banda Larga, que define por primeira vez unha estratexia global a seguir na nosa comunidade para o despregue de redes de telecomunicacións e aposta por achegar as redes de banda larga de calidade a todos os galegos, cun foco claro no ámbito rural como elemento de inclusión social e de loita contra a fenda dixital.

Desde a posta en marcha do Plan e grazas ao desenvolvemento de actuacións enmarcadas no mesmo, o 88,64% dos galegos xa poden acceder a este servizo, un 7,74 puntos máis que con respecto a finais de 2010. Isto supón un total de 2.481.811 galegos con posibilidade de conectarse á Rede.

Ademais, posibilitouse o acceso á redes de nova xeración a máis de 1 millón de galegos e reduciuse en máis dun 70% as diferenzas existentes no relativo ao acceso á banda larga entre as provincias do interior e as do eixo atlántico, pasando de 20 a 5,5 puntos de diferenza.

Os galegos: unha cidadanía dixital

Para poder garantir a eficaz transición cara a Sociedade da Información e o Coñecemento, é necesario dotar á cidadanía das competencias e formación necesarias no ámbito das novas tecnoloxías. A adquisición de coñecementos TIC constitúe un valor crítico na formación básica de toda a cidadanía así como unha forte panca para impulsar o emprego e a competitividade empresarial.

Nesta liña púxose en marcha en marzo de 2011 a rede de Centros de Modernización e Innovación Tecnolóxica de Galicia (CeMIT), como elemento fundamental da estratexia da Xunta para achegar as novas tecnoloxías á sociedade galega, en especial aos colectivos nos que a fenda dixital faise máis evidente.

A rede conta neste momento con 98 aulas repartidas en 92 concellos de 53 comarcas de Galicia nas que se desenvolveron máis de 2.110 cursos, chegando a máis de 10.200 usuarios.

A transformación do sistema educativo: proxecto Abalar

Nunha aposta decidida por poñer en marcha estratexias transformadoras no sistema educativo, xurdiu no 2010 o Proxecto Abalar.

Abalar establece un proceso de modernización no que as tecnoloxías da información e da comunicación se integran en todos os ámbitos educativos, favorecendo a conversión dos colexios e institutos galegos en centros educativos dixitais e facilitando as relacións entre os membros da comunidade escolar mediante a plataforma web espazo-Abalar.

Así de acordo co proxecto, a finais de 2011 contábase con máis de 1.400 aulas dixitais pertencentes a 370 centros educativos repartidos polas catro provincias galegas, 784 aulas máis que con respecto ao 2010.

Ademais coa incorporación no último ano dos cursos de 6º de Educación Primaria e 2º de Educación Secundaria ao plan, xa son máis de 31.600 os alumnos beneficiarios desta iniciativa, máis do dobre que a finais de 2010.

A modernización da Xustiza: Plan Senda 2014

Co fin de lograr unha xustiza máis transparente, eficaz e próxima á cidadanía, a Xunta de Galicia puxo en marcha en 2010 o Plan Senda 2014. O plan establece por primeira vez unha folla de ruta para integrar as TIC no ámbito xudicial galego, aspecto fundamental para conseguir a maior eficacia da Nova Oficina Xudicial.

O Plan, que conta cun orzamento de 34 millóns de euros, propón unha serie de iniciativas estruturadas en diferentes liñas que abarcan as áreas de infraestruturas, equipamento e medios, sistemas de información, formación e prestación de servizos TIC.

Entre as accións mais salientables realizadas no 2011 cabe salientar a renovación de 1.271 equipos informáticos; a consolidación do sistema LexNET a través do cal enviáronse máis de 1 millón de notificacións telemáticas entre xulgados, procuradores e avogados; a instalación dunha rede de videoconferencia nas sedes xudiciais galegas e a impartición de 5.000 horas de formación orientadas a capacitar aos usuarios nos novos sistemas de información e nos novos avances tecnolóxicos no ámbito xudicial.

Unha aposta por seguir sendo líderes na modernización da Sanidade: Estratexia Sergas 2014

Desde comezos da lexislatura a Xunta de Galicia aposta decididamente por mellorar os sistemas públicos sanitarios e transformar o modelo de asistencia actual cara outro máis áxil, eficiente e centrado no paciente, en liña cos obxectivos recollidos na Estratexia Sergas 2014.

No marco desta estratexia puxéronse en marcha no 2011 os proxectos Hospital 2050 e INNOVA - Saúde, que dotados con 90 millóns de euros, supoñen un elemento fundamental para potenciar o sector da economía da saúde e desenvolver servizos sanitarios innovadores que redunden nunha maior calidade de vida dos cidadáns.

Ao ser proxectos de gran envergadura, a súa execución favorecerá un importante investimento privado así como a creación dunha contorna de colaboración entre os axentes de I+D+i, a transferencia de tecnoloxía galega ao mercado e a xeración de emprego cualificado.

O impulso a proxectos de alto impacto no ámbito tecnolóxico

Co obxectivo de desenvolver grandes proxectos tecnolóxicos innovadores con alto valor engadido en Galicia, o Goberno galego segue a impulsar diferentes iniciativas de apoio económico a este tipo de proxectos.

Así no 2011 aprobouse a convocatoria Feder - Innterconecta para Galicia que, a partir dun investimento público de 30 millóns de euros, mobilizará un investimento total de máis de 60 millóns de euros para proxectos tecnolóxicos altamente innovadores.

Ademais activouse o “Fondo Tecnolóxico i2C”, que dotado cun orzamento de 20 millóns de euros, está orientado ao desenvolvemento de proxectos empresariais de base tecnolóxica cun forte compoñente de I+D+i.

A execución de proxectos ao amparo destes fondos ofrece grandes posibilidades para Galicia en canto permite a realización de actuacións de alto impacto que repercuten directamente na nosa economía, potenciando o desenvolvemento das empresas TIC galegas e estimulando a creación de emprego cualificado.

Converxencia con Europa

A Axenda Dixital de Galicia está plenamente aliñada na estratexia europea, na concepción, no desenvolvemento e na consecución dos seus obxectivos: un crecemento intelixente, sustentable e integrador

No cadro seguinte faise unha avaliación do impacto das liñas da Axenda Dixital de Galicia 2014. gal respecto aos piares da Digital Agenda for Europe, remarcando así un dos obxectivos plantexados no documento inicial de presentación da estratexia galega, a integración co Plan Estratéxico Galicia 2010-2014 e a converxencia con Europa, expresado en tres prioridades:

- **Crecemento intelixente:** desenvolvemento dunha economía baseada no coñecemento e a innovación.
- **Crecemento sustentable:** promoción dunha economía que faga un uso máis eficaz dos recursos, que sexa máis verde e competitiva.
- **Crecemento integrador:** fomento dunha economía con alto nivel de emprego que teña cohesión social e territorial

Así, facendo un repaso por cada un dos oito piares da axenda europea, pódense identificar unha serie de proxectos galegos que teñen gran vinculación coa estratexia europea e que enumeramos a continuación.

Piar nº1 : Mercado Único Dixital, obxectivos: eliminar as barreiras ao libre fluxo de servizos en liña e entretemento a través das fronteiras nacionais, actualizar as regras do mercado único para a era dixital, aumentar o negocio de descarga de música, crear un espazo único de pagamento en liña, e protexer os consumidores no ciberespazo.

Incide nesta liña a industria de produción de contidos dixitais, de ámbito xeral (abert@s), de ámbito educativo (Abalar) e novos medios (audiovisual).

Piar nº2: Interoperabilidade e Estándares, facer que os dispositivos e aplicacións traballan en conxunto en calquera lugar do mundo, asegurar que os arquivos de datos e servizos interactúan en internet, todo iso mediante a definición e uso de estándares.

Tratan destes obxectivos varias iniciativas do Plan de Modernización, que promove a diminución de datos en mans das administracións, o uso de estándares nas webs institucionais, o acceso das persoas con discapacidade; o Plan eConcellos, que permite o intercambio de datos entre administracións; e outros plans como Senda 2014, que permite a integración dos datos de xustiza entre as diferentes administracións competentes e organismos xudiciais.

Piar nº3: Confianza e Seguridade, ten por obxectivos facer que os usuarios das web europeas poidan sentirse seguros ao realizar transaccións en liña, eliminar as ameazas como o software malicioso e fraudes on-line que impiden o desenvolvemento da economía en liña.

Neste bloque inclúense o desenvolvemento da personalidade dixital do empregado público, proxecto Kronos; a factura e licitación electrónica; así como a prestación de servizos e relacións coa Administración, mediante a identidade dixital do cidadán, por exemplo: portal do emprego, oficina agraria virtual, portal do comerciante, etc.

Piar nº4: Internet rápida, que trata de conseguir a provisión de novos servizos como a televisión de alta definición ou videoconferencia que necesitan un acceso moito máis rápido a Internet do que xeralmente está dispoñible en Europa, ademais estimular investimentos e propoñer unha mellor utilización do espectro radioeléctrico.

A cobertura de todo o territorio con banda larga de calidade é, tamén, o obxectivo do Plan de Banda Larga, por unha banda, un servizo mínimo en todos os fogares e por outra, as redes de nova xeración onde hai máis demanda. Tamén, a aposta por apoiarse nunha operador público, Retegal, para desenvolver as infraestruturas e a rede de emerxencias, que dotará de servizo a todos os implicados na materia.

Piar nº 5: Investigación e Innovación, para atraer aos mellores á investigación, e transformatas en produtos e servizos comercializables.

Ubícanse neste piar as liñas de apoio ao sector empresarial das TIC, dentro das que hai un foco específico para o software libre, e outros proxectos innovadores ligados á mellora da calidade de vida e o benestar.

Piar nº6: Mellora das competencias dixitais, aínda hai moitas persoas con dificultades para beneficiarse plenamente dos contidos e servizos electrónicos, polo que é preciso aumentar os coñecementos e eliminar esta fenda dixital.

Aquí considéranse, a formación que se imparte a través da Rede CeMIT, para a inclusión dixital; o cambio incorporado no plan Abalar, para converter aos máis novos en nativos dixitais e o decreto de competencias dixitais, que recoñece de modo oficial os coñecementos dos cidadáns na materia. Tamén, a formación na Escola Galega de Administracións Públicas, o voluntariado dixital e o programa TIC-TAC.

Piar nº7 : As TIC para os retos sociais, as tecnoloxías para reducir o consumo de enerxía, dar soporte aos servizos de saúde e ofrecer mellores servizos públicos. As TIC tamén poden impulsar a dixitalización do patrimonio cultural de Europa, dando acceso en liña para todos.

O apartado referido a utilización das TIC para afrontar os retos sociais actuais é o de maior número de iniciativas en Galicia, destacando: o Plan de Modernización, coa sede electrónica, o cumprimento da Directiva de servizos, o Diario Oficial en formato dixital, a mellora da atención ao cidadán, a participación; a mellora dos servizos sanitarios: historia clínica dixital, ereceita, etc.; o Plan de Transporte Metropolitano; o portal do emprego; a mellora dos sistemas de xestión e información na aplicación da xustiza; as actuacións en campos xeralmente alleos a tecnoloxía como a gandería e a pesca; o Centro Demostrador das TIC; os sistemas de información e apoio ao turismo e as actuacións para a mellora da xestión enerxética.

Pilar nº8: Internacionalización, a Axenda Dixital Europea ten como obxectivo facer a Europa unha potencia de crecemento intelixente, sostible e inclusivo no escenario global. Os sete piares deben ter dimensións internacionais.

Por último, tal como propón a estratexia europea, en Galicia tamén se trata de facer que o sector empresarial relacionado coas TIC sexa quen de elaborar produtos e servizos capaces de ser exportados a outros países.

Ademais no cadro, establécese unha marca graduada sobre o nivel de desenvolvemento da iniciativa plantexada, estado ou nivel inicial (●), nivel medio (●●) e nivel alto (●●●) de xeito que se poda visualizar de modo rápido o avance do proxecto na consecución dos obxectivos.

 Principais proxectos do 2011 da Axenda Dixital de Galicia 2014.gal con impacto nos páres da Digital Agenda for Europe 	PIAR. 1 Mercado Dixital Único	PIAR. 2 Interoperabilidade e estándares	PIAR. 3 Seguridade e confianza	PIAR. 4 Redes máis rápidas de acceso a Internet	PIAR. 5 I+D	PIAR. 6 Alfabetización dixital, competencias	PIAR. 7 Estender os beneficios da SI á sociedade	PIAR. 8 Internacionalización
Plan de Modernización Desenvolvemento normativo, sede electrónica, ..							●●●●	
Plan de Modernización Servizo de atención ao cidadán, eparticipación, ...							●●●●	
Plan de Modernización Diario Oficial de Galicia dixital, ...	●						●●●●	
Plan de Modernización Sinatura dixital, licitación e factura electrónica, ...			●●				●●	
Plan de Modernización Accesibilidade, uso de estándares, ..		●●				●●●●		
Proxecto Kronos Identidade dixital do empregado público, ..			●●					
Plan de Modernización Directiva de servizos							●●	
Plan eConcellos Intercambio de datos entre Administracións		●	●●					
Xustiza: Senda 2014 Equipamento, aplicacións, formación		●●					●●●●	
Sanidade Historia clínica dixital, ereceita, telemedicina							●●●●	
Benestar e dependencia Tecnoloxía innovadora para o benestar					●●		●	
Plan de Transporte Metropolitano Tarxeta transporte, sistemas de información							●●●●	
Emprego Portal do emprego			●●●				●●●●	
Abert@s OpenData, reutilización da información pública	●						●	
green-IT Aforro de enerxía mediante as TIC							●	
CPDI Centro de Procesos de Datos Integral da Xunta		●	●				●	
Outros servizos públicos Calidade do aire, do uso do solo, do territorio, ...							●	

 Principais proxectos do 2011 da Axenda Dixital de Galicia 2014.gal con impacto nos píares da Digital Agenda for Europe 	PIAR. 1 Mercado Dixital Único	PIAR. 2 Interoperabilidade e estándares	PIAR. 3 Seguridade e confianza	PIAR. 4 Redes máis rápidas de acceso a Internet	PIAR. 5 I+D	PIAR. 6 Alfabetización dixital, competencias	PIAR. 7 Estender os beneficios da SI á sociedade	PIAR. 8 Internacionalización
Plan Abalar Aulas dixitais, EspazoAbalar, formación de familias			  			  		
Rede CeMIT Alfabetización dixital,						  		
Competencias Dixitais Decreto, recoñecemento oficial, etc.								
Formación on-line Plataforma da EGAP, temarios públicos,								
Voluntariado Dixital Formación e inclusión dixital								
TIC-TAC Discapacidade						 		
Sector empresarial das TIC Liñas de apoio ao sector, internacionalización					  			
Sector audiovisual e de contidos dixitais Liñas de apoio ao sector, internacionalización							 	
FLOSS Oficina de apoio, difusión e promoción software libre					 		 	
CDTIC Centro Demostrador das TIC							 	
Oficina agraria virtual (OAV) Datos de movementos de animais			 				 	
TICPESC Lonxas e os documentos de produtos			 				 	
Portal do comerciante O pequeno comercio e os mercados na rede			 				 	
Xeodestinos Aplicación das TIC no turismo							 	
Plan de Banda Larga: Redes de nova xeración e redes no rural				  				
Rede de emerxencias: Apoio aos colectivos de xestión de emerxencias								
Retegal Operador público de telecomunicacións				  				

2014.gal Axenda Dixital de Galicia

Liñas estratéxicas

Desde a aprobación da Lei 11/2007 de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, que supuxo un cambio significativo na administración electrónica en España, foi necesario abordar actuacións que permitisen a evolución desde a situación existente ata un novo escenario que permitise e avaliasse o desenvolvemento da Administración electrónica en Galicia.

Esta labor, é ademais moi importante polo que ten de cambio no xeito da prestacións dos servizos públicos e polo que en pouco tempo vai supor en canto a aforros económicos, aforros no tempo de xestión e outras melloras que se van a derivar do avance da administración electrónica: eParticipación, transparencia, etc.

Outro compoñente deste tipo, e o inicio da publicación do Diario Oficial de Galicia en formato dixital, deixando o formato papel co conseguinte aforro; e os cambios no portal corporativo, para convertelo na Sede Electrónica, o punto principal de interacción coa sociedade, xuntando a información por áreas temáticas de xeito que sexa máis fácil de atopar; e para facela máis accesible a todos os co

Tamén, o novo portal acolle a parte telemática dos servizos de atención á cidadanía, o servizo 012, e a información dos rexistros públicos, tanto físicos como dixitais, onde é preciso o uso de certificados dixitais, e dispón de enlaces as canles de participación a través das redes sociais. Tamén, a sede electrónica, na que se van inserindo os procedementos co obxectivo de ter a finais do 2012 case o 100% neste formato.

Outra liña de desenvolvemento da administración intelixente é a dotación da identidade dixital aos empregados públicos, mediante unha tarxeta intelixente que tamén se aproveita para proxectos como o Portasinaturas, o control horario e o acceso as funcionalidades do portal do empregado público PortaX.

Por outra parte, no rerefido aos servizos públicos e a súa relación coas TIC, hai que salientar a aplicación no ámbito sanitario, no que se está a chegar ao 100% de utilización da historia clínica dixital, coa que están vinculadas a receita electrónica e os servizos de telemedicina. No 2012 están a se por en marcha proxectos como Innova-Saúde para a conformación de servizos de teleasistencia domiciliaria.

O campo da aplicación das TIC na xustiza rexistrou un importante avance coa dotación de equipamento informático actualizado a todas as sedes, coa mellora das liñas de comunicacións e a dotación de material audiovisual, xunto coa formación dos usuarios e progresiva utilización das aplicacións axeitadas a cada caso.

Por último, salientar tamén a utilización das TIC na mellora da xestión doutros servizos públicos como a dependencia, o emprego, o transporte público, a optimización do consumo enerxético e o coidado do medio ambiente.



Desenvolvemento normativo

Importante desenvolvemento normativo no 2011, aprobáronse os decretos de organización e funcionamento dos rexistros, da presenza do sector público en Internet e da certificación das competencias dixitais

- Galicia é a segunda comunidade en contar cun decreto que regula a presenza da administración galega en Internet: unha aposta pola transparencia e a participación cidadá
- O decreto 191/2011 aprobou o sistema de rexistro único da Xunta que unificará os case 500 rexistros existentes ata agora

No último ano fíxose un esforzo importante para tratar de dotar a Administración electrónica en Galicia dunha base normativa que facilitase o desenvolvemento dos proxectos e, ao mesmo tempo, comunicar aos colectivos implicados como poden facer uso de servizos que permiten aos cidadáns relacionarse coa administración xeral da Comunidade Autónoma a través de medios electrónicos. Así, despois do Decreto 198/2010, de Administración electrónica, no 2011 publicáronse os seguintes decretos:

DECRETO 191/2011, do 22 de setembro, de organización e funcionamento dos rexistros da Administración xeral e das entidades públicas instrumentais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Este decreto, publicado no Diario Oficial o 13 de outubro, establece o marco xurídico do Sistema Único de Rexistro da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades públicas instrumentais. O Sistema Único de Rexistro é o conxunto de órganos, servizos e unidades que realizan funcións de rexistro de entrada e/ou saída de cantas solicitudes, escritos, comunicacións e documentos se reciban ou remitan na Administración.

Para a consecución deste obxectivo, a primeira fase empezou coa posta en marcha dos medios necesarios para a automatización nas oficinas de rexistro, co fin de garantir a interconexión de todas elas e posibilitar o acceso por medios electrónicos dos asentos rexistrais e das copias electrónicas das solicitudes, escritos e comunicacións que se presenten, así como dos documentos que os acompañen.

SERVIZOS DISPONÍBILES SEN CERTIFICADO DIXITAL

Publicación electrónica de rexistros administrativos

[Escoller](#)



Administración electrónica

Publicación electrónica de rexistros administrativos

Nesta sección pódese consultar información rexistrada nalgúns rexistros administrativos da Xunta de Galicia. Pódese consultar a información segundo distintos criterios en función do contido de cada rexistro.

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

- Rexistro de agrupacións de voluntarios de protección civil
- Rexistro de asociacións
- Rexistro de empresas fabricantes, importadoras e distribuidoras de máquinas recreativas e de azar
- Rexistro de empresas operadoras de máquinas recreativas e de azar
- Rexistro de empresas de xogo de blingo
- Rexistro de establecementos de hostelería con autorización de instalación e localización de máquinas de xogo

Consellería de Traballo e Benestar

- Censo de entidades xuvenís
- Centros especiais de emprego
- Empresas de inserción laboral
- Rexistro de centros de traballo
- Rexistro de convenios colectivos
- Rexistro de empresas acreditadas de Galicia para intervir no proceso de contratación no sector da construción (REA)

DECRETO 201/2011, do 13 de outubro, polo que se regula a presenza da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia na internet.

Este decreto, de aplicación a todos os órganos e ás unidades da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, ten como obxecto a regulación da presenza na internet, a determinación dos instrumentos de ordenación e a estrutura organizativa encargada da súa coordinación e xestión, cara a garantir a máxima calidade posible da información que se ofrece desde as entidades públicas.

Así, dentro das liñas definidas no decreto regúlanse o Catálogo de portais, contidos e servizos das consellerías, departamentos e organismos adscritos á Xunta de Galicia; a comisión de portais web; e o establecemento de directrices comúns no deseño, construción e posta en marcha de páxinas, portais ou sitios web.

DECRETO 218/2011, do 17 de novembro, polo que se regula a certificación galega de competencias dixitais en ofimática.

Este decreto, publicado o 30 de novembro, ten por obxecto o establecemento dos requisitos para a obtención da certificación galega de competencias dixitais en ofimática e crea o Rexistro de certificacións galegas de competencias dixitais en ofimática co fin de simplificar a xestión da certificación e facilitar o seu arquivo e control.

Así mesmo, regula o proceso para a obtención da certificación de competencias dixitais en ofimática de Galicia, os criterios e os procedementos de obtención, a través dun mecanismo normalizado de certificación por parte da Administración Pública, que estea amparado pola lexislación vixente europea, estatal e autonómica e que sexa recoñecido e valorado tanto no ámbito público como privado.

Esta certificación ten como obxectivo principal o fomento do uso das TIC na cidadanía galega, e senta as bases para a homoxeneización dos requisitos de coñecementos de ofimática para o acceso á Función Pública autonómica, tanto nos procesos selectivos coma nas listas de contratación ou nos concursos de traslados.

DECRETO 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos.

Aínda que se vai desenvolver na liña correspondente da Axenda non podemos deixar de mencionar aquí, un último decreto na materia publicado no Diario Oficial de Galicia, en xaneiro do 2012 e referido a creación da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) e os seus estatutos.

A creación da Axencia, que consolida así un modelo de xestión integrado das TIC na Administración autonómica, permitirá unha maior eficiencia e unha redución de gasto ao integrar os recursos humanos, materiais e orzamentarios da área tecnolóxica de todas as consellerías e diferentes entidades departamentais da Xunta baixo unha mesma dirección e con custe cero.

O portal corporativo xunta.es

O portal corporativo integra todos os elementos de comunicación da Xunta e potencia o uso das redes sociais como elemento de participación

- **O novo portal corporativo, cunha media de máis de 1 millón de visitas ao mes, facilita o acceso a un catálogo de 225 webs alén de ofrecer máis servizos e máis visibles**
- **En Facebook, 118 mil usuarios e en Twitter, 24 mil seguen aos departamentos que teñen contas nas redes sociais**
- **O portal xunta.es, é o terceiro no ranking de accesibilidade entre as comunidades autónomas do Estado**

A mediados de 2009 a Administración galega definiu o seu modelo de presenza en Internet para o futuro a través do proxecto 'Galicia na rede' unha folla de ruta para abordar a posta en marcha dun novo portal institucional capaz de integrar os contidos e servizos de utilidade para o cidadán, para converterse na canle de acceso á Administración electrónica e para promover escenarios de participación evolucionando cara ao concepto da web 2.0.

Así, foi necesaria a realización duns criterios de convivencia dos portais da Administración pública: un marco xeral de definición e mantemento das web, para compatibilizar o portal corporativo, para establecer mecanismos de evolución dos portais, baseados nun proceso de mellora continua e permanente e para racionalizar os recursos humanos, tecnolóxicos e económicos da Xunta na materia.


Deste xeito, o portal corporativo da Xunta de Galicia evolucionou para desenvolver os servizos de Administración electrónica dispoñibles na actualidade, que teñen a súa referencia fundamental na Sede electrónica e formuláronse os criterios e o modelo de traballo para definir a presenza da Xunta na rede, que a finais de ano quedaron recollidos no Decreto 201/2011, polo que se regula a presenza da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia na Internet.

A web xunta.es foi deixando así a un lado a concepción de portal estritamente institucional e informativo para avanzar nos conceptos de Administración electrónica e web 2.0 e para converterse nun espazo cada vez máis intuitivo, sinxelo e accesible. Foi deixando un deseño baseado no organigrama institucional para estar enfocado no acceso aos contidos, caracterizados por colectivos ou temáticas. Foi deixando os contidos meramente textuais polo impulso dos formatos multimedia, con galerías de imaxes, sons e vídeos e o posta en marcha de novos servizos: envío de mensaxes SMS, alertas, etc. e por ultimo, incorporando espazos para a participación nas redes sociais.

A posta en marcha do decreto mencionado tamén trouxo novas funcionalidades á sección Espazo e!, que aglutina os servizos da eAdministración da Xunta; como a caracterización de ligazóns a contidos e servizos de interese dos diferentes departamentos en varios eixos; o acceso áxil desde a portada aos servizos de maior uso organizados por áreas temáticas e a incorporación dunha caixa multimedia, con capacidade para o uso de distintos formatos de imaxe, vídeo ou son, para a divulgación de proxectos.

Nesta liña, foi fundamental a elaboración do documento de “Políticas de catalogación e etiquetado dos contidos: taxonomía corporativa” do que xurdiu unha nova forma de representar os contidos e servizos da Administración na rede en base a conceptos próximos (áreas temáticas) á persoa usuaria independentemente da área organizativa responsable dese contido ou servizo, e a necesidades ou demandas comúns do público obxectivo (área colectivos).

Examinando as seccións máis visitadas durante o ano 2011 tense que a primeira, foi o DOG (Diario Oficial de Galicia); a segunda, o acceso á Función Pública, a terceira, a información do tempo; a cuarta, as novas de actualidade e a quinta, o relacionado co Servizo Público de Emprego.



Servizo de atención ao cidadán

A información que a Xunta de Galicia ofrece pola internet concíbese como parte integrante do Sistema de Información Administrativa e Atención ao Cidadán, ao mesmo nivel que o resto de oficinas xerais e das diferentes consellerías do Goberno.



Así, o portal web da Xunta de Galicia subministra acceso a:

- Atendémolo, que proporciona acceso a un formulario web para o envío de consultas e comentarios, e informa sobre as posibilidades de enviar un correo electrónico ao enderezo 012@xunta.es ou chamar ao teléfono gratuito 012
- Servizo de envío de suxestións e queixas, que permite o acceso á folia de suxestións ou queixas, tanto para presentala de xeito electrónico como para obtela cuberta para a súa presentación en calquera Rexistro da Xunta de Galicia.
- Oficina de Rexistro Único e Información: un espazo informativo no que se sinala o obxecto, funcións e forma de acceso aos seus servizos; o modelo de funcionamento e dos documentos a empregar; así como, a información sobre os rexistros de entrada e saída, a localización das distintas oficinas, etc.
- Servizo de videointerpretación para persoas xordas, un servizo que garante ás persoas xordas o acceso en igualdade de condicións ao 012, a liña telefónica que canaliza todas as consultas da cidadanía á Administración galega.

Diario Oficial de Galicia en formato electrónico

O pasado 29 de abril de 2011 deixouse de publicar a versión en soporte papel do Diario Oficial de Galicia (DOG) logo dunha orde pola que se regulaba a súa edición electrónica e se determinaba a súa posta en funcionamento, o establecemento da súa estrutura, contido, ordenación e garantías. Deste xeito, a versión electrónica que empezou a utilizarse o 2 de maio, é a única con carácter oficial.


O novo DOG está deseñado como un espazo que articula todos os contidos, facilitando a súa consulta de xeito sinxelo, intuitivo e aberto a todos os cidadáns as 24 horas do día os 365 días do ano. No 2011, o portal tivo 2,05 millóns de visitantes.

Desde a publicación dixital simplificáronse os procesos de produción, reduciuse o tempo de edición, e racionalizouse o gasto, así desde o inicio do proceso de dixitalización xa se produciu un aforro económico de 1,1 millóns euros ao eliminar a edición en papel.



Catálogo de portais

A posta en marcha do Decreto 201/2011 tamén tivo como resultado a realización dun Catálogo de portais, para organizar a presenza da administración na rede, do seu contido e para servir de base para a publicación no portal corporativo da Xunta, do directorio de portais e servizos web sociais e participativos (visible no espazo A-Z), no que están catalogadas 225 webs.



Segundo a tipoloxía das webs, pódese considerar que o 54% dos portais do catálogo web da Xunta de Galicia son temáticos e un 29% pertencen a organismos públicos autónomos. As porcentaxes máis baixas corresponden aos promocionais (que representan o 9% do catálogo) e os departamentais (8%). Por outra parte, examinando as temáticas temos que as áreas de “Economía, empresa e emprego” xunto coas de “Cultura, ocio e deporte” son as que dispoñen de maior número de portais asociados.

Para facilitar o mecanismo de incorporación de novos portais a este catálogo por parte dos responsables dos diferentes departamentos da Xunta, habilitouse na Intranet corporativa unha ferramenta (<http://intranet.xunta.es/portais>) que establece a creación de diferentes usuarios e perfís para xestionar, entre outras, a consulta dos items existentes e a incorporación dos novos.

Participación cidadá

A mediados de 2010 comezou a andadura da Xunta de Galicia nas redes sociais, logo diferentes departamentos da Administración galega foron tamén poñendo en marcha espazos propios na web 2.0., decisións baseadas na vontade de darlle prioridade ás relacións coa cidadanía, achegando unha Administración máis transparente e participativa.

A finais do 2011, o número de canles a través das redes sociais acadaba os 98 sitios, sendo os máis habituais en Facebook, Twitter, Youtube e Flickr, o 85% do total. Por áreas temáticas, a máis numerosa é a relacionada coa cultura é o turismo, co 40%.

Atendendo ao número de persoas que fan uso das novas canles, os sitios de Facebook con máis seguidores son os do Xacobeo e o de Turgalicia con



máis de 70.000 e 10.200 seguidores respectivamente. Con respecto a Twitter, os sitios máis activos son os da Compañía de Radio Televisión de Galicia e a propia Xunta con 24.200 e 4.100 mensaxes enviados, e máis de 4.200 seguidores cada unha.

Sede electrónica

Un novo compoñente de interacción coa sociedade: a sede electrónica da Xunta, unha Administración aberta as 24 horas, os 365 días e sen papeis

Continúan os avances na relación das empresas coa Administración: factura electrónica, licitación electrónica, presentación telemática de documentación, etc.

- O número de procedementos electrónicos da Xunta supera os 200 o dobre do ano pasado, ademais está previsto que a finais do 2012 se chegue ao 95% dos máis de 1400 procedementos do catálogo da Xunta
- A Xunta colabora co Colexio Oficial de Arquitectos para facilitar a tramitación totalmente electrónica das licenzas urbanísticas nos concellos

A sede electrónica: a tramitación telemática

En setembro aprobouse a orde pola que se aproba a posta en funcionamento da sede electrónica da Xunta de Galicia, unha sede na que se aglutina toda a información, servizos e prestacións derivadas do decreto 198/2010 para a totalidade dos órganos da Administración xeral de Galicia e as entidades instrumentais.

Así, a Sede Electrónica asegura a identificación e comunicación seguras, o acceso ao rexistro electrónico, ás comunicacións, ás notificacións e aos formularios de solicitude para iniciar os procedementos administrativos ou solicitar a prestación de servizos.

Ademais durante o 2011 fíxose unha importante depuración dos procedementos xestionados polas diferentes consellerías da Xunta para adaptalos a nova realidade e elaborar os plans de transición a xestión íntegra de modo telemático.

Na sede, ofrécese unha información clara e concisa (obxecto, normativa, documentación, solicitude e directorio de unidades xestoras) de interese para o cidadán e pódense localizar os diferentes procedementos xa sexa polos colectivos aos que están dirixidos os trámites, polas materias ás que aplican ou polo organismo xestor do procedemento.

A finais do ano 2011, un exame dos 1.437 procedementos existentes, indicaba que en 201 casos xa se podía facer uso da presentación telemática nas distintas plataformas existentes. Por outra parte, desde a posta en marcha da Sede electrónica en setembro, pasouse de 120 procedementos a máis de 200 tres meses máis tarde.

Ademais ofrécese unha canle gratuíta de comunicación e relación coa cidadanía, baseada no envío de mensaxes SMS e de correo electrónico, para que poida estar puntualmente informado sobre contidos de carácter público que se difunden a través do portal. A finais do 2011, había 1.120 persoas subscritas a este servizo.



Racionalización e Simplificación: REDUCE

O Consello Europeo aprobou en 2007 a iniciativa denominada “Better Regulation” para impulsar a medición e redución das cargas administrativas, mediante a simplificación administrativa e a diminución de barreiras e cargas e a Comisión instou aos países membros da UE a adoptar compromisos de redución das mesmas, co obxectivo final de lograr cando menos un 25% para o ano 2012, que no caso de España, o goberno do Estado ampliou ata o 30%.

A Administración Xeral do Estado, en colaboración coas comunidades autónomas e os entes locais, elaborou un modelo de custos estándar, seguindo o modelo europeo e adaptándoo a realidade española, o Método Simplificado de Medición de Cargas Administrativas, que cuantifica en euros o aforro que supón ás empresas as modificacións normativas que introducen reducións das cargas administrativas.

A Xunta de Galicia, no 2011 fixo propia esta iniciativa e por tanto, toda norma que regule un procedemento que acceda ao Diario Oficial deberá identificar a redución de trámites (tanto obrigatorios como voluntarios) esixibles a un cidadán ou empresa.

A Xunta aspira así a contribuír a dinamización da actividade empresarial eliminando obstáculos na súa xestión e mellorar a produtividade e competitividade dos sectores económicos, xa que se estima que a presentación telemática de solicitudes ofrece ao solicitante un aforro de 75 euros, fronte a súa versión presencial.



Portal de Interoperabilidade

A interoperabilidade é a capacidade dos sistemas de información e dos procedementos aos que dan soporte, para que poidan compartir datos e posibilitar o intercambio de información e coñecemento entre eles. Para acadar esta capacidade, desde a Xunta de Galicia planificáronse diferentes accións, como é o desenvolvemento dun Mapa de procedementos e servizos existentes na Xunta, un inventario de documentos, rexistros e datos relativos ós cidadáns e empresas en poder da Administración ou o análise de documentos con alto potencial de reutilización.

Así naceu, no último trimestre de 2010, o Portal de Interoperabilidade para axilizar a tramitación dos expedientes e evitar aos demandantes dos servizo público a presentación de documentación xa en poder da Administración. O sistema comezou coas consultas de identificación (SVI) e de residencia (SVR), datos accesibles por consultas a través do Ministerio de Administracións Públicas, quen autoriza os procedementos sobre os que se fan as consultas, nos casos mencionados co Instituto Nacional de Estatística e coa Dirección Xeral de Policía. O número de usuarios da plataforma en decembro era de 900 entre os diferentes servizos das Consellerías da Xunta.

Outro proxecto importante de colaboración baseado na interoperabilidade entre as administracións é o proxecto de tramitación e posterior outorgamento telemático das autorizacións de licenzas urbanísticas resultado do convenio entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

O servizo estará operativo en 2012 e dispoñible para todos os concellos adscritos ao convenio eAdministración da Xunta e a Fegamp para impulsar a Administración electrónica nas entidades locais.



As TIC na relación económica da Administración coas empresas

Logo dos bos resultados acadados co Sistema Electrónico de Facturación (SEF), posto en marcha no 2010, en marzo do 2011 comezou a utilizarse o sistema de licitación electrónica (SILEX), un procedemento que comezou pola Consellería de Facenda, que realizou o 14% das mesas de contratación por este sistema e que progresivamente se estenderá ás demais consellerías.

Esta iniciativa vai tamén en liña cos obxectivos de austeridade e de aforro marcados ao inicio da lexislatura, xa que se vai acadar unha maior competitividade das empresas que presentan ofertas aos procedementos públicos de contratación, así como facilitará unha maior axilidade da Administración.

O sistema SILEX conta coas máximas garantías de confidencialidade e seguridade para as empresas xa que asegura o principio de segredo das ofertas ata o momento da súa apertura nas correspondentes mesas de contratación.

O principio de segredo conséguese mediante a fragmentación e cifrado das ofertas coa clave pública dos certificados dos membros da mesa de contratación e só se poderán recompoñer ditos fragmentos no intre de celebración das mesas coa utilización conxunta dos certificados privados de dous ou máis membros.

O requisito que deben cumprir as empresas para participar no proceso é sinxelo: estar dada de alta no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma e dispoñer dun certificado electrónico.

Polo que respecta ao sistema de facturación (SEF), continua a ter boa acollida por parte das empresas, case 1.800 xa presentan as facturas en modo electrónico, o que supón un 25% do total das que se reciben na Xunta de Galicia.

Tamén, no 2011 a Xunta puxo a disposición das empresas unha ferramenta que permite asinar dixitalmente a maioría dos tipos de arquivos electrónicos que se presentan ante a Administración ou que se poidan intercambiarse entre as propias empresas. Igualmente permite enviar a través de correo electrónico os arquivos unha vez que se asinan de maneira electrónica.

 **e-Trámites**

 **Sistema de facturación electrónica**

 **Servicios telemáticos do Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma**

 **Sistema de licitación electrónica (SILEX)**

 **Administración Tributaria - Pago Telemático**

Empregado público

O proxecto Kronos vai facilitar a acreditación dixital dos 20.000 traballadores que prestan servizos na Xunta de Galicia, a sinatura electrónica e un control horario homoxéneo en todas as dependencias

- **Kronos integra a acreditación dixital, o control horario e o acceso as aplicacións informáticas e vai favorecer o desenvolvemento do teletraballo**
- **A tarxeta de identidade dixital do empregado público é o elemento fundamental da acreditación electrónica. No primeiro semestre do 2012, 3000 empregados públicos disporán dela e 256 xa fan uso do Portasinaturas**
- **Función Pública unifica nun sistema electrónico a xestión dos recursos humanos para axilizar os 38.000 movementos anuais**

Proxecto Kronos

Outro paso do Plan de Modernización da Administración é o proxecto Kronos, co que a Xunta proporciona aos empregados públicos unha das ferramentas necesarias para avanzar cara a verdadeira administración electrónica e garantir aos cidadáns o seu dereito a relacionarse de xeito electrónico coas institucións públicas, ademais mediante o uso dunha tarxeta intelixente que os acredita dixitalmente tamén se vai regular o control horario e de acceso as aplicacións informáticas.

A primeira fase do proxecto comezou coa instalación dun Punto de Acreditación Dixital (PAD) desde onde emitir as tarxetas e coa instalación de teclados adaptados para a fichaxe dos profesionais acreditados, co obxectivo de acadar as 3.000 tarxetas no primeiro semestre do 2012, entre a Administración autonómica xeral e de Xustiza.



Xunto coa acreditación dixital mencionada, a tarxeta do Proxecto Kronos leva asociada as funcionalidades para o control horario que está dispoñible desde os ordenadores da rede corporativa da Xunta a través da Intranet naqueles departamentos nos que se vai implantando.

A implantación do control horario vai permitir superar a falta de homoxeneidade existente na actualidade, onde hai organismos que aínda usan a sinatura en papel. Por outra parte, é destacable o reducido custo do sistema xa que se aproveitaron as infraestruturas implantadas para avanzar cara a Administración electrónica.

Por último, indicar que o proxecto Kronos facilitará nun futuro tamén a xestión da flexibilidade horaria dos empregados públicos, unha opción, que xa están a desenvolver en varios estados membros da Unión Europea, para contribuír a unha mellor organización do traballo, da calidade do servizo e facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral do persoal e que será regulada por un decreto no que se está a traballar.



A tarxeta do empregado público

En maio do 2011, publicouse unha orde para regular a tarxeta do persoal ao servizo do sector público autonómico, unha tarxeta intelixente que dispón de tres dispositivos distintos: un chip criptográfico que alberga varios certificados dixitais, entre eles o de persoal ao servizo das Administracións públicas; unha banda magnética cos datos do profesional para o seu emprego en sistemas de información que así o requiran; e a identificación por radiofrecuencia para o control de acceso a lugares de paso restrinxido.



Sinatura dixital

A sinatura electrónica é o conxunto de datos en forma electrónica, que consignados xunto a outros ou asociados a eles poden ser utilizados como medio de identificación do asinante. Esta sinatura, que pode aplicarse sobre documentos electrónicos ten a mesma validez que a manuscrita e é fundamental para o desenvolvemento da Administración electrónica.

Das posibilidades da sinatura dixital como ferramenta para a mellora da tramitación administrativa, nace o PortaSinaturas, unha aplicación que proporciona a funcionalidade necesaria para poder asinar lotes de documentos de xeito telemático e seguro e que pode ser empregada por varios usuarios ao mesmo tempo. Ademais posibilita o control do fluxo da sinatura de documentos dun xeito centralizado, eficiente, seguro e confidencial, minimizando o tempo de espera do solicitante, eliminando o risco de extravío de solicitudes e anulando o uso de papel.

Outras das vantaxes que introduce o portasinaturas son: o a acceso directo ás tarefas prioritarias nun só clic desde a xanela de benvinda; o envío a múltiples asinantes establecendo a orden de sinatura; a posibilidade de solicitar, consultar, asinar e rexeitar sinaturas de xeito rápido; a busca asistida para atopar as tramitacións; coñecer en tempo real a etapa na que se atopa e a posibilidade de xestión por bloques.

A finais do ano 2011, o número de usuarios do Portasinaturas con perfil solicitante era de 256 e o número de usuarios con perfil asinante era de 170.

Portal do empregado público: PortaX

Este ano 2011 consolidouse o Portal do Empregado, PORTAX, que comezou a funcionar a finais do 2010, un portal dirixido a empregados públicos agás o persoal da sanidade, xustiza e educación, que xa dispoñen de portais propios. A través do sistema, pódese acceder na Intranet da Xunta a todos os servizos de carácter interno e garántase a autenticidade mediante o certificado dixital emitido pola FNMT ou mediante clave de acceso interna.

Os servizos máis destacados que ofrece o portal, ademais de novas son a información sobre procesos de función pública, como a consulta do expediente electrónico, datos administrativos como o posto de traballo, a formación, os trienios, etc.; a consulta do histórico de nóminas; a consulta de datos relacionados coas vacacións, permisos e licenzas e o acceso aos procesos selectivos, contratación temporal e concursos de traslados, entre outros.

Por outra parte, Función Pública en coordinación coa Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, está a implantar a comezos do 2012 un novo sistema electrónico que permitirá axilizar a xestión dos recursos humanos da Xunta de Galicia.

O sistema posibilitará a creación do expediente administrativo electrónico único e a localización en tempo real de todos os efectivos en materia de recursos humanos, o que vai mellorar a información das listas de contratación temporal e a xeración e control de vacantes.

Por último, indicar que desde o 1 de xaneiro de 2012 os empregados públicos autonómicos reciben as súas nóminas en formato electrónico, outra medida que tamén busca impulsar a modernización administrativa e a innovación tecnolóxica e coa que a Xunta de Galicia conseguirá aforrar 95.000 euros cada ano.



Colaboración coa administración local

A Xunta apoia a implantación das Axendas Dixitais Locais acordes coa estratexia propia e da Unión Europea

- A Xunta comprometese no apoio a elaboración da Axenda Dixital Local, unha iniciativa transfronteiriza para favorecer o desenvolvemento dos concellos na sociedade da información.
- Galicia é unha das poucas comunidades que ofrece de balde o servizo de certificación dixital ao resto das administracións públicas: 322 entidades locais asinaron o convenio coa Xunta

Servizo de certificación dixital

Galicia foi desde primeiros do pasado ano 2010, unha das comunidades autónomas en ofrecer ás entidades públicas o servizo de certificación dixital de balde. Todos os concellos, as deputacións provinciais, as tres universidades, o Consello de Contas, o Valedor do Pobo e o Parlamento poden adherirse de xeito gratuíto ao servizo de certificación dixital que a Xunta contratou coa Fábrica Nacional de Moeda e Timbre (FNMT).

O servizo permite a incorporación de certificados dixitais non dispoñibles ata o momento e doutros que xa se estaban a empregar na Xunta e que agora están tamén dispoñibles para o resto das entidades. Así está o certificado que garante que a sinatura do empregado público que a realiza é realmente dun profesional da administración que emite o documento.



O contrato coa FNMT permite o acceso a outros certificados como o de Sede Electrónica que serve para identificar un portal web e establecer comunicacións seguras. O terceiro é o selo electrónico, equivalente ao de papel e que acredita que o documento está a ser asinado polo departamento administrativo correspondente. Por último, o selo de tempo é a outra ferramenta certifica a data na que se asina un documento.

Para desenvolver a iniciativa, a Xunta asinou no 2010 un convenio coa FEGAMP, con vixencia ata decembro do 2013, que tamén recolle puntos como: a potenciación do portal de Internet www.eidolocal.com para convertelo en canle de comunicación permanente coas entidades locais de Galicia; a creación dun catálogo de servizos para facilitar o desenvolvemento da administración electrónica; o acceso á Rede Corporativa da Xunta de Galicia, entre outras.

Servizos públicos: sanidade

O uso das TIC continúa a ser un dos piares nos novos plans da Consellería de Sanidade para desenvolver e mellorar o servizo aos pacientes

- **A mellora continua dos sistemas de información sanitarios e o uso das TIC son puntos fundamentais da Estratexia Sergas 2014, así como no programa Innova -Saúde que vai mellorar os servizos de asistencia domiciliaria**
- **A e-receita, que supón o 93% das mesmas, a telemedicina e a historia clínica electrónica, implantada no 99% dos centros de saúde son piares da atención ao paciente**
- **Todos os centros sanitarios de atención primaria e especializada están conectados a rede do Sergas cubrindo practicamente ao 100% da poboación**
- **Escola Galega de Saúde para cidadáns, un modelo de participación entre profesionais e pacientes, 3.500 persoas nos 80 talleres realizados no 2011**

As TIC nos servizos ao paciente

Logo da implantación completa da historia clínica dixital (IANUS) comezou a implantación da ereceita, un factor clave na mellora da calidade asistencial do paciente ao permitir que non teña que desprazarse continuamente ao centro de saúde para recoller novas receitas dos fármacos prescritos. A finais do 2011, o 93% das receitas en

Galicia xa se emitían no formato electrónico, case 78 puntos máis que no ano 2009, un formato do que se beneficia o 99,7% da poboación. Outros datos destacables da implantación das ferramentas electrónicas son a realización de 2,16 millóns de citas por Internet para centros de saúde e a diminución en 2 millóns do número de visitas ao médico para a solicitude de ereceitas.

Cómpre sinalar ademais, por unha parte a implantación da imaxe dixital, que acada o 95% e permite un aforro de 2,7 millóns de euros anuais respecto da impresión das tradicionais placas radiolóxicas e por outra o impulso da telemedicina que redonda nunha mellora da atención, reduce o número de desprazamentos aos hospitais, axiliza o diagnóstico e diminúe as esperas.

Outra liña de liña de apoio a unha vida saudable son as actividades formativas no 2011 desenvolvidas principalmente a través da Escola de saúde para cidadáns, na que se realizaron 80 talleres, 17 foros e 15 diálogos cos pacientes. Así mesmo a escola conta cun apartado na web do Servizo Galego de Saúde que recibiu 83.000 visitas o ano pasado. Ademais, en decembro do 2011, a consellería puxo en marcha unha aplicación multimedia na súa páxina con xogos educativos para educación infantil e primaria destinados ao fomento da saúde bucodental.

Finalmente, destacar que 15 servizos xa se poden realizar de forma telemática na web do Sergas, como son as citas por Internet, que usaron o 21% dos cidadáns no 2011; a consulta dos historiais clínicos; e a solicitude cambio de médico, entre outros.



As TIC e os profesionais sanitarios

Por outra parte, os profesionais sanitarios, tamén dispoñen doutros 12 servizos en liña, pero o máis destacado no 2011 é a posta en marcha en xullo do expediente electrónico único do profesional, o Expedient-e, que permitirá a todo o persoal do Sergas dispoñer dun currículo electrónico e centralizar e unificar os seus méritos.

O Expedient-e é unha nova forma de xestionar o currículo profesional de forma sinxela e intuitiva, acurtando prazos de xestión á hora de inscribirse en ofertas de emprego público, listaxes de contratación temporal, promoción laboral, ou procesos de mobilidade. Cada profesional ten a posibilidade de consultar os datos que constan no seu expediente electrónico e introducir novos méritos, para unha posterior documentación ou acreditación.

Desde a implantación xa se xestionan 81.750 expedientes o ten importantes beneficios tanto para a Administración como para o persoal do sistema sanitario, ao conseguir unha resolución máis áxil dos procesos que conleven a baremación de méritos, así como a redución das reclamacións grazas á transparencia do sistema e o aforro en papel e outros recursos materiais, estimados en 40.000 euros.

Ademais destacar a Plataforma de Innovación Sanitaria, unha iniciativa do Servizo Galego de Saúde, que ten por obxectivo promover a participación en proxectos de innovación e xestionar os resultados dos mesmos. Foi creada a finais do ano 2010 e xa conta con 23 subproxectos englobados en dous grandes proxectos, o Hospital 2050 e INNOVA-Saúde, unha iniciativa composta de 14 subproxectos de innovación en prestación de servizos asistenciais co obxectivo de transformar o modelo de asistencia sanitaria actual cara a outro centrado no paciente.

Por último, desde a posta en marcha da plataforma recibíronse 35 iniciativas impulsadas por profesionais do Sergas, relacionadas con distintas áreas como a teleasistencia, xestión do coñecemento, residuos sanitarios e sistemas de información.



Servizos públicos: xustiza

O plan Senda 2014 está a mudar a forma de traballo da Administración de xustiza gañando en axilidade, seguridade e accesibilidade

- No 2011 investíronse máis de 5,5 millóns de euros no equipamento, 1.271 ordenadores renovados, 22 sistemas de videoconferencia e 17 pantallas de información de vistas, entre outras
- Lexnet, a aplicación que permite o intercambio seguro de información entre xulgados, procuradores e avogados xestinou no 2011 máis de 1 millón de notificacións por vía telemática
- O sistema de rexistro Inforeg xa se utiliza en todos os rexistros civís e no 99% dos 270 xulgados de paz galegos
- Finalizou a dixitalización dos libros dos 45 rexistros civís, máis de 6.400 tomos, ademais estanse a dixitalizar os libros doutros 28 xulgados de paz
- Galicia, a primeira comunidade en implantar un sistema piloto de envío telemático de exhortos entre os xulgados

O Plan de Sistemas de Tecnoloxías da Información da Administración de Xustiza, Senda 2014, que foi aprobado en xuño do 2010 define as liñas principais de actuación a catro anos, co obxectivo principal de evolucionar cara un modelo integral de sistemas, adaptado ás necesidades da propia comunidade, garantindo a coordinación e a interoperabilidade con todas as institucións da Administración de Xustiza.

No 2011, logo das actuacións básicas para a dotación de liñas de comunicacións e de respaldo axeitadas ás necesidades do sistema, continuaron as actuacións iniciadas no ano 2010 e investíronse preto de 5,5 millóns de euros.

Equipamento, liñas de telecomunicación e sistemas audiovisuais

A dotación de equipamento e medios axeitados aos profesionais da xustiza en Galicia é un dos obxectivos do Senda 2014. No 2011 continuou a renovación do equipamento ofimático cunha antigüidade superior a 5 anos coa instalación de 1.271 ordenadores nas sedes xudiciais, co que o equipamento con antigüidade menor de 5 anos chega ao 85% fronte ao 37% do ano 2009.

Tamén no 2011 houbo unha importante mellora das liñas de telecomunicacións das sedes xudiciais, 35 actuacións que fixeron que a velocidade media se incrementase un 65%. As sedes con liñas de 100 Mb xa supoñen o 27% do total, o dobre do valor no 2009. Ademais dotouse de liñas de respaldo a 53 edificios xudiciais.

Na liña de mellora de servizo e aforro de custos, instaláronse sistemas de telefonía IP en 10 xulgados, co que xa hai en servizo 648 terminais de telefonía IP en 43 sedes e na relación cos usuarios do xustiza, cidadáns e profesionais, instaláronse 17 pantallas de información dos sinalamentos e lugar das vistas que se están a celebrar nos edificios xudiciais das catro provincias.



Outra acción do 2011 foi a instalación dunha rede de videoconferencia nos órganos xudiciais, formada por 22 sistemas de sala aos que hai que engadir as 500 licenzas de sistemas persoal para xuíces, fiscais, secretarios xudiciais e forenses. que darán servizo ao 63% das salas de vistas e ao 100% dos órganos preferentes (salas do penal, menores, violencia de xénero e vixilancia penitenciarias).

Tamén se puxeron a disposición dos fiscais os mecanismos para facilitar o traballo en mobilidade, case medio cento de dispositivos de conexión 3G, que permiten acceder a recursos dispoñibles desde a rede interna da Xunta, unha dotación que permite a redución de custos, evita desprazamentos e redonda nunha axilización dos procesos.

Finamente, instaláronse sistemas de gravación nas salas de vistas, co que as 168 sedes xudiciais teñen sistemas en funcionamento, o 46% instalados con posterioridade ao 2007 e ademais o 11% están integrados co sistema de xestión procesual.

Sistema de xestión procesual


En novembro do 2011 púxose en marcha o Proxecto Kronos que vai permitir a todos os empregados públicos da Administración da xustiza dispoñer nos primeiros meses de 2012 da tarxeta intelixente que os acredite dixitalmente e lles posibilite para asinar electronicamente os documentos.

Por outra parte, continuouse coa implantación das aplicacións, pilar fundamental dos sistemas de información da xustiza, destacando os seguintes apartados:

Lexnet

O sistema de comunicacións electrónicas securizadas Lexnet está orientado a cubrir o servizo de presentación telemática de escritos e notificacións e permite a comunicación bidireccional das oficinas xudiciais cos distintos operadores xurídicos, dun modo semellante ao correo electrónico, pero garantindo a seguridade: autenticación, confidencialidade, integridade, e non repudio.

Ao longo de 2011 completouse a implantación en 45 órganos xudiciais da provincia da Coruña, para chegar ao 92,5% dos órganos da provincia, consolidando o seu uso con case 1,2 millóns de notificacións. Nas provincias de Lugo, Ourense e Pontevedra está a se finalizar a implantación e a formación, para acadar en 2012 o uso total.



Dixitalización do labor forense

A finais de 2011, a Secretaría Xeral de Modernización puxo en marcha un conxunto de medidas para informatizar o labor dos profesionais do Instituto de Medicina Legal de Galicia, como Simelga, un sistema informático de xestión propio para o Instituto adaptado ás necesidades específicas dos profesionais galegos e sistema de envío de recordatorios de citas forenses. Tamén, un maletín con equipamento tecnolóxico para facilitar o traballo en mobilidade dos médicos forenses durante as gardas.



Piloto para envío de exhortos

Galicia vai ser primeira comunidade en contar cun sistema de envío telemático de solicitudes de cooperación xudicial, un proxecto piloto que se está a desenvolver nos xulgados da provincia de Pontevedra como resultado dunha colaboración entre a Xunta e o Consello do Poder Xudicial. En Galicia fanse case 23.000 exhortos anuais. Esta iniciativa vai permitir o envío telemático entre distintos xulgados das solicitudes de cooperación xudicial, eliminando deste xeito o papel e axilizando os trámites que ata o momento se fan por escrito e a través de envíos postais.

Sistema de xestión non procesuais

Inforeg

Os rexistros civís son os órganos responsables de rexistrar e custodiar os datos e feitos referentes ao estado civil das persoas e aínda que o Rexistro Civil é un órgano único no Estado, os rexistros civís municipais vinculados a un xulgado de primeira instancia ou xulgados de paz son os encargados de cubrir certas funcións como a realización dos asentos rexistrais: inscrición e certificación de nacementos, matrimonios, defuncións e tutelas no sistema INFOREG, o novo sistema informático.

En decembro do 2011 rematou a terceira fase de implantación nos 45 rexistros civís municipais e 270 xulgados de paz de Galicia. Ademais dixitalizáronse os libros dos rexistros civís, un proceso que implicou a dixitalización de 6.482 tomos. Por outra parte, no último trimestre de 2011 iniciouse en 28 xulgados de paz, o proceso de dixitalización dos libros posteriores a 1950, dentro do proxecto lus+reD de ámbito estatal.



Formación

Para lograr a adaptación dos usuarios aos novos sistemas de información e a implantación de novos avances tecnolóxicos no ámbito xudicial, o Plan Senda 2014 contempla unha liña específica de formación que no 2011 se concretou en 455 actividades con case 5.000 horas formativas impartidas nas catro provincias galegas, máis do dobre do ano anterior. Polo que se refire aos usuarios, no 2011 asistiron 2764 persoas aos cursos moi por riba das 1.226 do 2010.

No 2011 a formación centrouse en tres liñas: a capacitación técnica e funcional dos diferentes colectivos nas diferentes aplicacións para a xestión procesual Minerva Nox, Fortuny, Lexnet; no sistema de rexistro civil Inforeg e nos sistemas audiovisuais, tanto de gravación de vistas como de videoconferencia; na formación en boas prácticas e na Lei de Protección de Datos no ámbito xudicial; e no servizo de coordinación e soporte aos usuarios.

Servizos públicos: dependencia

A aplicación das TIC no ámbito da dependencia favorece o acceso á información e á racionalización dos recursos públicos

- [A Xunta e os concellos colaboran mediante unha extranet na tramitación dos expedientes de dependencia](#)
- [A nova plataforma tecnolóxica do o65 atende máis do dobre de usuarios que no 2009 e multiplicou tamén o número de servizos](#)

A Consellería de Traballo e Benestar puxo en marcha o módulo de extranet no Sistema de Información Galego de Atención á Dependencia (SIGAD), de xeito que o persoal correspondente de un total de 150 concellos pode coñecer directamente o estado de tramitación dos expedientes de dependencia, por exemplo as solicitudes de valoración e recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións.

A creación deste módulo é un paso fundamental para a mellora da comunicación e coordinación entre a Administración autonómica e local, de xeito que os traballadores sociais poidan informar ao cidadán desde o principio sobre o estado seu expediente e as incidencias que se producen.

Nunha segunda fase, facilitarase aos concellos unha explotación estatística sobre os seus datos así como a xestión do Programa de asignación de recursos para o servizo de axuda no fogar de competencia municipal, unha mellora na utilización dos medios humanos e materiais dispoñibles.

Por outra parte, a Xunta tamén puxo en marcha unha nova organización do servizo 065 para mellorar a prestación do servizo aos seus usuarios, aumentando o número de vehículos e dotando de máis capacidade ao centro de control do 065, un centro para a recepción e respostas ás chamadas de solicitude, integrado agora no 012.

A nova plataforma tecnolóxica atende ademais o dobre de usuarios que no 2009 e tamén, coa nova organización vai-se reducir progresivamente o prazo establecido pola normativa para que os usuarios realicen as súas solicitudes, de xeito que pase das 96 horas como ata o de agora, a metade, para conseguir que a resposta chegue antes das 24 horas.



Servizos públicos: mobilidade e territorio

No 2012, a Xunta vai por en marcha o Instituto de Estudos do Territorio coa vocación de dar un servizo eficaz e áxil a cidadáns, equipos técnicos e concellos

- O Instituto de Estudos do Territorio vai favorecer a utilización de recursos públicos no coñecemento do territorio e a paisaxe
- O Plan de Transporte Metropolitano ten na tarxeta electrónica un dos compoñentes básicos, o que permite os novos sistemas de tarificación, a interconexión de liñas e a redución de custos para o usuario.

TIC e o transporte

A principios do ano 2011 púxose en marcha o Plan de Transporte Metropolitano, no que a Xunta de Galicia e os concellos das diferentes áreas metropolitanas colaboran co obxectivo de mellorar a competitividade, a calidade e a eficiencia do servizo, o que vai supor un aforro económico aos que hai que sumar os ambientais, enerxéticos e de tempo, ademais da comodidade que supón dispor dunha tarxeta única sen contactos para todos os operadores e a realización de transbordos bonificados.

A actual tarxeta de transporte é unha tarxeta moedeiro de tecnoloxía con contactos que vai ser substituída por unha tarxeta intelixente con dobre interface, cunha aplicación de transporte onde o titular almacena un importe, o que a converte nunha tarxeta



**transporte
público
metropolitano**

prepago para a súa utilización como medio de pagamento nas liñas de transporte público integradas na rede de transporte metropolitano.

Entre as vantaxes están o abaratamento do custo das viaxes, a comodidade, a despenalización do transbordo e o seu carácter multimodal. A tarxeta é anónima, non personalizada; transferible; e permítese a multivenda, pagar máis dun viaxeiro cunha soa tarxeta. As operacións que se poden realizar son: consumo: utilización como título de transporte, para realizar o pagamento nas canceladoras dos medios de transporte e carga: nos caixeiros da rede da entidade financeira e nos terminais específicos.

O sistema tarifario do Plan de Transporte Metropolitano da Coruña consta de 6 zonas nas que se enmarcan 10 concellos, o de Ferrol doutras 6 zonas e 10 concellos e o de Santiago, tamén de 6 zonas nas que se enmarcan 11 concellos.

A tarxeta metropolitana de Galicia ten un prezo de 2 euros e pódese utilizar, indistintamente, en calquera das áreas de transporte metropolitano operativas. A finais de ano, había nas mans dos usuarios 75.000 tarxetas.

No 2012 o plan, ademais de estenderse ao resto de zonas metropolitanas, avanzará coa colocación dos Sistemas de Axuda á Explotación (SAE), un sistema que se empregará en toda a flota adscrita a cada concesión, para a localización en tempo real dos vehículos, de xeito que usuario poida coñecer a hora de paso dos autobuses por cada parada e xestionar así mellor o seu tempo.

Finalmente, salientar que o Consello de Goberno aprobou en setembro do 2011 un convenio con outras 12 comunidades autónomas, un proxecto promovido desde Galicia para mellorar a oferta de transporte público grazas a modernización de sistemas tecnolóxicos, de xeito que se compartan as experiencias e traballos na materia, os sistemas de intercambio de datos entre os SAE das diferentes comunidades, etc.




TIC e o coñecemento do territorio

No Diario Oficial do 2 de xaneiro do 2012 publicouse o Decreto 244/2011 polo que se aproban os estatutos do organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio, un organismo para dar unha resposta áxil e eficaz ás necesidades dos cidadáns, equipos técnicos e concellos en relación ao territorio e á paisaxe a través da utilización eficiente dos recursos públicos, un organismo que vai integrar a actual Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe, a Subdirección de Sistemas de Información Territorial de Galicia (é dicir, o SITGA) e a Comisión de Coordinación de Sistemas de Información Xeográfica e Cartográfica.

A creación do Instituto de Estudos do Territorio, da resposta ao mandato legal inserto na Lei de Ordenación do Territorio de Galicia e supón un avance máis na aposta do Goberno galego pola eficiencia, na medida en que se disporá dun único instrumento asesor en materia de urbanismo e de protección da paisaxe. Ademais de supor un importante aforro, xa que diminuirán nun 30% os custos actuais.

Entre as competencias que no campo tecnolóxico vai ter o Instituto, destácanse as seguintes: coordinación e difusión da información xeográfica e cartográfica necesaria para o desenvolvemento dos estudos territoriais e urbanísticos das diferentes consellerías e organismos públicos da comunidade autónoma; a xestión dos sistemas de información corporativos vinculados ao territorio a partir das bases de datos cartográficas e



espaciais existentes na consellería e o resto de organismos da Xunta de Galicia que así o demanden, así como calquera outra información que se poida localizar sobre o territorio e que sexa susceptible de ser incorporada coa súa referencia xeográfica para a xestión da Infraestrutura de Datos Espaciais de Galicia (IDEG).

Por último, a elaboración, mantemento, arquivo de datos e estudos referidos ao territorio e facilitar o acceso público á información para promover o coñecemento do territorio e os seus valores, contribuíndo así á conservación, á protección e ao desenvolvemento sustentable de Galicia.

TIC e o emprego

Outro dos servizos públicos de gran uso das TIC é o portal de emprego da Consellería de Traballo e Benestar que rexistrou 336.000 accesos á oficina virtual durante 2011, realizados por preto de 60.000 persoas, das que máis de 5.000 accederon mediante certificado dixital, ben da FNMT e co propio eDNI.

Entre as accións que desenvolveron os usuarios, destacan as máis de 58.000 renovacións de demanda de emprego, un 135% por riba do número do 2010; preto de 20.000 adscricións a ofertas e máis de 25.000 solicitudes de cursos de formación.

O portal de emprego conta coa oficina de emprego virtual desde decembro de 2009, e os seus servizos electrónicos complétanse cos puntos de información instalados nas distintas comarcas de Galicia. No 2012 poranse en marcha novos servizos, como a reactivación da demanda, tamén con acreditación dixital.



Outros servizos públicos

As TIC, ferramentas fundamentais no apoio as políticas de coidado do medio ambiente e a natureza

- O INEGA puxo a disposición das empresas e fogares un servizo on-line de diagnose enerxética. Tamén, mediante as novas tecnoloxías fixo unha campaña para estimular a participación cidadá en favor dun uso responsable da enerxía
- Medio Rural controla o uso de solos queimados con planimetría GPS, ademais facilita os datos xeorreferenciados dos lumes do 2010 ás administracións competentes na materia

TIC e xestión enerxética das empresas

A Consellería de Economía e Industria, a través do INEGA desenvolveu no 2011 varias accións para sensibilizar á sociedade sobre o uso eficiente da enerxía mediante o uso das novas tecnoloxías, desde un videoxogo interactivo sobre o aforro enerxético, guías prácticas de aforro da enerxía a través da web e unha aplicación de “Diagnose Enerxética On line”, para empresas e cidadanía.

Iniciativas que tiveron un elevado número de visitas, o rexistro de preto de 200 usuarios e o desenvolvemento de 163 auditorías. As auditorías terminadas cuantifican o potencial de aforro enerxético medio das auditorías terminadas case nun 13%, e nalgúns casos de ata o 40%.

A aplicación dentro do eido empresarial galego corrobora o compromiso da Xunta de Galicia coas pemes a prol do aforro enerxético e constitúe unha fonte de datos estatísticos axeitados para analizar a implantación das medidas de aforro e eficiencia e do uso das renovables nos sectores económicos estratéxicos de Galicia.



TIC e control do uso de solos e os lumes

En agosto do 2011 a Consellería do Medio Rural facilitou ás diferentes administracións e organismos con competencias na materia toda a información xeorreferenciada dos lumes forestais de máis de unha hectárea rexistrados en Galicia durante todo o ano 2010 co obxectivo de mellorar na prevención dos incendios forestais e incrementar o rigor no control efectivo das actividades autorizadas e prohibidas nos terreos queimados, xa que o sistema permite que os lumes permanezan visibles malia que se rexenere a cuberta vexetal, ao ter perfectamente delimitada tanto a súa localización exacta coma o seu perímetro, mediante GPS.

Esta información forma parte das ferramentas do Centro de Coordinación Central de defensa contra os incendios forestais, no que tamén se traballa cun sistema de posicionamento por GPS en tempo real dos medios aéreos, motobombas, maquinaria pesada, todoterreos, vixilancias móbiles e postos de mando avanzado. Outra das aplicacións utilizadas é a Xeocode, baseada nun sistema de información xeográfica a medida, que permite a xestión de alarmas, lumes, medios e persoal on li-
ne a nivel de distrito, provincial e central e o envío automático de mensaxes SMS por cada lume rexistrado ás autoridades e persoal técnico correspondente.



TIC e control da calidade das augas

Augas de Galicia promoveu a posta en marcha dunha rede piloto para o control automático de vertidos a través da monitorización da calidade das augas da conca hidrográfica dos ríos Mero e Barcés e do encoro Abegondo- Cecebre, co obxecto de implantar unha rede automática de control da calidade das augas superficiais continentais e control de vertidos (rede CAVE) ao dominio público hidráulico, que reporte información das condicións do medio receptor en tempo real.

Coa mediación en tempo real dos valores de calidade das augas superficiais continentais en zonas estratéxicamente seleccionadas pódense identificar posibles episodios de contaminación no medio e responder de xeito máis áxil ante estes. Este novos puntos de control veñen a complementar aos 39 existentes na Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa.

Administración eficiente

Esta liña da Axenda Dixital recolle aquelas iniciativas e proxectos ligados ao uso eficiente das tecnoloxías da información nos procesos de traballo da Xunta de Galicia, especialmente no referido á incorporación de principios como a mellora das relacións coa sociedade ao favorecer o uso de estándares na creación de arquivos para relacionarse coa administración; a creación de procedementos e pautas para facilitar o acceso dos cidadáns aos datos públicos; e a definición de boas prácticas na contratación dos servizos e bens tecnolóxicos

Por último, o proceso de integración dos centros de proceso de datos das diferentes entidades dependentes da Xunta de Galicia, o Centro de Proceso de Datos Integral (CPDI) da Xunta de Galicia, de modo que redunde nun mellor aproveitamento do espazo, aforro en alugares; un mellor aproveitamento da enerxía; unha mellor xestión dos equipos tanto en hardware como en software e un mellor aproveitamento do persoal dedicado ao mantemento das ditas infraestruturas.

Coas iniciativas postas en marcha no 2011, abóndase no obxectivo plantexado na presentación da Axenda, lograr unha administración que faga máis con menos, realizando procesos de homoxeneización e aplicando criterios de economía de escala que permitan a redución de custos mantendo ou mellorando a prestación dos servizos públicos.

As TIC no centro das relacións entre goberno e sociedade

A Xunta de Galicia traballa cara a un goberno aberto

- **Galicia comeza a participar activamente no Centro Nacional de Referencia para o Fomento do Software Libre (CENATIC)**
- **A Xunta elaborou unha guía para regular o uso dos estándares abertos nos documentos publicados das webs corporativas**
- **A promoción da reutilización da información do sector público (Opendata) vai supor unha oportunidade de negocio para os emprendedores**
- **O Instituto Galego de Estatística (IGE) facilita o acceso automatizado a datos estatísticos mediante o uso de widgets**

Galicia participa na actividade de CENATIC: cumio en Santiago

A Xunta incorporouse en febreiro do 2011 ao Centro Nacional de Referencia para o fomento do Software Libre (CENATIC) para que Galicia teña voz e voto na entidade na que se toman as decisións estratéxicas para o fomento do Software Libre a nivel estatal. Ademais de Galicia no seu padroado están tamén as comunidades autónomas de Andalucía, Aragón, Asturias, Cantabria, Cataluña, Illas Baleares e País Vasco.

CENATIC é unha entidade que ten entre os seus obxectivos principais promover o coñecemento e difusión do software libre na Administración e nos diferentes sectores produtivos. Entre as vantaxes de pertencer ao padroado cómpre sinalar o impulso ao sector empresarial TIC autonómico, que posibilita a difusión



nacional e internacional das propostas das empresas galegas e a participación en actividades de procura de sinerxías e socios con empresas doutras autonomías. Ademais, a entidade facilita asesoramento sobre aspectos xurídicos, tecnolóxicos e metodolóxicos tanto para a liberación do software e coñecemento como para participar en programas de compartición e reutilización do código liberado por outras comunidades.

No mes de setembro do 2011 celebrouse en Santiago unha reunión do padroado da Fundación, na que por parte da Xunta se presentaron os principais proxectos FLOSS galegos e os estudos que sobre a utilización do software libre nas empresas e nas administracións galegas realizou o Observatorio para a Sociedade da Información de Galicia (OSIMGA) e desde CENATIC o Programa de Mellora da Competitividade da Empresa TIC, un instrumento posto a disposición deste tipo de empresas que queira mellorar a súa oferta de produtos e servizos baseados en software libre.

Reutilización da Información do Sector Público

En marzo do 2011, a Xunta de Galicia publicou unha guía sobre as “Políticas de uso de formatos de arquivos asociados aos contidos web” para implantalas progresivamente en cada entidade, pero ademais entre os aspectos regulados polo Decreto 201/2011 destacan a obriga do uso de estándares abertos en todos os portais corporativos e, de forma complementaria, estándares de uso xeneralizado co obxecto de garantir a independencia na escolla de alternativas tecnolóxicas por parte da cidadanía a as administracións públicas. Ademais o Decreto, establece que as distintas entidades da Xunta de Galicia favorecerán progresivamente, a través dun espazo único, mecanismos de procura de documentos e información pública dispoñibles para aproveitar a potencialidade que ofrece a reutilización da información.

Así estase a publicar o primeiro proxecto de Reutilización da Información do Sector Público en Galicia, un portal de datos abertos da Xunta, posto en marcha en marzo do 2012. O portal dispón dunha estrutura sinxela onde o catálogo de datos ocupa un espazo central, xunto coas funcionalidades orientadas á localización dos conxuntos de datos dispoñibles: buscador; filtros (por data de publicación, orde alfabética, temas, contidos e formatos); información sobre a tipoloxía de datos utilizada, etc.

Co obxecto de motivar a reutilización e interactuar coa cidadanía, o portal inclúe un espazo (ideas!) pensado para recoller experiencias que xa se teñan levado adiante a partir da reutilización de datos da administración pública, fomentar a creación de novas aplicacións e dar resposta ás inquedanzas e necesidades dos usuarios.

Entre as principais vantaxes da apertura de datos públicos destacan, tanto as de beneficio social, como habilitar á cidadanía para participar da análise da información pública, o seguimento de logros e a mellora da transparencia e as de beneficio económico, como a optimización dos procesos da Administración e a mellora da súa interoperabilidade, incrementando a eficiencia e moderando os custos, xunto co fomento dun mercado de reutilización entre empresas infomediarias.

Por outra parte, a Secretaría Xeral de Modernización tamén puxo a disposición da cidadanía un Repositorio documental sobre Software Libre co obxectivo de facilitar o acceso a material formativo e de difusión neste ámbito baixo formatos abertos e licenzas libres. O repositorio está concibido como un servizo vivo que irá incorporando os documentos relacionados con FLOSS xerados pola comunidade de axentes do software libre de Galicia o que axudará a comprender os beneficios do seu uso.



Integración de datos públicos

O Instituto Galego de Estatística e Meteogalicia presentaron, varias aplicacións para favorecer a integración de datos públicos nas webs propias doutras entidades, unha forma de facilitar a reutilización dos datos públicos en temas de relevancia social como a información do tempo e os datos estatísticos.

No primeiro caso o IGE, presentou unha ferramenta informática para incorporar a calquera páxina web ou blog a información estatística da comunidade autónoma actualizada en todo momento. No 2011 desenvóléronse tres widgets, pequenas aplicacións que permiten integrar estes datos noutra páxina externa copiando só unhas poucas liñas de código, e que xa usan 20 webs ou blogs.

O primeiro refírese aos principais indicadores económicos de Galicia, o segundo facilita a incrustación de gráficos na web sobre os principais indicadores conxunturais da economía galega, mentres que o terceiro permite facer o mesmo en relación aos datos máis salientables dun concello.

Por outra parte, Meteogalicia principiou desde maio a publicar as súas predicións en formato RSS de xeito que se poidan integrar, tamén, en calquera web.



Guía de boas prácticas na contratación TIC

Xestión eficiente da contratación pública: un modelo de optimización do investimento

- **No 2011 desenvolveuse unha Guía para a contratación de servizos TIC: un modelo de contratación transparente e para optimizar o investimento**

No 2010 a Xunta de Galicia mudou o xeito de realizar as contratacións públicas de produtos e servizos TIC, creando mecanismos para facer unha compra agregada das diferentes consellerías e obter as vantaxes das economías de escala.

No 2011, deuse un paso máis, coa realización dunha “Guía de boas prácticas nos procedementos de contratación das TIC”, unha guía que responde ás problemáticas específicas derivadas do ámbito TIC, pola natureza dos bens ou dos servizos contratados unificando criterios e boas prácticas e ofrecendo tanto aos profesionais como aos non profesionais TIC unha visión clara das cuestións específicas da contratación de tecnoloxía.

A guía, publicada en marzo do 2011, está dirixida ao conxunto de departamentos da Xunta de Galicia e estruturada en tres áreas principais. A primeira, a das Recomendacións que deben observarse no procedemento de contratación, tanto en relación ao correcto establecemento das cláusulas e epígrafes dos pregos administrativos e técnicos como á metodoloxía e criterios de valoración.

A segunda está relacionada cos Contratos de servizos, as cláusulas contractuais que se poden incorporar a través dos pregos para o caso de contratos de servizos, e mellores prácticas a observar en termos de execución de proxectos baixo esta clasificación.

Por ultimo, a terceira é a referida aos Contratos de subministracións, ás cláusulas contractuais que se poden incorporar nos pregos técnicos e administrativos para o caso deste tipo de adquisicións, e as mellores prácticas a observar en termos de execución de proxectos baixo esta clasificación.



O Centro de Proceso de Datos da Xunta de Galicia (CPDI)

As obras do CPDI na Cidade da Cultura están rematadas e pendentes dos procesos finais das instalacións técnicas e do traslado do equipamento


- No 2011 realizouse a obra civil do CPDI na Cidade da Cultura e elaboráronse os protocolos de traslado dos 45 CPD existentes en Santiago
- Desenvolvéronse mecanismos para asegurar a dispoñibilidade da rede ante diferentes tipos de incidencias físicas ou telemáticas

Para o desenvolvemento da Centro de Proceso de Datos Integral da Xunta de Galicia, proxecto presentado no 2010 e que vai supor o traslado a unhas novas instalacións na Cidade da Cultura, realizáronse no 2011 ademais das obras de preparación necesarias, unha serie de tarefas que rematarán co inicio do traslado dos centros de proceso de datos actuais no primeiro semestre do 2012.

Entre as tarefas do 2011, unha das máis importantes foi a recompilación de información de 45 CPDs existentes en Santiago de Compostela no que se fixo un inventario de servidores, software de base, sistemas de almacenamento comunicacións, etc. todas elas enfocadas ao plan de migración, traslado e consolidación no CPDI.

Tamén se definiron e fixeron os plans de seguridade das comunicacións tanto na planta interior como na malla troncal, para por unha banda, garantir a conectividade ante posibles incidencias nas redes de acceso a Cidade de Cultura e establecer redes alternativas de acceso; e por outra, a mellora da rede de xestión para proverse de sistemas e procedementos rápidos contra ameazas telemáticas ou físicas.

Este plan de seguridade tamén se estendeu a monitorización e videovixilancia, tanto no acceso físico ao CPDI como na vixilancia perimetral e a protección activa da infraestrutura que proporciona os servizos telemáticos: un sistema que rexistre quen entra e sae das dependencias, que permita o acceso unicamente ás zonas ás que estea previamente autorizado e que xere automaticamente gravacións cada vez que se produza unha entrada ou saída.



Cidadanía dixital

A estratexia da Xunta de Galicia para conquistar unha cidadanía dixital está baseada en varios fronts, desde a formación dos máis novos nas escolas, cuxo principal proxecto é Abalar ata a formación dos colectivos con riscos de inclusión dixital, cuxo elemento fundamental é a rede de Centros de Modernización e Innovación Tecnolóxica de Galicia (CeMIT), pasando pola promoción do uso das TIC en diferentes colectivos como os maiores, a xuventude, os emigrantes, as persoas con discapacidade, etc.

A rede CeMIT posta en marcha a principios do 2011 é un servizo público para a formación en novas tecnoloxías, e partir das aulas implantadas en 92 concellos está a desenvolver unha ampla oferta de cursos sobre diversos aspectos das TIC, unha oferta que se vai ampliar de modo importante no ano 2012, no que se contempla ademais a formación a través de 13 itinerarios.

Outro proxecto de gran calado, no campo formativo é a aplicación das TIC no campo educativo é Abalar, un proxecto que principiou no 2010 para aplicar as TIC dentro das prácticas educativas, convertendo as aulas tradicionais en aulas dixitais de forma que a práctica diaria faga uso do novo equipamento e dos novos contidos.

No 2011, o proxecto xa está implantado en máis de 1400 aulas, implicando a 31.600 alumnos e tamén se creou unha plataforma de relación entre os membros da comunidade educativa: ANPAS, profesores e centros.

Para complementar as actuacións da Xunta no ámbito educativo en novembro aprobouse o decreto 208/2011 de competencia dixitais co obxectivo fundamental de recoñecer os esforzos realizados para a adquisición de capacidades e aptitudes no ámbito das TIC.

Tamén, durante o 2011, desenvóléronse moitas iniciativas baseadas nas TIC para apoiar as políticas globais da Xunta en varias temáticas, como as políticas de igualdade e contra a violencia de xénero; ou o acceso en igualdade de condicións aos servizos públicos, co sistema de videointerpretación instalado nas oficinas da Xunta e a dotación de equipamento especializado en 160 centros espallados por toda Galicia, mediante o proxecto TIC-TAC.

Por outra parte, deseñouse e púxose en marcha a principios do 2012 unha nova área de voluntariado, o Voluntariado Dixital, que se basea na iniciativa particular dos voluntarios e nas empresas e entidades colaboradoras para ofrecer un servizo á comunidade.

Cómpre, salientar que a Xunta de Galicia adica un importante esforzo a potenciar os mecanismos de promoción e difusión en software libre por todas as vantaxes deste tipo de tecnoloxías para contribuír a reducir a fenda dixital e para achegar as TIC a un menor custo a toda a cidadanía.

Finalmente, é de destacar a promoción do desenvolvemento de contidos, do uso das TIC para a promoción da lingua e especialmente o deseño das bibliotecas do futuro, contidos contemplados no anteproxecto de Lei das Bibliotecas de Galicia, aprobado en novembro do 2011 no Consello da Xunta, e nas que se otorga un maior protagonismo aos diferentes tipos de contidos dixitais e as facilidades de acceso aos mesmos.



A formación tecnolóxica: a Rede CeMIT

A Rede CeMIT, unha ferramenta para a formación en competencias dixitais está presente en 92 concellos e achegou a formación TIC a máis de 10.200 persoas

- **A oferta de formación no 2011, acadou os 2.110 cursos, máis do dobre do previsto, e 18.000 horas formativas.**
- **Para o 2012, vaise triplicar o número de actividade formativas e chegar a 15.000 o número de alumnos, un 50% máis que no 2011**

A Rede CeMIT, púxose en marcha en 2011 para impulsar o uso das TIC na sociedade galega aproveitando parte das infraestruturas existentes dos concellos e da propia Xunta, pero creando un novo modelo colaborativo entre as entidades públicas.

O estrutura da rede CeMIT está enfocado por unha parte á mellora dos coñecementos básicos da sociedade xeral, especialmente da poboación do rural e dos colectivos con maior risco de exclusión dixital e por outra parte, á formación especializada doutros colectivos como empregados públicos e os profesionais TIC e do audiovisual.

Aulas TIC por todo o territorio

O primeiro bloque de formación da rede CeMIT polo seu impacto na sociedade e polo número de cursos realizados é o referido aos cursos desenvolvidos nas 98 aulas establecidas nos 92 concellos que están adheridos ao convenio coa Xunta de Galicia para de xeito coordinado e colaborativo facer a difusión do coñecemento. Ao longo do ano 2011 realizáronse 2.116 cursos superando en máis do dobre a cifra inicialmente prevista, con 18.000 horas de formación, tamén por riba das 10.000 estimadas.

Ademais da posta en marcha global da rede, inauguráronse novas aulas, mellorouse a interconexión das existentes incorporándoas á Rede Corporativa da Xunta, desenvolvéronse novos recursos como a web CeMIT, o repositorio documental e está a se dotar a todos os ordenadores das aulas de sistemas operativos e aplicativos libres.

Como dotación complementaria as aulas CeMIT de oito lugares: Betanzos, Arzúa, Melide, Sarria, Padrón, Redondela, Santiago e Ponte-deume, sitios en vilas de paso do Camiño de Santiago, contan con puntos de información multimedia con acceso a internet.

En decembro do 2011 presentouse o plan de formación do 2012 cuns obxectivos moi ambiciosos dado o avance tan satisfactorio do presente ano, así está previsto un incremento do 50% tanto na impartición de cursos, que acadará os 3.000 e na cifra de usuarios que se espera chegue aos 15.000. O orzamento previsto para o desenvolvemento das actividades do dito plan de formación é de 2,3 millóns de euros.

Por outra parte o plan formativo contempla como novidade a creación de itinerarios formativos adaptados ao nivel de coñecemento e capacidades de cada colectivo, así establécense 13 itinerarios formativos con 60 cursos para as distintas áreas en función de cada grupo e as súas necesidades. Os itinerarios abranguen a alfabetización dixital básica, a formación destinada a empresarios e emprendedores, redes sociais, creación multimedia e web 2.0, administración electrónica, ofimática, ocio en Internet, etc. Toda esta formación estará integramente impartida en software libre.



Outra das novidades do Plan 2012 é o impulso da teleformación coa posta en marcha dun Aula de formación virtual que achegará a alfabetización dixital e a formación multimedia e audiovisual a un maior número de usuarios.

Finalmente, indicar que está a se desenvolver o I Concurso de Curtas realizadas co móbil, dirixido a xoves matriculados en secundaria ou no bacharelato dos centros educativos galegos, un concurso convocado a través de Facebook que ten como finalidade espertar a creatividade audiovisual dos estudantes, fomentar o traballo en equipo e dar a coñecer as actividades programadas nas aulas CeMIT.

Formación do empregado público

No ano 2011 a través da Escola Galega de Administración Pública (EGAP) desenvolvéronse entre os empregados públicos da administración autonómica, da administración local e da administración de xustiza case 4.200 horas de formación relacionadas coas TIC, un 12,46% máis que o ano anterior. O 30% estiveron relacionados coas aplicacións de software libre, un 50% máis que no 2010, o que supón unha clara aposta pola formación do empregado público nunha contorna de traballo de ferramentas libres.

Por outra parte, a EGAP permite desde a súa nova páxina web, posta en marcha recentemente, o acceso ao seu material formativo, entre os que se encontran máis de 11.000 contidos, que inclúen vídeos, imaxes, presentacións de diapositivas e outros materiais xerados a partir das actividades organizadas e a participación dos usuarios cos seus comentarios e opinións en Twitter, Facebook e na canle de YouTube.

Así, a EGAP segue a consolidarse como centro de referencia da formación continua dos empregados das Administracións galegas; como centro oficial de docencia, investigación e divulgación, e contribúe a garantir o principio de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego público mediante a publicación dos temarios das oposicións. Desde o comezo das publicacións, estes temarios acumularon un total de 130.000 descargas e 84.000 usuarios únicos.



Este conxunto de accións forman parte dunha estratexia EGAP 2.0, na que a Escola pretende converterse nun lugar de referencia para o acceso á información de todas as persoas que así o requiran; o fomento das relacións e o intercambio de coñecemento; e na creación dun espazo orientado á difusión do coñecemento dun xeito horizontal (desde todos), simétrico (para todos) e transversal (entre todos).

Por outra parte, no Plan de Formación continua para o 2012 destaca a aposta pola teleformación, con case un 72% dos cursos nesta modalidade, unha cifra que no ano 2008 era do 44%, facilitando así o acceso á formación daqueles empregados públicos que, pola existencia de barreiras xeográficas ou dificultades de conciliación da vida laboral e familiar, non poden optar á modalidade presencial.

Decreto de competencias dixitais

O 30 de novembro do 2011 publicouse no Diario Oficial o decreto 208/2011 que regula o proceso para obter un certificado de competencias dixitais en ofimática, unha certificación, que será emitida pola Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica e que permitirá que á persoa titular poida acreditar, ante calquera instancia pública ou privada, as súas competencias nas materias TIC.

Co decreto, a administración galega establece un mecanismo normalizado de certificación de competencias dixitais, un estándar de referencia á hora de avaliar o nivel de



competencia en ofimática das persoas empregadas e das que aspiran a un posto de traballo, en definitiva un sistema que promove e garante a calidade da formación.

Este sistema vai permitir a simplificación do acceso e promoción á función pública eliminando as probas de coñecementos nesta materia tanto de funcionarios como de opositores, xa que a certificación poderase valorar como mérito ou establecer como requisito de participación nos procesos de provisión de postos de traballo.

Logo da entrada en vigor do decreto, poderán obter a certificación de competencias dixitais e ofimática as persoas que acrediten mediante certificado oficial, ter superado os módulos formativos “Ofimática” ou “Tratamento informático da Información” asociados a títulos de formación profesional. Tamén se lles outorgará unha certificación en competencias dixitais en ofimática de Galicia ás persoas que posúan un certificado de superación das actividades do Plan Formativo Ofimático de Galicia que desenvolve a Escola Galega de Administración Pública (EGAP).



En liña coa estratexia de impulso ao software libre e de fontes abertas, e para reforzar a utilidade e efectividade desta certificación estableceuse como obxectivo que esta non dependa da tecnoloxía ou produto software empregado. Por esta razón para cada un dos cinco cursos contemplados no Plan Formativo Ofimático impártense dúas modalidades, software privativo (Windows e Office) e software libre (Linux e OpenOffice).

Ademais das prazas dos cursos na materia realizables en formato de teleformación destinadas aos empregados públicos da administración autonómica, a EGAP convocou no último trimestre do ano, 1.000 prazas máis para a quenda libre, nas que os alumnos terán que superar un exame das materias que asegure o seu coñecemento.

O obxectivo é que o 100% dos empregados públicos dispoñan da acreditación dixital no ano 2014, unha acreditación que a efectos da Función Pública terá unha duración de cinco anos.

A introdución das TIC na escola

O Proxecto Abalar está a funcionar en case 400 centros de ensino público con 31.600 alumnos aproveitando as vantaxes dos Centros Educativos Dixitais

- Coas instalacións do curso 2011-2012, o Proxecto Abalar xa chega a 1.460 aulas dotadas dos novos equipamentos e novos contidos de ensino, o 76% en centros públicos
- Por outra parte, a mellora das bibliotecas escolares e o Plan LIA (lectura, información e aprendizaxe) teñen como obxectivo o incremento da comprensión lectora do alumnado en formato dixital
- Educación promoveu o espírito emprendedor no alumnado galego mediante o concurso FP Idea 2011, ao que se presentaron 37 proxectos
- A Xunta premiou a colaboración do profesorado na creación de contidos dixitais dentro do proxecto Abalar. Ademais, nos premios Educared, 3 proxectos galegos acadaron premios entre os máis de 4.000 de 29 países

Aulas dixitais

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria integrou no curso 2011-2012 outros 77 centros educativos no marco do proxecto Abalar, 37 por riba dos inicialmente previstos. Un paso máis no proxecto Abalar no que a consellería segue a apoiar o salto tecnolóxico e cualitativo do ensino galego e continúa coa transformación do sistema educativo tradicional nun novo modelo de centros educativos plenamente dixitais e baseados integramente en software libre.

Con esta acción, a finais de 2011 había 370 centros participando no proxecto, 283 públicos e 87 concertados, e continuase a incrementar o número de colexios beneficiados con máis de 31.600 alumnas e alumnos no presente curso escolar.

O proxecto Abalar dota de equipamento e infraestruturas aos centros de educación, e insta á participación do conxunto da poboación galega nas novas tecnoloxías ao tempo que facilita as relacións entre os membros da comunidade escolar, mediante o Espazo Abalar, plataforma web destinada para fomentar a interactividade e o seguimento académico do alumnado aos profesores e titores.

Para o reparto do equipamento no curso 2011-2012 tivéronse en conta distintas variables, priorizando a aqueles centros de educación infantil e primaria que contaban con menor equipamento das características do proxecto: ordenadores portátiles para os alumnos, encerados dixitais, etc.

Así, entrando en máis detalle, os 370 centros mencionados están dotados do equipamento básico: pizarra dixital interactiva, proxector, portátil de profesor, armario de carga e rede sen fíos WIFI, un total de 1.460 aulas dixitais, unhas 775 instaladas durante o ano 2011.

Clasificando as aulas respecto a diferentes tipoloxías, temos que segundo o tipo de centro: 1.143 están en centros públicos, o 78%, e 317 en concertados, o 22% do total. No referido ao nivel de ensino, 525 son aulas de primaria, o 36% e 935 son aulas de secundaria, o 64% restante.

Por outra parte, en canto ao número de alumnos: 31.575 dispoñen de ordenadores ultraportátiles, uns 17.000 instalados durante o ano 2011, sendo 23.923 alumnos de centros públicos, o 76%, e 7.652 de centros concertados, o 24% restante. En canto ao nivel de ensino: 10.772 son alumnos de primaria, o 34% do total e 20.803 de secundaria, o 66% restante.

Adicionalmente, a través dun programa denominado Kits de Aula Dixital, destináronse 626 kits compostos por una pizarra dixital interactiva, un proxector e un portátil de profesor a 547 centros que aínda non estaban integrados no programa Abalar.



Formación

Para a posta en marcha, desenvolvemento e ampliación do plan Abalar está a se facer un importante esforzo en formación, que inclúe un gran número de actividades, entre as que se pode destacar a formación de novos coordinadores Abalar, unha fase de formación técnica nos elementos da aula Abalar e outra de coordinación de grupos, un total de 25 horas para os 136 novos coordinadores.

Tamén se desenvolveu formación básica nas TIC, sobre as ferramentas informáticas, sobre a xeración de contidos e outros para a elaboración de proxectos de formación de centros (PFAC) e grupos de traballo (GT), un total de 302 cursos e 9.500 horas de formación.

Por outra parte, desenvolvéronse actividades enfocadas aos alumnos e familias, 138 cursos no Plan Navega con Rumbo e 220 accións para dar a coñecer o espazoAbalar.



Contidos dixitais

Outro dos compoñentes fundamentais do proxecto Abalar é a disposición de contidos dixitais, por unha banda os que a propia Consellería de Educación pon a disposición da comunidade educativa, dos que a finais do 2011 xa había case 800 contidos, xa clasificados, catalogados e dispoñibles en varios idiomas: galego, castelán, inglés e francés. Por outra banda, a elaboración de contidos por parte da propia comunidade.

Dentro do ámbito educativo, coa intención de ofrecer ao profesorado documentación, titoriais e enderezos de interese respecto á creación de contidos educativos dixitais, á súa difusión e reusabilidade, abriuse un espazo temático “Contidos Dixitais” onde atopar información sobre formatos dixitais, ferramentas de creación, dereitos de autor e dereito de cita, ferramentas de empaquetado e catalogación de obxectos dixitais educativos, normas de accesibilidade e repositorios de recursos.

Ademais, a Consellería de Educación e Ordenación e a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, premiaron un total de 9 proxectos logo dun concurso para recoñecer o traballo desenvolvido na elaboración de novos materiais didácticos. Esta convocatoria, que se realizou por primeira vez no 2011, tivo como obxectivo o desenvolvemento curricular a través da produción e publicación de obxectos de aprendizaxe en soportes tecnolóxicos dixitais en diferentes materias e niveis educativos.

Todos os materiais publicáronse con licenza libre o que permitirá a súa reutilización e aproveitamento non só polos docentes das aulas Abalar senón por calquera persoa interesada nos contidos.

Noutro ámbito, tres proxectos de centros de ensino galego foron galardoados na convocatoria dos premios internacionais Educared, certame no que foron seleccionados entre os 4.000 proxectos participantes de 29 países.



EspazoAbalar

O espazoAbalar é unha moderna plataforma desenvolvida pola Consellería de Educación e a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica con dous obxectivos: achegar a educación aos cidadáns, incrementando a eficacia dos servizos prestados e desenvolver as TIC no ámbito educativo, fomentando a participación e motivación do alumnado e loitando contra o fracaso escolar.

A aplicación web comezou a funcionar a finais do 2010, mais está a se desenvolver dun xeito continuado no tempo coa inclusión de novos servizos para toda a comunidade educativa. Actualmente dispón dun espazo adicado ás familias (espazoFamilias), un espazo para os profesores (espazoProfesores) e outro para os centros educativos (espazoCentros).

Á primeira versión deseñada para as familias fóronse engadindo funcións para permitir aos titores dos alumnos realizar un seguimento máis exhaustivo da vida académica dos seus fillos e comunicarse de xeito sinxelo cos profesores. Así pódese acceder as cualificacións académicas obtidas ou aos servizos complementarios á ensinanza dos nenos: coñecer as faltas de asistencia e as incidencias máis relevantes dos seus fillos, e no seu caso ter a posibilidade de xustificar as faltas, pedir citas, etc.

Ao principio estaba dispoñible para a comunidade dos centros incluídos no proxecto Abalar, pero ao longo do ano foise ampliando a todos os centros que imparten as ensinanzas de educación infantil, primaria, secundaria e bacharelato.

O portal espazoAbalar superou no 2011 as 370.000 visitas, con máis de 300.000 descargas de contidos educativos dixitais de seu repositorio, e máis de 43.000 accesos ao espazo de comunicación centro-profesorado-familias, onde se publicaron as notas duns 30.000 grupos na primeira avaliación do curso 2011-2012 en decembro do 2011.



Aula Virtual Aberta

Outra sección do espazoAbalar que comezou a funcionar no 2011 é o servizo “Aula Virtual Aberta” con todo o material formativo do Proxecto Abalar posto a disposición de todos os usuarios interesados no emprego das novas tecnoloxías fora do ámbito do propio proxecto. Deste xeito, a comunidade educativa pode consultar o material empregado na formación técnica dos coordinadores, información sobre o equipamento facilitado, sobre o software, e as boas prácticas de seguridade en Internet.

Adicionalmente, tamén está a disposición dos usuarios unha variedade de material formativo relacionado coa competencia dixital do profesorado para poñer en práctica tanto na aula como no momento da creación de materiais: como programas de tratamento das imaxes (Gimp) e presentacións multimedia (Impress), ferramentas de son e vídeo, todas elas con software libre.



Bibliotecas escolares

O Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares incorporou no ano pasado, outros 84 novos centros educativos á rede de bibliotecas integradas no plan, un programa que contou con 1,6 millóns de euros para impulsar a adaptación das bibliotecas dos centros públicos non universitarios ás necesidades xeradas pola actual sociedade da información, e que inclúe no curso 2011/2012 un total de 449 centros de distintos niveis do ensino, repartidos por toda a xeografía galega, un 51% do total de titularidade pública.

O informe PISA-ERA 2009 testou a competencia do alumnado de 19 países en tarefas que requiren o acceso, comprensión, valoración e integración de textos dixitais en diferentes contextos. Segundo o informe, España con 475 puntos sitúase por debaixo da media no que respecta ao rendemento na lectura dixital. No que atinxe á lectura impresa, o alumnado galego obtén 5 puntos máis que a media do Estado.

Por iso, as iniciativas galegas de fomento da lectura son moi importantes e están a se converter nun referente a nivel nacional pola súa calidade. Galicia foi a comunidade autónoma con máis bibliotecas premiadas, con 8 centros máis do 30% do total dos galardoados, nos premios do 'Concurso Nacional de Boas Prácticas para a dinamización e innovación das bibliotecas de centros escolares 2010', organizado polo Ministerio de Educación.

Por último, a Consellería de Educación organizou conxuntamente co Ministerio, un congreso en Santiago, un encontro no marco do Plan LÍA 2010/2015 de bibliotecas escolares (Lectura, Información, Aprendizaxe), que agrupa todas as iniciativas da consellería en materia de bibliotecas escolares e fomento da lectura como medio de potenciar o éxito escolar e ao que asistiron máis de 500 expertos da diferentes comunidades autónomas.



Fomento do emprendemento desde a escola

O Plan de Emprendemento no Sistema Educativo de Galicia, Eduemprende, consolídase como marco de coordinación das sinerxías na materia que actúan sobre o sistema educativo. No 2011 presentáronse 37 proxectos a un concurso desenvolvido co obxectivo de que o alumnado, desde as etapas máis temperás, acade unha cultura de creación e valoración da empresa.

Con estes premios recoñécese o traballo do alumnado na elaboración de proxectos empresariais e na posta en marcha de ideas innovadoras, así como o labor de tutorización dos seus profesores no desenvolvemento seus traballos.

As TIC na promoción da lingua

Durante o 2011 a formación e o fomento do uso da nosa lingua estiveron fortemente baseadas no uso da Internet e as redes sociais

- **A SXPL promoveu o uso dos recursos audiovisuais para a aprendizaxe do galego nas escolas infantís e o seu uso entre a mocidade**
- **A formación on-line e o desenvolvemento de recursos e campañas na rede son outro dos elementos para a promoción da lingua na poboación adulta e os empregados públicos**

A formación en lingua galega inaugurou unha nova etapa cos primeiros cursos en liña de linguaxe administrativa e xurídica galegas postos en marcha pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, unha modalidade de teleformación para as linguaxes específicas, da que se convocaron no 2011 un total de 18 cursos de linguaxe administrativa galega de nivel medio e 5 de linguaxe xurídica.

A plataforma virtual dispón dunha sección de recursos na que o alumnado ten á súa disposición diferentes ferramentas lingüísticas: glosarios con termos específicos de linguaxe administrativa e xurídica galegas; materiais básicos de consulta, vocabularios con terminoloxías sectoriais de acceso libre na rede, manuais de estilo e redacción, vídeos relacionados coa materia, etc.

O desenvolvemento dos cursos en liña ten unha duración de 75 horas e as persoas matriculadas unicamente deben dispor dun ordenador con conexión á internet, dun navegador web e dunha conta de correo electrónico. Un total de 584 empregados públicos realizaron en 2011 os cursos en liña.

Por outra parte, o 4 de novembro do 2011 conmemorouse o Día da Ciencia en Galego, unha celebración para poñer en valor o uso do idioma no ámbito científico e contribuír a promover a investigación desenvolvida na lingua propia de Galicia. Co fin de unirse a esta celebración, a Secretaría Xeral de Política Lingüística puxo a disposición da cidadanía, a través do portal web, multitude de recursos que poden resultar de utilidade para avanzar na consolidación do galego na ciencia.

Tamén, Política Lingüística promoveu a realización dunhas curtas de animación infantil: Os sete cabritos, A porta que trota e Fiz, o coleccionista de medos. Estes contos están dirixidos a entreter e a favorecer a aprendizaxe en galego dos máis pequenos e cadanseu ten unha proposta didáctica para traballar, na aula ou en familia, a competencia lingüística dos nenos e nenas.

Por último, a Secretaría Xeral de Modernización continúa a apoiar a tradución de aplicativos libres e de fontes abertas, apostando por unha estratexia sostible de tradución que garanta o seu mantemento no futuro máis alá de cuestións políticas e económicas, no que é a propia comunidade quen lidera os traballos, fornecendo a Xunta os recursos que poidan facilitar a súa labor, como por exemplo, a celebración de xornadas formativas, de discusión terminolóxica, etc.



As TIC e as políticas de inclusión social

No 2011 as TIC tiveron un importante papel na difusión do voluntariado e das políticas de igualdade e de emigración

- **Nace o proxecto de Voluntariado Dixital para canalizar a participación voluntaria en Galicia e loitar contra a fenda dixital**
- **Políticas de igualdade mediante servizos on-line como: asistencia xurídica a vítimas de violencia, formación e teletradución a 50 idiomas**
- **A iniciativa Gente 3.0 de voluntariado social conta con 3.000 persoas colaborando no proxecto**

Programa de Voluntariado Dixital de Galicia

A Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica en colaboración coa Consellería de Traballo e Benestar puxo en marcha o Programa de Voluntariado Dixital para achegar as novas tecnoloxías á unha maior porcentaxe da poboación, favorecendo a inclusión dixital de toda a cidadanía e que se integra no Plan Galego de Acción Voluntaria 2001-2014 da Xunta de Galicia.

A iniciativa suma a solidariedade individual, a responsabilidade social das empresas TIC e o aproveitamento das infraestruturas públicas para incrementar as accións de alfabetización dixital. Por iso contará coa colaboración e compromiso de persoas voluntarias, entidades de acción voluntaria, organismos públicos e privados e empresas que actuarán como mecenas dixitais.

Os voluntarios dixitais son persoas que ademais dos seus propios deberes profesionais e persoais, de modo continuo, desinteresado e responsable, dedican parte do seu tempo a actividades, en favor dos demais, co obxectivo de conseguir a inclusión social da poboación galega mediante o uso das novas tecnoloxías.



Os mecenas dixitais son empresas privadas que colaboran de forma relevante co programa e participan vía convenio de colaboración nas diferentes liñas de actuación: voluntariado corporativo; formación de consumidores/ usuarios; donacións de bens capitais; cesión de uso de espazos TIC; e financiación de eventos específicos.

Os organismos Colaboradores son as institucións públicas e privadas que representan intereses profesionais, científicos e/ou empresariais, e teñen un papel de apoio, soporte e aval ao proxecto de maneira continua e duradeira.

TIC e a muller/igualdade

No 2011 as políticas relacionadas coa promoción da igualdade, a prevención da violencia de xénero e o apoio ás vítimas da mesma tiveron ás TIC como unha ferramenta fundamental no seu desenvolvemento e difusión.

Así a Secretaría Xeral da Igualdade ofreceu un servizo de teletradución a 50 idiomas ás 78 oficinas colaboradoras da rede de Centos de Información da Muller de Galicia. Un servizo para dar apoio a unha parte da poboación que ten dificultades engadidas para acceder aos recursos existentes, principalmente mulleres inmigrantes e que permite ás usuarias comunicarse telefonicamente cunha intérprete.

A finais de ano 2011 púxose en marcha un servizo xurídico online para mulleres e vítimas de violencia de xénero que ofrece información personalizada e gratuíta dun xeito áxil e útil, elementos fundamentais para saír dunha situación de violencia de xénero, fai máis sinxela a derivación posterior cara ao recurso máis axeitado, así como facilita ás mulleres o coñecemento dos seus dereitos.

O servizo ofrece resposta en tempo real a consultas sobre lexislación, violencia de xénero, conciliación, dereito de familia, agresións ou acoso sexual garantindo o anonimato e a confidencialidade. No primeiro trimestre de funcionamento rexistráronse 74 consultas, 58 realizadas por mulleres e 16 por homes e, por temáticas, a información sobre a asistencia xurídica gratuíta é a máis solicitada cun 25,6%, seguida do relacionado coa conciliación familiar e co dereito de familia.

Tamén se fixeron estudos como o realizado a través da Unidade Muller e Ciencia sobre a "Situación das mulleres no sistema de ciencia-tecnoloxía-empresa de Galicia" e a xornada "Construíndo un sector TIC en igualdade" realizada en maio do 2011 co obxectivo de sensibilizar as empresas na promoción da igualdade de oportunidades, impulsar o perfil profesional das mulleres galegas no sector, e para analizar os factores e as barreiras que dificultan a súa presenza nas profesións relacionadas coas TIC.

Finalmente, destacar a posta en marcha dun proxecto transfronteirizo (CEDIM) para a promoción da igualdade, un proxecto que creará unha rede de centros de información ás mulleres e unha plataforma web para promover á incorporación laboral das mulleres a través de mecanismos que faciliten o teletraballo e a optimización das oportunidades existentes no mercado laboral entre Galicia e o norte de Portugal.



TIC e o mundo da emigración

As TIC están tamén a servir como punto de encontro e fonte de información do mundo da diáspora galega, así o portal de Internet www.galiciaaberta.com, dependente da Secretaría Xeral da Emigración, recibiu ao longo do ano 2011 máis de 240.000 visitas, unha cifra semellante á de 2010 pero que sen embargo supón unha mellora de case un 10% no referido a usuarios únicos, é dicir, aquelas e aqueles que non realizan máis ca unha única visita nunha mesma xornada.

En canto á procedencia por países, máis da metade das visitas proceden de España (52'7 %), e logo Arxentina (20'6 %), Uruguai (6'6 %), Venezuela (2'9 %), Brasil (2'7 %) e os Estados Unidos (2 %). Na distribución por cidades de residencia, á cabeza da listaxe está Bos Aires con máis de 32.000 visitas, un 13'2 %.

Tamén e de salientar a presenza nas redes sociais, especialmente os perfís de Facebook e Twitter, que continúan a medrar desde a súa creación a finais do 2010.

TIC e os maiores

Ademais da Rede CeMIT, onde un dos obxectivos é a formación dos maiores, a Xunta en colaboración coa Obra Social La Caixa puxo en marcha o proxecto 'gente3.0 de Voluntariado Senior', un plan para fomentar o envellecemento activo e que logo se estenderá ao resto do Estado.

As aulas de informática levan formando a máis de 13.000 persoas maiores nas novas tecnoloxías e, por iso, o obxectivo é convertelos en transmisores dos seus coñecementos e experiencias, ben a outros usuarios o ben a outros ámbitos sociais.

Un total de 23 centros sociocomunitarios de Galicia van participar no proxecto, dos que vinte xa teñen en marcha as Ciberaulas e outros tres incorporaranse en breve, que contarán cos 3.000 maiores voluntarios inscritos.

Os maiores interesados en formar parte da 'Xeración gente3.0' poden rexistrarse na rede de centros de maiores da Obra Social para recibir unha formación específica antes de participar nos proxectos de voluntariado. Máis adiante, todos os participantes daranse cita nunha plataforma en liña, unha nova rede social que facilitará a súa participación e coordinación.



TIC e a xuventude

Aínda que a xuventude é un dos colectivos máis activos na rede, a Xunta de Galicia está a promover unha serie de actuacións para estender o uso das TIC en todo o colectivo, para estender as mellores prácticas e para coñecer as súas áreas de interese.

Un dos proxectos desenvolvidos desde a Consellería de Traballo e Benestar, responsable da Xuventude e Voluntariado, foi o programa 'Iniciativa Xove' dotado con 695.000 euros que financiou 269 iniciativas promovidas por asociacións e grupos informais de mozos.

Segundo o ámbito do programa, 124 foron proxectos de ámbito autonómico e 145 de ámbito local, presentados por asociacións xuvenís e outras entidades, que se distribúen así: 28 en A Coruña, 25 en Lugo, 31 en Ourense e 61 en Pontevedra.

Este programa foi modificado no 2010 para consolidar a participación libre da mocidade e facelo máis aberto, permitindo que optasen ás subvencións os grupos informais de mozos e mozas. Ademais este ano aumentouse o financiamento nun 55% respecto do 2009.

Por outra parte, a Xunta continúa a apoiar eventos Xuventude.net, que chegou o pasado ano a duodécima edición. Nun fin de semana, xuntáronse no Pazo de Congressos e Exposición de Santiago de Compostela, un total de 1.200 participantes e visitaron o lugar máis de 6.000 persoas para as actividades de formación e lecer.



As TIC a as persoas con discapacidade

A dotación de equipamento adaptado para as persoas con discapacidade é un dos compoñentes básicos do proxecto TICTAC

- Case 200 kits con 556 elementos informáticos foron instalados ao longo do 2011 en 160 aulas para favorecer o acceso a Internet e o uso da informática por parte das persoas con distintos tipos de discapacidade
- A Xunta pon en marcha un servizo de videointerpretación para persoas xordas no rexistro xeral. Galicia é a segunda comunidade en dispor desta facilidade

Proxecto TICTAC: dotación de equipamento específico

A Xunta de Galicia e o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, a través de Red.es, asinaron no 2010 un convenio de colaboración para o desenvolvemento do programa TIC-TAC Galicia, cofinanciado con fondos FEDER. Unha iniciativa que persegue reforzar con novo equipamento os centros públicos para mellorar a accesibilidade á sociedade da información das persoas con discapacidade a través de actividades formativas e do uso da administración electrónica en Galicia.

Cun investimento de 820.000 euros en Galicia, a Xunta a través da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, coordinou a instalación en centros de acceso público a Internet, de ordenadores adaptados para persoas con distintos tipos de discapacidade sensorial, cognitiva ou motora.

Inicialmente seleccionáronse como beneficiarios desta axuda 149 centros, entre os que se inclúen aulas CeMIT, bibliotecas públicas e hospitais entre outros. Nestes espazos instalouse o equipamento, que permite facer uso dun PC ao 60-70% das persoas con algún tipo de discapacidade o que inclúe teclados con teclas de gran tamaño para facilitar a pulsación de persoas con problemas de mobilidade e/ou visión.

Tamén, pantallas táctiles que se activan por contacto coa pel e mediante instrucións acústicas, e brazos articuladores para facilitar a suxección destes dispositivos. Todo combinado cun software específico que permite o manexo do ordenador cun sinxelo movemento do mentón ou a cabeza.

A finais do 2011 estaban instalados 193 kits de discapacidade dentro dun total de 556 elementos informáticos e o número de centros alcanzaba os 160, distribuídos entre as catro provincias da seguinte maneira: 61 na provincia da Coruña, 29 na de Lugo, 28 na de Ourense e 42 na de Pontevedra.



Servizo de videointerpretación


A Xunta, a través da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, puxo en marcha no 2011 un sistema de videointerpretación en lingua de signos para persoas xordas no Rexistro Xeral da Xunta e a través da portal corporativo. Un servizo, que permite acceder á mesma información que se facilita a través do teléfono 012, e que está dispoñible tamén nas delegacións territoriais da Administración autonómica na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo e Ferrol.

Galicia é a segunda comunidade autónoma que ofrece o servizo de videointerpretación en lingua de signos para persoas con algunha discapacidade auditiva, unha iniciativa que está a desenvolver a Xunta grazas a un convenio coa Confederación Estatal de Persoas Sordas (na que está integrada o grupo galego, a FAXPG) a través da plataforma SVisual.

As persoas con algunha discapacidade auditiva teñen a súa disposición un videoteléfono instalado nos rexistros mencionados anteriormente da Xunta de Galicia para poder poñerse en contacto co servizo de videointerpretación da FAXPG desde onde se facilita a interpretación da lingua oral á lingua de signos entre o empregado do rexistro e a persoa xorda.

Ademais, as persoas con discapacidade auditiva poden empregar a videointerpretación través da web da Xunta. Mediante un ordenador con webcam e un teléfono poden contactar co servizo indicando a persoa, entidade ou servizo co que desexa facer a súa consulta. Utilizando unha liña paralela, o videointerprete contactará co destinatario e lle indicará que se vai a establecer a comunicación. A partir dese momento actuará de ponte entre a lingua de signos e a lingua oral, permitindo así a comunicación entre a persoa xorda e a persoa oínte.

O sistema de videointerpretación para as persoas con discapacidade auditiva é unha das achegas da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica ao Plan de Acción Integral para as Persoas con Discapacidade de Galicia 2010-2013, un plan que ten entre os seus obxectivos prioritarios a eliminación de todo tipo de barreiras para converter Galicia nunha sociedade accesible a todos os niveis.



Estudo sobre TIC, integración laboral e persoas con discapacidade

En decembro de 2011, na véspera do Día Internacional das Persoas con Discapacidade, presentouse na Biblioteca de Galicia (Cidade da Cultura de Galicia) o informe final do estudo sobre “O uso das TIC para a integración laboral das persoas con discapacidade”, realizado polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA).

Este traballo de panel contou coa colaboración dos principais colectivos e federacións galegas de persoas con discapacidade e ten por obxectivo contribuír a reducir o desconecemento sobre a existencia de solucións baseadas nas TIC para salvar as barreiras de accesibilidade nas actividades laborais.

A promoción e acceso aos contidos en formatos dixitais

As TIC como soporte e medio para o acceso aos fondos culturais a través da rede: Elaborado un anteproxecto de Lei de Bibliotecas

- A nova lei vai adoptar as previsións básicas para adaptar a xestión das bibliotecas públicas galegas ao contexto dixital
- A adquisición de libros en formatos electrónicos (ebooks) é un novo compoñente na dotación de fondos das bibliotecas públicas
- Galiciana, continúa a dixitalizar o patrimonio bibliográfico galego para integralo a través da rede na biblioteca Europea
- O CGAI abreu o público unha mediateca sobre o audiovisual galego, con máis de 23.000 fichas

Anteproxecto de Lei de Bibliotecas de Galicia

A Xunta de Galicia aprobou en novembro do 2011 o anteproxecto de Lei de Bibliotecas de Galicia, unha nova normativa para modernizar e potenciar o sistema bibliotecario galego, xa que os cambios sociais e a evolución das bibliotecas galegas facían necesaria unha adaptación á nova realidade da actual ordenanza de 1989.

O proxecto incorpora e adapta aspectos tan esenciais como: a transferencia da xestión das bibliotecas públicas do Estado e a súa integración no sistema bibliotecario galego; a creación e o desenvolvemento de novas bibliotecas nos concellos; inclúe a Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia; a creación da Biblioteca de Galicia, co seu papel de institución central do sistema galego de bibliotecas; a necesidade de mellorar os mecanismos de protección e difusión do patrimonio bibliográfico galego e a expansión das novas tecnoloxías de acceso á información e documentación, das que nacen as denominadas bibliotecas dixitais.

A nova de lei de Bibliotecas, logo da rede de bibliotecas públicas espalladas por toda Galicia, considera máis importante mellorar, modernizar e planificar os centros existentes, que a creación duns novos, polo que propón a elaboración do Mapa de Bibliotecas Públicas de Galicia.

Por outra parte, a lei adopta as previsións básicas para adaptar a xestión das bibliotecas públicas galegas ao contexto dixital, xuntando os novos medios de almacenamento co tratamento e transmisión de datos, elementos que ofrecen unha oportunidade única de achegar os fondos e os servizos bibliotecarios a todos os cidadáns, alén de ofrecer catálogos en liña, poder consultar préstamos ou reservar documentos.



TIC e lectura dixital: Galicia eBooks

En maio do 2011 a Consellería de Cultura e Turismo puxo en marcha unha iniciativa pioneira no Estado no seu campo, Galicia eBooks, co obxectivo de introducir esta tecnoloxía nas Bibliotecas Públicas e avaliar a súa aceptación por parte dos usuarios. Na fase inicial, puxéronse a disposición dos lectores, 640 títulos en formato electrónico que poden ser descargados polos usuarios que teñan un e-reader en préstamo.

A colección inicial inclúe obras literarias en español, inglés, francés e alemán, así como o acceso a outros sitios como o Proxecto Gutenberg e BIVIR (Biblioteca Virtual da Asociación de Tradutores Galegos) para a descarga de libros en galego.

Esta iniciativa forma parte dos diferentes proxectos de dixitalización e automatización que leva a cabo a Dirección Xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos, entre os que destaca Galiciana e automatización de las Bibliotecas Públicas.

Neste campo, as bibliotecas nodais de Galicia empezaron a utilizar un novo sistema de préstamo baseado en radiofrecuencia de xeito que, por unha parte, o usuario poida realizalo de maneira autónoma a través de tarxetas que rexistran a información nos sistemas de lectura, e por outra, que a devolución poida facerse en calquera momento do día a pesar de estar pechada a biblioteca, mediante caixas de correo que contan con sistemas de lectura das tarxetas. A primeira biblioteca pública en España que instalou o sistema foi a Biblioteca Pública Anxel Casal de Santiago.

Ademais dos sistemas de radiofrecuencia de autopréstamo e devolución, o sistema de xestión das bibliotecas inclúe programas para o control e inventario de fondos, xeración de etiquetas e a subministración, inicialización e pegado de etiquetas de circulación RFID. Os novos sistemas de radiofrecuencia, tamén serven como mecanismo anti-rroubo e para realizar recontos periódicos.

Finalmente, indicar que os recursos electrónicos en rede, que están desde o ano 2008 dispoñibles e accesibles desde calquera lugar aos usuarios da Rede de Bibliotecas de Galicia, van a ter un impulso importante coa dedicación de 110.000 euros o próximo ano, un 35% mais que no 2011, o que inclúe 40.000 euros para recursos electrónicos en rede, 50.000 euros para compra de e-books e 20.000 euros para a plataforma de xestión.



Transforma TIC

O sector empresarial das tecnoloxías da información e a comunicación é outro dos obxectivos principais da Axenda Dixital xa que dito sector pode actuar como dinamizador dunha importante área de emprego e ao mesmo tempo, como dinamizador do resto de sectores empresariais de Galicia, acompañándoos na selección de novos métodos de traballo, na innovación do seus procesos de traballo e na xestión do coñecemento.

Así, a Xunta de Galicia no 2011 adicou unha parte importante dos seus recursos ao apoio á organización e estruturación deste sector, con formación especializada para os seus traballadores, con formación para incorporar novos traballadores ao sector, co apoio ao ámbito do software libre e a o audiovisual, entre outros. Tamén, foron importantes as liñas de apoio financeiro, a internacionalización e a investigación e desenvolvemento desde as distintas consellerías, competentes en cada ámbito.

O apoio ao sector empresarial das TIC

A Xunta de Galicia adicou máis de 18,4 millóns de euros para o desenvolvemento dun sector empresarial das TIC forte, innovador e xerador de riqueza

- **A Secretaría Xeral de Modernización adicou case 4,3 M€ ao desenvolvemento da empresa dixital e a proxectos tecnolóxicos**
- **O apoio ao sector TIC segue a ser unha das liñas importantes do plan galego de I+D+i (I2C) con máis de 1,7 millóns de euros de novas subvencións**
- **O Fondo Tecnolóxico I2C, un fondo de capital-risco específico para empresas de base tecnolóxica dotados con 20 millóns de euros e o programa Innterconecta empezan a andar no 2011**

Entre as liñas de apoio ao sector empresarial das tecnoloxías da información, desenvolvidas no 2011 hai que destacar os case 4,3 millóns de euros dedicados desde a Secretaría Xeral de Modernización para promover máis de 192 proxectos tecnolóxicos de cooperación empresarial para o fomento da empresa dixital e para o desenvolvemento de novos produtos, o que xera un investimento total de 6,2 millóns.

Por outra parte, a Consellería de Economía e Industria, desde a liña de innovación, desenvolvemento e innovación dedicáronse 6,8 millóns, dos que 1,7 corresponden a 49 novos proxectos cuxas propostas foron aprobados dentro das liñas de subvención do plan I2C no 2011. Tamén, se promoveron desde a mesma entidade, actuacións para promover o espírito emprendedor.

Por outra parte, desde o Instituto Galego de Promoción Empresarial (IGAPE) apoiáronse outros 163 proxectos con 1,6 millóns de euros, destacando as liñas dedicadas a internacionalización do sector con máis de 600.000 euros e ao apoio financeiro, para dinamizar un total de 7,5 millóns.

Finalmente, hai que destacar a posta en marcha dun fondo de capital risco “Fondo Tecnolóxico I2C” cun orzamento de 20 millóns de euros para proxectos empresariais de base tecnolóxica ao abeiro do plan I2C e a convocatoria do programa Innterconecta que mobilizará en Galicia outros 60 millóns en proxectos altamente innovadores.

A formación especializada

A formación dos profesionais e dos emprendedores é necesaria para acadar un sector empresarial con alta capacitación para a situación do mercado actual

- A formación acreditada no CNTG chega ao 85,7% dos cursos no 2011, doce puntos máis que o ano anterior
- O proxecto europeo NACCE vai permitir a formación de 350 emprendedores e empresas no sector TIC da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal

Os profesionais

As actividades formativas vinculadas especialmente aos profesionais TIC desenvólvense principalmente no Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia e teñen unha clara orientación laboral, así preto dun 40 por cento dos alumnos en situación de desemprego conseguiron, grazas á programación ofertada no curso 2010-2011 inserirse no mercado de traballo.

Como características principais dos cursos pódese destacar que mentres que se mantén uniforme nos últimos anos o número de cursos, o número de prazas aumentou no 2011 un 3,2% ata alcanzar as 740. Ademais continúa a tendencia cara a unha formación acreditada, así pasouse de ter no 2009 un 54% dos cursos con exame para a certificación dos coñecementos ao 85,7% no 2011.

Respecto da tipoloxía dos alumnos, no 2011 aumentou a participación de persoas traballadoras das empresas galegas, o 54%, fronte ao número de desempregados e traballadores do sector público.



O programa que se está a impartir este curso 2011/2012 é punteiro a nivel de España, tanto pola diversidade de temas que se están a abordar como pola elevada calidade dos currículos formativos que se incluíron. Entre setembro do 2011 e xullo de 2012 impartíranse en total máis de 80 actividades formativas dirixidas aos profesionais TIC.

Os emprendedores

O proxecto NACCE (Núcleo de Apoio á Competitividade e a Creación de Empresas TIC) dotado con case 1,2 millóns de euros pretende paliar as debilidades do sector TIC na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, tanto en cantidade de empresas, como en competitividade, e en internacionalización. Para acadar este obxectivo estase a formar a uns 350 emprendedores e empresas do sector TIC da eurorrexión, e crear un núcleo de cooperación entre todos os axentes implicados no sector, para estimular a aparición de novas iniciativas empresariais e dinamizar o emprego.

Trátase dun proxecto que se inscribe dentro da segunda convocatoria do Programa de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal 2007-2013, e que se vai desenvolver a través dunha plataforma colaboradora, baseada en tecnoloxías web 2.0, para a creación de empresas TIC.



Entre os seus obxectivos están promover a economía do coñecemento, favorecer a xeración e o trasvase de profesionais cualificados e coñecemento a ambos lados da fronteira, superar a especialización produtiva desta zona nos sectores tradicionais, fomentar a internacionalización, e impulsar a transferencia tecnolóxica entre as universidades e as empresas do sector.

O software libre e de fontes abertas (FLOSS)

O plan de software libre 2011 favoreceu o crecemento do software libre no sector empresarial con metodoloxías, estudos e formación

- **Presentados un catálogo de produtos e servizos baseados en software libre, así como un estudo sobre as aplicacións de comercio electrónico**
- **Publicouse un repositorio con máis de 80 documentos e 100 vídeos en formatos abertos**
- **A Xunta promove a formación FLOSS tanto nas universidades (Master da Universidade de Vigo) como no Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia**

A actuación da Xunta de Galicia en relación co desenvolvemento do software libre e de fontes abertas recóllese no plan de acción anual, no que se definen unha serie de actuacións dirixidas a contribuír á consecución dos obxectivos estratéxicos establecidos na Axenda Dixital.

Estas actuacións no 2011 perseguiron acadar un maior uso do FLOSS nos ámbitos da Administración pública, da cidadanía e da empresa a través da colaboración con diversos axentes galegos así como con CENATIC, nunha estratexia global e integradora xestionada a través da Oficina de Coordinación FLOSS.

Ámbito empresarial

Un dos principais ámbitos de actuación estaba dirixido ás empresas, dada a especial importancia que as tecnoloxías libres lles achegan para mellorar a súa eficiencia e facilitarles a innovación, sendo ademais un motor económico ao reverter o investimento na industria TIC local.

Así, o mundo FLOSS forma parte do Centro Demostrador TIC de Galicia e do Mapa de Capacidades Tecnolóxicas de Galicia, que integrou o “Catálogo de produtos e servizos FLOSS”, que se publicou en marzo de 2011. Outro dos fitos importantes neste eido foi a presentación oficial do Programa de Mellora da Competitividade para empresas TIC en colaboración con CENATIC.

Como parte do servizo integral en solucións libres para a peme, a Xunta de Galicia renovou o Repositorio FLOSS de Galicia que ademais de ser un referente para a comunidade de desenvolvedores FLOSS de Galicia pretende selo tamén para a propia Administración galega, cos publicación dos desenvolvementos internos.

Administración autonómica

Un dos principais fitos do 2011 foi a elaboración e publicación do procedemento estandarizado de liberación de software para a Xunta de Galicia, e a súa aplicación aos primeiros proxectos da Xunta de Galicia que se publicaron no Repositorio FLOSS de Ga-



Este procedemento ten como obxectivo fornecer coñecementos e ferramentas para facilitar a liberación de software por parte de todos os departamentos da Xunta de Galicia, e para a súa elaboración contou con achegas propias e de CENATIC.

[illegible]

Nesta mesma liña, e conforme ao establecido no RD 4/2010, co obxectivo de mellorar a reutilización de software, elaborouse un procedemento e unha ficha de descrición de necesidades software para que nun paso previo á licitación de sistemas de información sexa posible avaliar a existencia ou non de software libre que poida cubrir ditas necesidades.

Deste xeito, e en colaboración co CENATIC, será posible avaliar a nivel autonómico e estatal se, ante unha necesidade TIC por parte de calquera departamento da Xunta de Galicia, preexiste algunha solución FLOSS que poida ser reutilizada total ou parcialmente, evitándose duplicidades na contratación pública, e aumentando a eficiencia do investimento en TIC por parte da Xunta de Galicia.

Finalmente, o plan FLOSS adica un importante esforzo a potenciar os mecanismos de formación e difusión en tecnoloxías libres por todas as vantaxes que teñen para contribuír á redución da fenda dixital e achegar as TIC a un menor custe a toda a cidadanía.

No ámbito profesional e empresarial o Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia impartiu o 33% da súa formación sobre tecnoloxías libres. A mesma liña se está a seguir na formación dixital que se imparte nas 98 aulas de CeMIT, desde as que se traballa para achegar a tecnoloxía a toda a sociedade e que está equipada con sistemas operativos, solucións e ferramentas informáticas baseadas en software libre.

Desde a EGAP está a se adicar, tamén, unha parte da formación do empregado público galego ás tecnoloxías libres cun terzo das horas de formación en TIC, o que supón unha clara aposta por esta contorna formativa, tamén contemplada no decreto de competencias dixitais.

Finalmente, destacar a colaboración coas Oficinas de Software Libre das tres universidades galegas, coas Asociacións Galegas de Usuarios de Software Libre, con AGASOL e o Colexio Profesional de Enxeñaría Informática que permitiron achegar arredor de 550 horas de formación en tecnoloxías libres á cidadanía, aos docentes e ao sector universitario. Ademais doutra serie de actividades de difusión e elaboración de materiais multimedia de divulgación e formativos.



A promoción do audiovisual galego

O audiovisual galego fixo no 2011 unha importante aposta pola internacionalización, coa presenza en varios certames

- **A Xunta de Galicia promoveu o sector audiovisual con 3,6 M€ en axudas e colaborou na internacionalización do sector**
- **Máis de 1.000 persoas participaron en cursos de formación audiovisual e 6.000 alumnos no programa "Audiovisual nas aulas"**

Axudas e Internacionalización

A Axencia Galega de Industrias Culturais adxudicou no 2011 axudas cun importe total de case 3,6 millóns de euros a través das cinco liñas convocadas das que resultaron beneficiarias 80 propostas, entre as que figuran guións, longametraxes e curtametraxes, longas en formato dixital, obras interactivas e desenvolvemento de novos proxectos.

Así mesmo, a través do Consorcio Audiovisual de Galicia, a Xunta promoveu a internacionalización do audiovisual galego. En outubro coa asistencia ao MIPCOM, na cidade francesa de Cannes, á gran cita do sector a nivel internacional da produción e comercialización de todo tipo de formatos, programas e servizos para televisión.

En decembro do 2011, unha delegación de 14 empresas audiovisuais asistiu ao mercado 'Ventana Sur' que se celebrou na cidade de Bos Aires na procura de novas iniciativas de negocio mediante o contacto con produtoras de toda a área latinoamericana, xunto cuns 400 compradores e vendedores de produto audiovisual de todo o mundo.



Formación

As aulas CeMIT de máis de trinta localidades galegas acolleron durante o ano 2011 a máis de mil persoas no marco do programa de Formación Multimedia e Audiovisual, un grupo de cursos que combinaban a modalidade presencial e on-line e nos que os interesados tiveron a oportunidade de coñecer de primeira man todos os segredos relacionados co streaming de audio e vídeo, para desenvolver webs para dispositivos móbiles, ou a crear videoxogos.

Por outra parte, o programa 'Audiovisual nas aulas' do Consorcio Audiovisual de Galicia recibiu o Premio González Sinde da Academia de Cine, un galardón que recoñece o labor das persoas e institucións que empregan o medio cinematográfico para a consecución de labores sociais.

O programa creado co obxectivo de dotar aos alumnos das ferramentas necesarias para dominar a linguaxe audiovisual funciona nos centros educativos da comunidade galega desde o curso 2003-2004 e nas súas seis convocatorias participaron 301 colexios. En total, cerca de 6.000 alumnos fixeron este programa audiovisual estruturado en cinco fases: iniciación ás novas tecnoloxías, á televisión, á animación, ao audiovisual e ao dobraxe e a lingua.

EconomiC-IT

A liña de apoio a implantación das TIC nas empresas dos diferentes sectores produtivos e estratéxicos para Galicia, así como no tecido empresarial formado polas pequenas empresas, claves na oferta de emprego, tivo no 2011 importantes fitos como a posta en marcha do Centro Demostrador das TIC, un lugar punto de encontro entre as capacidades tecnolóxicas do sector TIC e as necesidades do resto das empresas.

Ademais no campo da capacitación e adecuación dos traballadores aos cambios nos modelos produtivos, este ano continuouse cunha aposta pola formación, case 400 cursos e 5,5 millóns de euros dedicados a formar nas novas tecnoloxías empregados das empresas de Galicia.

Por último, destacar a introdución das TIC en mundos tan alleos a tecnoloxía, como o pesqueiro, o gandeiro, o pequeno comercio e o turismo rural. Alleos en xeral por falta de coñecemento e falta de acceso a Internet, cuestións que están a se solventar coa axuda doutras actuacións como a rede CeMIT (formación) e o Plan de Banda Larga (cobertura) de acceso ás novas redes en todo o territorio.

As liñas de apoio

A Xunta de Galicia adicou case 6,4 millóns de euros en apoio a implantación das TIC no ámbito empresarial, destacando a formación dos traballadores

- **A Consellería de Traballo e Benestar aprobou a aportación para a realización de case 400 cursos TIC nos plans sectoriais e intersectoriais dos traballadores das empresas galegas**

Dentro das diferentes liñas de axudas aos diferentes sectores empresariais no 2011 tivo especial relevancia a formación, unha oferta desenvolvida desde a Consellería de Traballo e Benestar, que dentro das súas liñas de actuación contempla os plans de formación, sectoriais e, intersectoriais que desenvolven as asociacións empresariais, sindicais e outras de carácter social.

Os plans aprobados contemplan a formación de 7.880 persoas de diferentes sectores produtivos, case 4.000 cursos que se van a realizar en diferentes lugares e que están enfocados ás necesidades dos traballadores na aplicación e uso das novas tecnoloxías no eido da empresa.

Ademais as liñas de axudas das distintas consellerías contemplan en todos os casos o apoio a proxectos empresariais que integren o uso das TIC na vida diaria das empresas, un xeito de apoiar a innovación, a mellora dos procesos e por tanto, de facelas máis fortes e preparadas para competir no mercado global.

Así, pódense mencionar o apoio aos parques empresariais para mellorar as súas infraestruturas; ao sector artesán, para a edición de catálogos on-line; ao sector turístico, para implementar novas ofertas e produtos; aos taxis, para instalar sistemas de seguranza; aos comerciantes, para a dinamización dos espazos comerciais abertos; ao sector editorial do libro, para a adopción de novos soportes; e para promoción de actuacións e proxectos dinamizadores do mundo rural.



Centro Demostrador das TIC (CDTIC)

En xuño inaugurouse o Centro Demostrador das TIC, punto de encontro entre as empresas tecnolóxicas e as demandas do sector empresarial

- Preto de 20 solucións tecnolóxicas foron presentadas no CDTIC desde a súa posta en marcha en xullo, con máis de 200 asistentes dos diferentes sectores empresariais de Galicia
- O Centro Demostrador inclúe un mapa de capacidades tecnolóxicas de Galicia, mapaTIC.gal, a ferramenta web do escaparate tecnolóxico galego

En xuño, inaugurouse o Centro Demostrador das TIC (CDTIC) e desde a súa posta en marcha un total de 18 empresas TIC galegas presentaron as súas solucións tecnolóxicas no centro e case 220 profesionais participaron nas súas actividades. En total foron 19 as solucións tecnolóxicas presentadas, o que pon de manifesto o esforzo e a potencialidade das empresas TIC galegas, ademais a valoración que fixeron as empresas tras a súa participación foi moi positiva: un 37% das empresas expresaron un grao de satisfacción moi alto e un 47% alto.

En canto ás empresas asistentes, o 11% pertencían ao sector TIC, mais tamén estiveron representados outros como o da administración pública (7%), o sanitario (3%), o audiovisual (4%), o da metalurxia (3%) e o de transporte e loxística (2%), entre outros xa que as actividades tiveron na súa maioría carácter transversal.

O CDTIC está promovido pola Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica e ten como obxectivo facilitar ás empresas do sector TIC os medios para acercar a súa oferta de produtos ás empresas doutros sectores produtivos, constituíndo así un punto de encontro entre a oferta TIC e a demanda tecnolóxica do tecido empresarial galego, un escaparate tecnolóxico de Galicia que é froito do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a entidade pública red.es.

Deste xeito, as empresas TIC poden desenvolver solucións innovadoras adaptadas ás necesidades de mercado de empresas doutras áreas como a automoción, a construción o naval, a enerxía, o téxtil, etc. que coñecerán os produtos TIC máis adecuados para optimizar os seus negocios e terán a oportunidade de trasladarlles demandas concretas ás empresas do ámbito tecnolóxico.

As instalacións do CDTIC están estruturadas en tres salas, a sala de formación deseñada para o desenvolvemento de xornadas e obradoiros de carácter práctico, está dotada co equipamento necesario para a proxección de contidos 3D e o uso das aplicacións e servizos multimedia entre outras funcións.

A sala de demostracións está equipada para realizar presentacións ou simulacións de contornos de traballo con produtos tecnolóxicos así como facilitar o encontro in-situ ou virtual entre empresas provedoras de solucións tecnolóxicas e empresas posibles usuarias de tecnoloxía.

O terceiro espazo é a sala de realidade virtual, que permite a exposición de contidos audiovisuais e interactivos en tres dimensións así como simulacións avanzadas, videoxogos e reprodución virtual de diversos contornos reais e a interacción cos mesmos.



Por último, destacar a presentación en xaneiro do 2012 do mapaTIC, unha plataforma web que servirá de punto de encontro virtual entre as empresas TIC e as empresas doutros sectores que demandan solucións tecnolóxicas, de xeito que se consolide como un directorio completo e categorizado de provedores, produtos e servizos tecnolóxicos galegos. Nos primeiros días, a aplicación xa contaba con 129 empresas inscritas e 263 solucións tecnolóxicas.

A implantación das TIC nos diferentes ámbitos empresariais

A Xunta de Galicia está a apoiar a introdución das TIC en diferentes áreas de xestión para a mellora da produtividade e a eficiencia das empresas

- **A Consellería do Mar impulsou a dixitalización do rexistro de buques do sector pesqueiro e a instalación de terminais nas lonxas para controlar a trazabilidade dos produtos pesqueiros**
- **A Oficina Virtual Agraria é unha ferramenta de simplificación e aforro nas labores de rexistro da actividade dos gandeiros**
- **O Portal do Comerciante é unha importante ferramenta de apoio ao comercio de proximidade. Ademais impulsouse a instalación de puntos de información interactivos nas prazas de abastos de Galicia**

TIC e o mundo do mar

A Consellería do Mar continuou no 2011 co proxecto TICPESC de dotación tecnolóxica das lonxas, a instalación de terminais para obter os documentos relacionados coa actividade diaria da pesca, da acuicultura e da primeira venda pasou de 6 a 31 equipos instalados e o número de documentos elaborados multiplicouse por catro.

Por outra parte, durante o ano 2011 realizouse a dixitalización do rexistro de buques con porto base en Galicia para dotar o sector pesqueiro de información actualizada e histórica completa desde o ano 2004. Unha frota formada por máis de 5.200 buques de pesca e 1.132 de acuicultura, a máis importante de todas as rexións europeas, preto do 40% son barcos españois.

Os interesados en consultar os datos poden facelo a través da páxina web www.pescadegalicia.com que ofrece tamén información da declaración da alternancia de artes para a frota de artes menores ou a identificación dos provedores de peixe que figuran nas notas de venda ou nos documentos previos á primeira venda.

A publicación do rexistro de buques distribúese en tres partes, unha dedicada á frota de pesca por caladoiros, por provincias ou por zonas de produción e á súa vez cada un destes apartados está repartido por tramos de arqueo, de eslora ou de potencia. O segundo bloque analiza a frota de artes menores, que é o segmento máis numeroso en canto a unidades. A última parte dedícase ao conxunto de buques que capturan especies peláxicas con artes de cerco no caladoiro nacional Cantábrico-Noroeste.



TIC e o pequeno comercio

A Consellería de Economía e Industria, está a desenvolver un proxecto piloto que ten por obxectivo contribuír á modernización das prazas de abastos e sumar aos seus usuarios á xente máis nova mediante a instalación de puntos de información interactivos en cinco mercados de abastos da provincia de Pontevedra.

Nos dispositivos pódese consultar a información sobre os produtos que están á venda en cada un dos mercados, suxestións de receitas para elaborar con eles, os servizos existentes na propia praza e a información turística da zona, así como menús saudables elaborados pola Consellería de Sanidade.

Ademais en xullo púxose en marcha o “Portal do Comerciante Galego” (<http://portaldocomerciante.xunta.es>), para impulsar e apoiar ao comercio galego, unha aplicación web pioneira en Galicia destinada a fomentar a competitividade do comercio de proximidade, ao abeiro do Plan Ágora-Agora Recomercia.

O portal pon ao dispor do comerciante diferentes cuestionarios de autoavaliación, de cara a facer unha análise do seu perfil empresarial, identificando os puntos fortes do negocio e aqueles que requiren da implantación de estratexias destinadas á mellora, tanto na creación dun punto de venda como para o desenvolvemento da actividade.

Por tanto, a web que contará con presenza nas redes sociais expónse como un catálogo de servizos interactivos, abertos á participación permanente dos comerciantes e consumidores e está deseñada en seis seccións: emprendedores, comerciantes, asociacións, comercio artesán, comercio e consumo, desde as que se accede á información máis axeitada para cada eido comercial.

Adicionalmente, a Xunta de Galicia está a apoiar a creación dunha plataforma de comercio electrónico (<http://www.comerciogalicia.es>) que está previsto comece a funcionar o próximo 1 de abril. Outro compoñente máis de apoio ao comercio físico, un escaparate onde poñer os produtos á venda as 24 horas do día, xestionado de forma conxunta, ofrecendo a posibilidade de facer compras en multi-tendas tal como no mundo real e que tamén se difundirá a través das redes sociais: Facebook, Twitter e Youtube, para ampliar a súa promoción e coñecemento.



TIC e o mundo do gando

A principios do 2011 empezou a funcionar de xeito xeralizado a Oficina Agraria Virtual (OAV), unha aplicación que supón un importante avance nas relacións entre a Administración e os gandeiros. Un servizo que combinado co Servizo de Atención Telefónica á Cidadanía (012) serve de vehículo no desenvolvemento do sistema de identificación e rexistro dos bovinos, ovinos e cabrúns.

Desde a aplicación pódense xestionar os libros de explotación e axilizar os trámites relacionados cos documentos precisos para o traslado do gando, realizar funcións como as solicitudes de duplicados de marcas auriculares, etc. e no 2012, incorporárase unha lonxa virtual

A Oficina Virtual recibiu no 2011 máis de 560.000 visitas, centradas en tarefas de xestión da actividade cotiá dunha explotación. Delas, destacan as 434.000 altas por nacemento de gando e as 45.000 de duplicados dos crotais. Facendo a comparativa co 2010, só se acadaban nese momento 30.000 rexistros en total, o que unha idea do impacto e mellora que a iniciativa tivo para o sector.

O sector do turismo en Galicia e as novas tecnoloxías

As TIC importante apoio para o impulso do turismo, a central de reservas on-line de Turgalicia e a produción de contidos xeorreferenciados

- A central de reservas on-line de Turgalicia facilita a contratación nos establecementos rurais galegos
- O presidente da Xunta presentou unha colección de 14 xeodestinos para extraer todo o potencial do destino Galicia

Mapa de xeodestinos

O apoio ao turismo de Galicia ten desde novembro unha nova ferramenta de promoción, o mapa de xeodestinos turísticos, que supón un pulo ao turismo experiencial, especializado e de calidade e representa un salto cualitativo e necesario á hora de entender o turismo desde o territorio, Galicia como multideestino.


Segundo se recolle na Lei de Turismo de Galicia, enténdese por xeodestinos turísticos as áreas xeográficas limítrofes que comparten unha homoxeneidade territorial baseada nos seus recursos naturais, patrimoniais e culturais con capacidade para xerar fluxos turísticos e que, xunto a súa poboación, conforman unha identidade diferenciada e singular.

Neste sentido, a elaboración do mapa de xeodestinos turísticos vai permitir contar cun novo instrumento para a planificación e repensar os modelos de traballo nun momento de coxuntura económica menos favorable, respondendo á necesidade de buscar a eficiencia no emprego de fondos públicos.

O mapa procura unha ordenación territorial turística de Galicia en función de submarcas territoriais, onde máis dunha xa ten recoñecemento nacional e mesmo internacional. O impulso desta nova ordenación pretende promocionar a singularidade e diferenza da nosa oferta turística co obxectivo de incitar ao aumento da estancia media dos visitantes, ao comunicar a mensaxe de que Galicia é un multideestino.

Tamén, Turgalicia lanzou un proxecto pioneiro de sendeirismo empregando a tecnoloxía dos teléfonos móbiles intelixentes, tecnoloxía coa que se pon a disposición do público información de alta calidade sobre rutas homologadas como sendeiros de pequeno ou gran percorrido. Galicia conta actualmente cun total de 62 sendeiros homologados que están a disposición dos interesados nesta actividade deportiva e de lecer.

Outra iniciativa para a promoción turística de Galicia é a visita virtual aos principais mosteiros galegos. Trátase de visitas fotográficas en 360 graos que posibilitan desenvolver auténticos recorridos para visualizar e apreciar os recursos e detalles arquitectónicos de 32 mosteiros, nos que o visitante pode internarse nas diferentes estancias como capelas, claustros ou refeitórios, facer xiros, e enfocar detalles de interese.



Central de reservas

Turgalicia, puxo en marcha a mediados do 2010 unha central de reservas on-line, deixando atrás o sistema de reserva telefónico, facilitando así a relación entre os usuarios finais, axencias e os establecementos rurais galegos. A plataforma permite confeccionar paquetes turísticos, realizar vendas cruzadas e funciona como pasarela de pagos.

O incremento do número de idiomas nos que se pode consultar a plataforma, oito en total tamén facilita a realización da reserva sen problemas, este módulo funcional e operativo permite estar conectado directamente con 1.800 operadores turísticos e cuns 18.800 puntos de venda final, dos que o 57% son estranxeiros.

A ferramenta permite obter automaticamente datos estatísticos que axudarán a coñecer a evolución do sector facilitando os traballos de planificación e contraste das políticas de promoción turística. Máis de 340 casas de Turismo Rural xa implantaron o software e están en fase de formación para unha posterior adhesión á central.

Redes sociais

Turgalicia continuou no 2011 coa estratexia global de comunicación a través das redes sociais, primeiro foi Facebook con máis de 10.000 seguidores, logo Twitter e Youtube e por último, cun blog co obxectivo de optimizar a relación cos usuarios da Internet de xeito que poidan obter a mellor comunicación sobre os produtos e os servizos turísticos de Galicia.

O novo servizo está estruturado en oito categorías relacionadas co turismo de Saúde, os espazos naturais, as festas de interese turístico, os museos, as praias, as rutas do viño e o sendeirismo. O blog permite a subscrición vía RSS, inclúe unha nube de tags e recomenda outros sitios web relacionados co turismo galego. Tamén os internautas poden deixar os seus comentarios sobre os artigos e as fotografías e poden demandar información máis concreta sobre todo o publicado.



InfraTeleCom

A liña de infraestruturas de telecomunicacións é básica para a cohesión territorial de Galicia, xa que coa súa actuación vaise permitir que calquera cidadán ou empresa poida acceder aos servizos e fontes de coñecemento da sociedade da información. Deste xeito, tanto as actividades das propias empresas como as iniciativas de relación da administración coa sociedade encontran un soporte para o seu desenvolvemento.

A actuación máis importante desde bloque é por tanto, o Plan de Banda Larga, que comezou a andar no 2010 e que xa ten importantes logros como o avance de máis de 15 puntos na porcentaxe de poboación cuberta con esta tecnoloxía e máis de dous terzos no referido aos centros da administración que non tiñan cobertura no 2009.

Moitos de estes logros están baseados nunha aposta pola eficiencia no uso dos recursos públicos, nos que Retegal xoga un papel fundamental como operador de telecomunicacións, achegando as infraestruturas existentes para o sinal de televisión e despregando novas redes de radioenlaces e de fibra óptica.

Tamén, Retegal vai servir de soporte a nova rede de emerxencias de Galicia, que se vai pór en marcha no 2012 e que vai a dar cobertura a todos os axentes implicados na cobertura de sinistros: bombeiros, protección civil, etc. máis de 5.000 persoas que van ter unha rede con maiores capacidades tecnolóxicas e de cobertura.

Por último, tamén destacar as xestións da administración para renegociar os contratos de prestacións dos servizos de telecomunicacións da Xunta de Galicia, tanto no referido á voz como aos datos e que van permitir importantes aforros para a Administración así como o compromiso de investimentos por parte dos operadores.



O Plan Banda Larga de Galicia 2010-2013

Internet para todos:

O Plan de Banda Larga está a reducir a fenda dixital no rural, no 2011 outros 420.000 galegos dispoñen de acceso a Internet, acadando o 87,3% do total

- O Plan de Banda Larga (PDBL) acadou o acceso a Internet ao 87,3% da poboación, 420.000 galegos máis, un 3,6% por encima do previsto.
- O número de fogares que contrataron o servizo grazas ao PDBL alcanza os 42.750, e case 2.800 nas redes de nova xeración.
- O Plan de Banda Larga incluíu a creación dun rexistro de demandantes, con case 500 solicitudes e a realización de formación aos técnicos municipais no despregue de sistemas de radiocomunicación
- A fenda entre as provincias do eixo atlántico e as de Lugo e Ourense diminuíu desde 20 puntos porcentuais a 5,5 nos dous últimos anos


O Plan de Banda Larga continuou no 2011 co seu despregue, en todas as liñas de actuación: redes fixas, redes sen fíos e de redes de acceso ultrarrápido ou redes de acceso de nova xeración. No referido a provisión de acceso a Internet mediante as redes fixas, no último ano acadouse a cobertura a un total de 57.259 persoas de 247 núcle-

os de poboación, e dicir, o 69% das 83.000 persoas previstas ao final do 2012 e o 62% dos núcleos. Para esta actuación no 2011 investíronse 5,44 millóns de euros dos que 1,47 foron subvencionados pola Xunta.

En canto as redes sen fíos, desde o inicio do Plan de Banda Larga, xa se ten dado cobertura a 332.000 persoas das que case 100.000 corresponden á nova actuación posta en marcha en setembro deste ano. Por último, as redes de nova xeración (NGA) alcanzan a 105 núcleos cunha poboación de 335.000 persoas.

En resumo, o PDBL desde a posta en marcha no 2010, permitiu que a cobertura de acceso a Internet pasase dun 71,8% a un 87,3%, case catro puntos máis do previsto, o que significa que 420.000 galegos poidan acceder a un servizo do que non dispoñían ao inicio do Plan. Este aumento da cobertura, tivo como resultado a xeración de 42.750 novas contratacións nas novas zonas cubertas, das que 17.500 foron no rural e case 2.800 de liñas ultrarrápidas de 100 Mbps.

Por outra parte, salienta o avance noutro dos obxectivos do plan, a redución da fenda entre as provincias de Lugo e Ourense, respecto das do eixo atlántico, Coruña e Pontevedra, que pasou de 20 puntos porcentuais de diferenza no 2009 a 5,5 puntos a finais do 2011.



Coas cinco accións iniciadas e cunha subvención da Xunta de Galicia prevista ao final do plan de máis de 80 millóns de euros, vaise conseguir xerar un investimento total de case 250 millóns entre as aportacións da Administración e dos operadores de telecomunicacións para o despregue de infraestruturas de banda larga, tanto en redes fixas como sen fíos e nas redes de nova xeración.

Como apoio ao Plan de Banda Larga, para coñecer a demanda específica do servizo e priorizar no posible as actuacións, creouse a principios do 2011 un rexistro de demandantes, un rexistro que está habilitado mediante unha aplicación web e tamén polo tradicional telefónico. Desde a súa creación, recibíronse 463 demandas e 4.311 consultas de cobertura de banda larga.



Outro elemento de apoio ao Plan de Banda Larga, foi a posta en marcha a finais de ano dunha liña de axudas ás familias residentes en Galicia con menos recursos, e dicir, cunha renda per capita igual ou inferior a 9.000 euros e que soliciten unha nova alta de acceso. Para poder acceder á subvención, do 40% do custe da tarifa mensual durante un ano e cunha contía máxima de 180€ será condición obrigatoria que no domicilio non houbese contratada ningunha conexión a Internet no momento da solicitude nin polo menos nos tres meses anteriores á publicación da convocatoria de axudas e que a contratación se faga a través dunha das operadoras de telecomunicacións acreditadas previamente pola Xunta de Galicia como entidades colaboradoras.

Outra liña de traballo, foi o desenvolvemento de normativas, xa que durante o 2011 elaborouse o Anteproxecto de Lei de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia, a primeira norma neste ámbito coa que contará a comunidade e que ten como obxectivo axilizar e facilitar o seu despregue en todo o territorio dun xeito homoxéneo, harmónico e respectuoso co ambiente, a paisaxe e o patrimonio cultural, ao tempo que se conformen como un elemento máis de planificación urbanística de modo similar á luz e á auga.

Tamén, para favorecer o coñecemento e resolución das problemáticas asociadas ao despregue das redes de telecomunicación no último trimestre do ano realizouse un plan de formación en diversos puntos de Galicia aos técnicos municipais competentes na materia e coa colaboración do Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación.

Rede de Emerxencias

A Xunta está a crear un rexistro de plans de emerxencia e a finais do 2013 xestionará unha única rede dixital de comunicacións para dar servizo aos colectivos de emerxencia de Galicia

- A rede de emerxencias, que empregará o estándar TETRA, terá unha cobertura do 80% do territorio e do 85% da poboación. O número de usuarios estará desde o principio por riba dos 5.000 entre bombeiros, policía, protección civil, etc.
- O investimento ata o 2013 chegará a 6,5 millóns de euros, dos que a Xunta de Galicia aportará case 2 millóns
- Galicia, a segunda comunidade autónoma cun rexistro de plans de emerxencia accesible polas entidades implicadas nos sinistros

Galicia contará no 2013 cunha rede de emerxencias propia que integrará a todos os colectivos que participan na resolución deste tipo de situacións grazas a un convenio no que por unha banda participa a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza; da Consellería de Medio Rural e da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica; e por outra banda a entidade pública red.es.

A nova rede dixital, que se aprobou a finais de ano, empregará o estándar TETRA, a tecnoloxía recomendada a nivel europeo para este tipo de comunicacións vinculadas á seguridade pública e empregada en centos de redes de máis de 100 países vai facilitar unha intervención efectiva e eficaz dos efectivos implicados e simplificará as tarefas de coordinación entre eles.

A rede ofrecerá unha cobertura mínima para o 80 % do territorio e o 85 % da poboación, de xeito que ademais de incrementar a capacidade de conexión actual en todo o territorio nas accións de prevención e defensa contra os incendios forestais, garantirá un alto grao de cobertura nas principais vías de comunicación, portos, aeroportos e zonas industriais de especial risco. Ademais, existirá unha antena TETRA transportable para un despregamento rápido en caso de emerxencia nunha zona que non dispoña de conexión pola súa orografía ou dano nas propias redes, que imposibilite a súa utilización..



O novo sistema garante a súa dispoñibilidade e a comunicación en situacións extremas ou en casos de saturación das redes móbiles ou fixas. Ademais a tecnoloxía empregada, na que os dispositivos móbiles que se empregan están adaptados para o traballo neste tipo de condicións, vai permitir o acceso instantáneo á rede e a incorporación de diversos servizos como a xeolocalización dos efectivos a través de GPS, o envío de mensaxes curtos a persoas ou grupos, o envío de datos, a consulta de bases de datos, comunicacións encriptadas e a gravación de conversas.

O número inicial de usuarios estimados entre efectivos de Protección Civil, Axencia Galega de Emerxencias (Axega), Policía Autonómica, Servizo 112, Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais (SPDCIF), Grumir, bombeiros e servizos sanitarios do 061 é de 5.000, que se prevé que poida chegar aos 8.000 nun período de 3 a 5 anos, xa que a rede porase a disposición doutros organismos públicos, como deputacións ou concellos, conseguindo deste xeito, unha maior coordinación dos distintos servizos de emerxencias.

O investimento ata 2013 será de 6.525.000 €, dos que máis de 4,5 millóns serán achegados pola entidade pública empresarial red.es, grazas á contribución do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), e case 2 millóns pola Xunta de Galicia, segundo se recolle no convenio asinado.

Canle de televisión de Emerxencias 112

Por outra parte, e dentro dos compromisos do Plan de Banda Larga o Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a empresa de telecomunicacións R, asinaron un convenio de colaboración polo que se projecta o desenvolvemento dunha canle de televisión de emerxencias 112. Así, para os casos de extraordinaria importancia, os avisos chegarán a todos os televisores conectados aos servizos do operador e os cidadáns recibirán unha mensaxe na súa pantalla sexa cal for a canle que estean vendo.

A canle vai utilizar unha aplicación interactiva na que será posible enviar á poboación información de situacións de emerxencias, e avisos relativos, entre outros, a fenómenos meteorolóxicos, activación de plans de emerxencia de protección civil, información de tráfico e estradas cortadas ou suspensión de clases nos colexios. A maiores, os usuarios tamén poderán acceder a máis información segundo as súas preferencias e elixir aqueles datos que lles interesan, como os relativos ás incidencias rexistradas nun determinado ámbito xeográfico, sexa un concello ou unha provincia



Rexistro de Emerxencias

No marco da Comisión Galega de Protección Civil aprobouse a creación dun rexistro galego de plans de emerxencia, que desenvolve o Decreto 171/2010, para facilitar a intervención de todos os axentes que participan nos accidentes e para que teñan acceso á información actualizada sobre os plans de autoprotección, o que permitirá optimizar a súa actuación en caso de sinistro.

Galicia é a segunda comunidade do Estado en contar cun rexistro deste tipo, no que será obrigatoria a inscrición para todas as actividades, centros e instalacións que se determinan no catálogo de actividades recollido no decreto mencionado, aínda que o resto de centros e instalacións tamén poderán inscribirse de xeito voluntario.

A través do rexistro, garantirase que a información dos plans estea actualizada, xa que terá un sistema de control da operatividade dos plans e recollerá si se fai formación, exercicios ou simulacros. Ademais, coa posta en marcha da iniciativa axilizarase a tramitación administrativa, xa que para conceder unha licenza de actividade é un requisito que os plans de protección estean rexistrados na Consellería de Presidencia.

O rexistro tamén permitirá reducir o uso do papel e evitar copias de documentos aos organismos que deben coñecer estes plans, xa que grazas ao rexistro calquera concello poderá comprobar de xeito telemático se a instalación conta cun plan e acceder ao seu contido.

Retegal: operador público

Retegal, o operador público de telecomunicacións, fundamental no despregue das redes de telecomunicacións en todo o territorio

- Retegal xa ten instalado case 1.900 km de redes de fibra óptica e construídas 58 torres de comunicación na súa colaboración para estender o Plan de Banda Larga
- A participación de Retegal vai permitir un aforro de 37 millóns en 10 anos respecto do uso das redes comerciais no despregue da rede de emerxencias
- A instalación de novos multiplex de TDT veu permitir a chegada de novas canles dixitais, ampliar a cobertura existente e a contribuír á liberación do chamado dividendo dixital

O operador público Retegal construíu nos últimos dous anos 58 torres de comunicacións e realizou actuacións en 115 centros da súa rede, o cal supuxo un investimento superior aos 16 millóns de euros neste período, actuacións enmarcadas dentro do Plan de Banda Larga da Xunta, que establece a potenciación do operador público para dotalo de máis medios e capacidades, un factor fundamental para optimizar e acelerar a extensión de Internet.

A principal liña de investimento no reforzo das infraestruturas de Retegal é a ampliación da rede de fibra óptica existente, no 2011 instaláronse 104 quilómetros de fibra óptica que se sumaron aos 1.055 xa existentes para conformar unha rede de case 1.900 quilómetros sobre á que se implementarán tecnoloxías de última xeración para permitir a transmisión de datos a unha velocidade de 10 xigabits.

Ademais Retegal conta cun centro de xestión e atención de rede (CEXAR) operativo as 24 horas do día, os 365 días do ano, no que se monitorizan todos os servizos prestados ás administracións públicas da Xunta de Galicia e ao resto dos seus clientes.



Por outra parte, tal como se ten comentado no parágrafo anterior, a Xunta vai crear unha nova rede de emerxencias para a que se despregaran infraestruturas de telecomunicacións que aproveitarán as ubicacións e equipos xa implantados no marco do Plan de Banda Larga e as redes preexistentes de Retegal, o que vai permitir un aforro de 37 millóns de euros en 10 anos, período de amortización dos novos investimentos, respecto ao uso de redes comerciais.

Esta medida encaixa dentro do proceso de mellora das infraestruturas de telecomunicacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, para conseguir unha comunidade conectada que poida acceder aos novos servizos da sociedade da información ao tempo que se fai un uso eficiente dos recursos públicos mediante a utilización e potenciación do operador público, Retegal.

Finalmente, indicar que na nova web da entidade pódese atopar a ubicación dos 193 centros de telecomunicacións que xestiona Retegal, xunto cunha pequena galería fotográfica destes centros. A finais do 2013 a previsión achégase aos 310 emprazamentos xestionados.

Rede Corporativa da Xunta de Galicia

A rede corporativa da Xunta de Galicia, unha rede en continua expansión e con maiores prestacións en todos os puntos

- O PDBL facilitou que outros 159 centros educativos e 17 xulgados xa se poidan conectar á rede con velocidades de 100 Mbps
- A revisión dos contratos de prestación de servizos de telecomunicación vai permitir mellores prestacións, novas conexións e máis velocidade sen aumentar os custos

A mellora continua da rede corporativa é outra das iniciativas que proporciona importantes incrementos das prestacións, tanto no referido ao número de puntos administrativos conectados a mesma, no 2011 un 95,5% como no incremento da velocidade media de acceso que foi outro 50,71% máis que no ano 2010.


Ademais para o desenvolvemento de servizos públicos como a sanidade e a educación que son os que teñen maior número de centros distribuídos polo territorio, tamén se melloraron as porcentaxes de conectividade. Así no referido aos centros de atención primaria xa se chega ao 95%, que supón 2,6 puntos máis que no 2010 e no referido ás farmacias, chegouse ao 97%, ambos son fundamentais na implantación da historia clínica electrónica e na ereceita.

En canto a os centros educativos, 159 dispoñen desde o 2011 dunha velocidade de conexión á internet de 100 Megabits por segundo, grazas ás melloras realizadas na conectividade para impulsar progresivamente a mellora da calidade da educación e a ampliación do Plan Abalar.

A finais do 2011 entrou en funcionamento un sistema de control de acceso á Rede Corporativa da Xunta (ou Network Access Control: NAC) que permite verificar e validar con maiores garantías as conexións de posibles usuarios e equipos á rede de comunicacións. Inicialmente alcanzará a 1.500 usuarios localizados no centro de San Caetano de Santiago.

A solución NAC ten dous obxectivos principais. Por unha banda, controlar o acceso de dispositivos á rede, xa que a solución é capaz de identificar non só ao dispositivo que se conecta, senón tamén ao usuario que solicita o acceso á rede, establecendo diferentes niveis de entrada á mesma segundo estas credenciais e evitando que dispositivos descoñecidos obteñan acceso.

REDE CORPORATIVA DA XUNTA DE GALICIA



Por outra banda, o sistema NAC verifica o cumprimento da política de seguridade por parte de dispositivos alleos á Rede, xa que é capaz de comprobar o estado de múltiples parámetros de seguridade do dispositivo que solicita o acceso, como son o estado do antivirus, o nivel de actualización do sistema operativo, ou a presenza de ficheiros, entre outros, comparándoa coa política de seguridade establecida e concedendo o nivel de acceso axeitado segundo o nivel de cumprimento de dita política.

Cómpre recordar que a rede corporativa é unha infraestrutura moi complexa integrada por 4.500 equipos de comunicacións, máis de 60.000 dispositivos informáticos e 21.000 liñas telefónicas.

Renegociación con provedores de servizos de telecomunicacións

As novas necesidades creadas pola creación do Centro de Proceso de Datos Integral (CPDI) na Cidade da Cultura de Galicia e as comunicacións cos CPD existentes en distintos de Santiago de Compostela levaron á Xunta de Galicia a renegociar os contratos dos servizos de telecomunicacións que están a prestar os operadores R e Telefónica á Administración autonómica.

Así, os novos contratos con ambos os dous operadores, por un período de tres anos, teñen o mesmo orzamento que o contrato anterior, 34 millóns de euros, pero incorporan uns investimentos de case 4 millóns de euros para mellorar a dispoñibilidade e seguridade da rede de telecomunicacións que dá servizo aos 3.000 centros da Administración pública.

Entre as medidas que se desenvolverán sen custo engadido para a Administración autonómica, está a creación dun dobre anel de fibra óptica entre o Centro de Proceso de Datos Integral (CPDI), que se está a construír na Cidade da Cultura, e os CPD de San Caetano e Conxo, que actuarán de centros de apoio do CPDI.

Ademais vanse realizar melloras importantes como: a creación de liñas de apoio de datos en 21 xulgados e en 50 centros no Proxecto Abalar; a integración na rede corporativa de 125 centros educativos públicos así como 15 xulgados que non estaban anteriormente; a ampliación do largo de banda de todas as liñas de cable, que pasarán de 12Mbps de baixada a 15Mbps; e a conexión de todos os xulgados á rede corporativa de telefonía.

Para realizar estas actuacións os operadores realizarán uns investimentos de máis de 3,5 millóns de euros no caso de R Cable, e máis de 900.000 euros no caso de Telefónica, cifras que supoñen unha porcentaxe do 18% do que está a facturar actualmente R á Administración autonómica e do 21% no caso de Telefónica.



Televisión dixital terrestre (TDT) e novas emisoras FM

Continúa o despregue da Televisión Dixital Terrestre (TDT): máis cobertura, máis canles e menos ocupación do espectro

- **Co Plan de transición da TDT iniciaron a emisión 67 novos multiplex para homoxeneizar a cobertura**
- **Convocouse un concurso para outorgar 84 novas licenzas de FM e chegar mellor ao ámbito non urbano, as emisoras instalaranse en 40 concellos**

En setembro e dentro do Plan de transición da TDT iniciaron a emisión novos múltiplex en 67 centros para homoxeneizar as coberturas en todo o territorio. Os veciños destas zonas que ata o de agora non vían correctamente o seu sinal de televisión tiveron que comprobar a orientación das súas antenas cara ao novo centro emisor, e resintonizar os seus equipos receptores.

Estas medidas forman parte do plan de transición da TDT cara a liberación das frecuencias radioeléctricas que constitúen o chamado dividendo dixital, para que poidan ser utilizadas polos operadores de telecomunicacións e prestar servizos avanzados de comunicacións electrónicas

Por outra parte, o pasado 7 de abril do 2011 a Xunta de Galicia convocou un concurso público para o outorgamento de 84 licenzas para a prestación de servizos de comunicación radiofónica de carácter comercial en ondas métricas con modulación de frecuencia. Un total de 40 concellos de todas as comarcas de Galicia se beneficiarán deste concurso.

O concurso permitirá ampliar a oferta radiofónica dispoñible en Galicia, favorecendo o pluralismo informativo coa entrada de novos operadores no mercado, ademais axudará a que moitos cidadáns que non tiñan acceso ás actuais cadeas de radiodifusión poidan ampliar o dial e tamén vai a fomentar a difusión do idioma e a cultura galega nas ondas radiofónicas.



Medidas instrumentais

Por último, a liña de medidas instrumentais recolle aquelas actuacións de carácter global que serven de motor e soporte das demais liñas da Axenda Dixital 2014.gal, dando impulso e coherencia ás iniciativas, mantendo o espírito da estratexia ao longo do tempo e xestionando os mecanismos para o control do desenvolvemento e impacto dos proxectos.

Co inicio da lexislatura, xa houbo un cambio importante na xestión dos recursos tecnolóxicos da Xunta coa creación da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, pero este ano 2011, deuse outro paso máis coa transformación en Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), un novo formato que comezou a funcionar no mes de marzo deste ano, 2012.

A AMTEGA vai integrar nun único departamento a todos os tecnólogos da Xunta de Galicia o que suporá un importante aforro económico, estimado en 20 millóns de euros e nunha mellor xestión dos recursos públicos, menor gasto na coordinación dos proxectos, menor necesidade de espazo e simplificación administrativa, ao ter menos niveis xerárquicos.



Por outra parte, o Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), órgano dependente da Secretaría Xeral, levou a cabo unha ampla actividade prospectiva, elaborando informes de situación, de evolución e distintas análises comparativas que se recollen de modo xeral no Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia incluído no Plan Galego de Estatística da Comunidade Autónoma.

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

A creación da Axencia de Modernización Tecnolóxica (AMTEGA) vai mellorar a organización, avanzando no modelo de simplificación organizativa o que vai supor unha xestión máis eficaz dos servizos públicos e importantes aforros

- **A AMTEGA dotará á Xunta dunha maior eficacia na prestación dos servizos públicos, e diminuírá os custos, estimados en 20 M€**
- **No 2012, integrará o persoal da maioría das consellerías e a partir do 2013 rematará o proceso, co resto dos profesionais TIC da Administración galega**

O Consello de Goberno da Xunta de Galicia aprobou en decembro o Decreto 252/2011 de creación da Axencia para a Modernización Tecnolóxica (AMTEGA) que vai integrar aos recursos humanos e orzamentarios da área TIC de todas as consellerías. Consolídase así un modelo de xestión única da política tecnolóxica na Administración autonómica galega.

A finais de 2012, a Axencia terá xa integradas seis consellerías, o que suporá preto do 68% do orzamento tecnolóxico da Xunta e máis do 50% do persoal TIC, a incorporación das áreas sanitarias e económica completárase a partir de 2013 integrando en total a 558 tecnólogos de toda Administración que traballarán nun proxecto tecnolóxico único para xestionar o 100% do orzamento global tecnolóxico da Administración galega.

Coa creación da AMTEGA e a posta en marcha do Centro de Proceso de Datos Integral Galicia dase un paso histórico en materia tecnolóxica apostando por un modelo de xestión integral das TIC que non existe noutras comunidades. Ademais, ambas iniciativas posibilitarán a redución de arredor do 30% do custo tecnolóxico da Administración autonómica.

A estrutura organizativa da área tecnolóxica da Administración autonómica quedará notablemente reorganizada e simplificada, suprimindo polo menos 15 departamentos administrativos cuxas competencias se atopan replicadas dentro da Xunta. Suporá ademais unha reestruturación organizativa e unha consolidación das infraestruturas que xerará un aforro de espazo que poderá acadar ata un 40% no 2014, así como de custos do 20%, é dicir, 20 millóns de euros anuais. Ademais, a Axencia posibilitará a redución de entre o 25% e o 30% os custos de adquisición de sistemas e infraestruturas tecnolóxicas en tres anos e dun 50% dos custos na coordinación de proxectos no 2014.

O proceso de consolidación dos servizos tecnolóxicos levarase a cabo de xeito gradual en tres fases. A primeira comeza coa constitución da Axencia incorporando os medios persoais, materiais e competencias que actualmente corresponden á Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica xunto co persoal e os recursos TIC da Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza. Esta primeira fase completárase no primeiro trimestre do ano 2012 e contará co orzamento da Secretaría Xeral e integrará a 74 profesionais TIC da propia SXMIT e de Presidencia.

A Axencia entra en funcionamento establecendo 17 actuacións estratéxicas para o 2012 agrupadas en tres áreas, en liña co establecido na Axenda Dixital de Galicia: impulsar a vertebración territorial e a cohesión social coa extensión de infraestruturas de telecomunicación; acadar unha administración eficiente coa integración das TIC en todos os eidos administrativos; e contribuír a dinamización económica co sector TIC como elemento tractor.

O proceso de consolidación dos servizos tecnolóxicos levarase a cabo de xeito gradual en tres fases. A primeira, foi a constitución da Axencia, incorporando os medios persoais, materiais e competencias que correspondían á Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica xunto co persoal e os recursos TIC da Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza e das secretarías xerais da Presidencia da Xunta de Galicia. É dicir, 91 profesionais, o 16,3 % do persoal da área tecnolóxica.

Na segunda fase integráranse os departamentos TIC das outras cinco consellerías: Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas; Economía e Industria; Cultura, Educación e Ordenación Universitaria; Traballo e Benestar e Medio Rural e do Mar. Este proceso rematará en decembro de 2012 con 299 profesionais (o 53,5 % do persoal TIC) integrados na Axencia. A terceira e última fase será a integración do persoal e os orzamentos do resto das consellerías, organismos e departamentos TIC nun prazo máximo de catro anos.

A estrutura funcional da AMTEGA está composta de catro áreas encargadas da planificación, dirección e execución das competencias tecnolóxicas na Xunta baixo un esquema de goberno composto de presidencia, consello reitor e dirección.

A sesión de constitución da Axencia de Modernización celebrouse o día 9 de marzo do 2012 coa asistencia do Presidente da Xunta de Galicia.



Observatorio da Sociedade da Información de Galicia e a Modernización de Galicia (OSIMGA)

- O OSIMGA realizou máis 3.400 enquisas para obter o cadro de indicadores da sociedade da información de Galicia

A fin de contribuír á definición estratéxica das políticas públicas na materia, durante o ano 2011, o Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), órgano adscrito á Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica da Xunta de Galicia, levou a cabo unha ampla actividade prospectiva, elaborando informes de situación, de evolución e distintas análises comparativas e aliñacións de datos con outros marcos xeográficos.

Así, o OSIMGA publicou os resultados das enquisas sobre a Sociedade da Información en Galicia relativas á evolución do equipamento e uso das TIC nos seguintes ámbitos de observación: Empresas de Galicia con 10 e máis empregados, Empresas galegas de menos de 10 empregados e Empresas TIC de Galicia. Estes traballos inclúen os indicadores sobre o software libre nun módulo complementario ás enquisas sobre a Sociedade da Información en Galicia no ámbito empresarial e tamén os indicadores de acceso a Internet, que contribúen a realizar a avaliación do Plan de Banda Larga.

Ao longo do ano o OSIMGA, tamén, fixo públicos os resultados das Enquisas sobre a administración electrónica nos concellos de Galicia correspondentes ao ano 2010, así como os últimos datos e informes relativos á mesma materia no ámbito da administración autonómica.

En decembro de 2011 o OSIMGA presentou na Biblioteca de Galicia o informe final do estudo sobre “O uso das TIC para a integración laboral das persoas con discapacidade”, un traballo de panel que contou coa colaboración da Consellería de Traballo e Benestar e dos principais colectivos e federacións galegas de persoas con discapacidade.

Ademais, o Observatorio publicou unha edición actualizada do Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia que forma parte do III Plan Galego de Estatística 2007-2011.

Finalmente, indicar que se acometeron unha serie de melloras estruturais na súa sede web co obxectivo de optimizar a navegabilidade e accesibilidade aos contidos, ofrecendo ademais unha imaxe renovada. No eido da xestión dos contidos, incorporouse o sistema Vixía, desenvolvido pola Unidade Vixilancia e Transferencia Tecnolóxica do CIS Galicia, así como revisáronse os procedementos de resposta ás consultas recibidas co fin de mellorar a calidade dos servizos de información prestados ao público.



2014.gal Axenda Dixital de Galicia

Ano 2011 indicadores e orzamentos

Orzamentos

Dentro do modelo de transparencia cara á sociedade que ten asumido o Goberno da Xunta de Galicia, ademais do reflexo das principais iniciativas e actuacións desenvolvidas ao longo do ano 2011 expresado nos capítulos anteriores mediante a descrición das mesmas e dos valores acadados, outro dos ámbitos de avaliación da Axenda Dixital é o seguimento orzamentario.

- **A Xunta de Galicia leva investidos case 331 millóns de euros nas diferentes áreas relacionadas co ámbito tecnolóxico.**

Orzamentos 2010-11	Valor	Diferenza
Previsto	360.265.677 €	
Executado	330.891.817 €	-8,2%

Cadro 1: Execución orzamentaria no 2010-2011

Así no período 2010-2011, a Xunta de Galicia a pesar dos importantes recortes en diferentes liñas dos orzamentos xerais da Comunidade por causa da crise, adicou case 331 millóns de euros ao desenvolvemento dunha administración intelixente e eficiente e a promoción dunha sociedade dixital, por un lado coa dotación das infraestruturas básicas de telecomunicacións e por outra co apoio a formación e ao desenvolvemento de servizos e proxectos dixitais.

Por tanto, a aposta da Xunta de Galicia continúa a ser firme, só un 8,2% menos do previsto, con ánimo de continuidade, con enfoques ás liñas onde se poidan xerar maiores aforros, e ao tempo permitan avanzar nun acceso máis igualitario de toda a sociedade, cidadanía e empresas ás vantaxes da sociedade da información.

- **Unha das liñas de maior investimento segue a ser a das infraestruturas de telecomunicacións, na que destaca o Plan Banda Larga**
- **Importante apoio á promoción dunha sociedade dixital, cidadanía e empresas, con máis de 87 millóns de euros.**

Liñas Estratéxicas	Orzamento Executado
L1- Administración intelixente	53.418.242 €
L2- Administración eficiente	101.252.265 €
L3- Cidadanía dixital	24.256.413 €
L4- Transforma TIC	38.142.094 €
L5- Economic-IT	24.804.530 €
L6- InfraTeleCom	88.105.010 €
L7-Medidas instrumentais	913.262 €
Total	330.891.817 €

Cadro 2: Execución orzamentaria

Dos datos mostrados no cadro, pódese observar que as partidas máis importantes son as relacionadas cos ámbitos de xestión da propia Administración (administración intelixente e eficiente) e co desenvolvemento e uso das infraestruturas de telecomunicacións, sendo o terceiro bloque o dedicado a promoción dunha sociedade dixital, coas accións despregadas para a promoción das TIC, na cidadanía, nas empresas e para a promoción do propio sector TIC, con máis de 87 millóns de euros.

Respecto ao previsto, no 2011 continuou o aforro xa promovido no 2010 dentro dos ámbitos de xestión da propia administración, nun exercicio continuo de traballar na eficiencia e na eficacia da xestión para mellorar a acción de goberno sen diminuír os servizos e competencias encomendadas.

No bloque interno da Administración, destacan as inversións e gastos relacionados coa aplicación das TIC na sanidade, na xustiza (9 millóns de euros), na Administración electrónica, xunto coa adquisición e mantemento xeral das aplicacións e sistemas que serven as diferentes consellerías (90 millóns).

En canto á área de telecomunicacións as iniciativas de maior dotación orzamentaria son o Plan de Banda Larga (38,4 millóns), para achegar un acceso a Internet de calidade en todo o territorio; as referidas as liñas de comunicación, voz e datos, da Rede Corporativa, para interconectar todos os centros administrativos, sanitarios, educativos e xudiciais entre outros; e aos investimentos para que Retegal funcione como un operador global de telecomunicacións, ademais de distribuír o sinal de televisión tal como facía anteriormente.

Por último, no referido á sociedade dixital hai que destacar o Plan Abalar (17,3 millóns), a rede CeMIT e as diferentes liñas de axudas as empresas xerais e as específicas para o sector TIC, liñas de innovación (9,2 millóns), financiamento, novos proxectos empresariais (12,1 millóns) e formación dos profesionais, dos empregados e dos desempregados.

▪ **O investimento total mobilizado coas iniciativas derivadas da Axenda Dixital acadou case 449 millóns de euros nos dos últimos anos**

Liñas Estratéxicas	Orzamento Executado	Investimento Inducido (achega privada)	Investimento total
L1- Administración intelixente	53.418.242 €	-	53.418.242 €
L2- Administración eficiente	101.252.265 €	-	101.252.265 €
L3- Cidadanía dixital	24.256.413 €	198.333 €	24.454.746 €
L4- Transforma TIC	38.142.094 €	64.372.132 €	102.514.226 €
L5- Economic-IT	24.804.530 €	4.299.439 €	29.103.969 €
L6- InfraTeleCom	88.105.010 €	48.918.106 €	137.023.116 €
L7-Medidas instrumentais	913.262 €	-	913.262 €
Total	330.891.817 €	117.788.010 €	448.679.827 €

Cadro 3: Investimento total, executado pola Xunta de Galicia e inducido no sector privado

Adicionalmente aos investimentos, gastos e liñas de axudas promovidos pola Xunta de Galicia de case 331 millóns de euros no período 2010-2011, mobilizáronse case 118 millóns de euros de inversión privada, o que fai un total de máis de 448 millóns de euros de investimento realizado en Galicia en 1.400 proxectos ligados ao uso das tecnoloxías da información e as comunicacións.

Avaliación de indicadores

Este apartado presenta un cadro de indicadores da Axenda Dixital 2014.gal, co principal obxectivo de mostrar o avance das distintas liñas estratéxicas da Axenda Dixital, a través das súas principais iniciativas, así como proporcionar algúns datos de contexto que permitan monitorizar o impacto na sociedade de ditas actuacións.

Para iso, mostrarase unha visión de conxunto sobre a situación, cunha serie de indicadores proporcionados polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), en base aos datos do Instituto Nacional de Estatística (INE) e á información proporcionada polas propias unidades xestoras das iniciativas.

Por outra parte, débese salientar que a posta en marcha da Axenda Dixital produciuse a mediados do ano 2010, polo que unha boa parte das iniciativas, proxectos e actuacións son novas e non teñen datos anteriores ou non están dispoñibles.

En xeral, coa información dispoñible, a valoración que se pode facer do desenvolvemento das actuacións é positiva en todas as liñas estratéxicas, desde o referido ao avance dos compoñentes da Administración electrónica, a mellora de eficiencia dos sistemas de información corporativos ata o despregamento de infraestruturas de telecomunicacións para a dispoñibilidade de banda larga en todo o territorio.

- **O número de procedementos para cidadanía e empresas que admiten presentación electrónica triplicouse nos dous últimos anos**
- **Continúa o uso crecente en número de empresas e facturas que usan o sistema de facturación electrónica.**

Axenda Dixital 2014.gal (I)			
Descrición do indicador	2009	2010	2011
L1- Administración intelixente (Fonte: INE)			
% Persoas que interactuaron coas AAPP a través de Internet nos últimos doce meses para descargar formularios oficiais ¹	28,8	31,7	42,9
% Empresas que interactuaron coas AAPP por Internet no último ano ²			
Empresas de 10 e máis empregados/as	67,4	68,1	81,0
Empresas de menos de 10 empregados/as	32,2	25,9	60,0
L1- Administración intelixente: administración electrónica (Fonte: Entidades Xunta)			
% Procedementos que admiten presentación electrónica	4,0	5,9	14,65
Nº Procedementos na sede electrónica	NA	NA	201
Nº Procedementos electrónicos para cidadáns	13	20	69
Nº Procedementos electrónicos para empresas	40	74	96
% Axudas tramitadas por vía telemática	6	10,1	23,7
% Redución de documentos solicitados a cidadáns e empresas	0	11,62	13,62
% Facturas electrónicas sobre o total	NA	20,1	25
Nº Empresas que utilizan o sistema de facturación	NA	1.360	1.785
% Empregados públicos acreditados dixitalmente	30	31	33
Nº procedementos con verificación de datos doutras administracións			
Verificación de identidade (SVI)	NA	129	21.606
Verificación de residencia (SVR)	NA	88	1.647

Os datos do INE, mostran ademais que Galicia é a terceira comunidade autónoma con maior uso da Administración Electrónica por parte da cidadanía para descargar formularios oficiais e a cuarta en envío de formularios cumprimentados.

Do exame do cadro anterior vemos que hai unha mellora dos datos tanto das empresas como persoas que interactúan coa administración. Valores que reflicten o avance, no desenvolvemento de procedementos que se poden presentar electronicamente. Galicia mantén o terceiro posto en persoas que interactúan coas Administracións públicas no ranking de comunidades autónomas do Estado.

Polo que se refire aos propios procedementos electrónicos hai que destacar a posta en marcha da sede electrónica con máis de 200 procedementos e o aumento do número de procedementos que se poden tramitar de modo electrónico, especialmente os relacionados coa cidadanía, que pasaron de 20 a 69 no último ano e os das empresas que case chegan a 100.

Ademais, está o avance na porcentaxe de axudas tramitadas por vía telemática, máis do dobre do 2010 e co número de facturas electrónicas, xunto co avance nos procedementos que non precisan de presentación de documentos que xa obran en poder da Administración.

Por último, neste bloque indicar o número de procedementos que foron tramitados no portal de interoperabilidade para verificar datos de identidade e residencia.

- **Mellora o número de cidadáns e de citas médicas solicitadas Internet, e a porcentaxe de receitas electrónicas chega ao 86%**
- **Duplicouse o número de xulgados que utilizan Lexnet e renovouse unha porcentaxe importante de equipos, máis de 30 puntos de mellora.**

Axenda Dixital 2014.gal (II)			
Descrición do indicador	2009	2010	2011
L1- Administración intelixente: servizos públicos de sanidade (Fonte: Consellería)			
% Receitas dispensadas electronicamente	15,0	70,0	93,0
% Centros de atención primaria con solucións de telemedicina	29,2	45,9	98,9
% Cidadáns que fan uso da cita previa por internet	16,5	18,4	21,66
L1- Administración intelixente: servizos públicos de xustiza (Fonte: Consellería)			
% Equipos con antigüidade menor que < 5 anos	37,4	53,4	84,4
% Xulgados que utilizan Lexnet	NA	24,6	40,6
% Empregados públicos de xustiza acreditados dixitalmente	NA	NA	8,86
L1- Administración intelixente: outros servizos públicos (Fonte: varias Consellerías)			
Nº Solicitudes de datos rexistradas na Oficina Agraria Virtual (OVA)	NA	25.609	593.567
Nº Páxinas vistas en Meteogalicia.es	172.925.000	318.877.000	442.045.000
Nº Tarxetas de transporte metropolitano	NA	NA	75.000
L1- Administración intelixente: Colaboración coas administracións locais (Fonte: Consellería)			
Nº Entidades locais adheridas ao convenio de administración electrónica	NA	66	322
Nº Entidades locais que utilizan o servizo de certificación da Xunta	NA	17	17
Nº Entidades locais que utilizan a plataforma de contratación da Xunta	36	70	92

No referido aos servizos públicos que teñen un alto uso das TIC na súa xestión, destacamos por un lado, os datos de receitas electrónicas, ou e-receitas, que xa chegan a case ao 86%, ademais segue a aumentar a porcentaxe de cidadáns que fan uso da cita previa por Internet .

En canto ao ámbito da xustiza, é salientable a renovación do equipamento especialmente no 2011, que permite chegar ao 84,4 % dos ordenadores con antigüidade inferior a 5 anos, así como o inicio da acreditación dixital dos empregados públicos de xustiza. Por outra parte, o avance na implantación do sistema de notificación electrónicas (Lexnet) que xa usan o 40,6% dos xulgados de Galicia.

Por outra parte, a relación coas administracións locais tamén tivo un importante impulso no 2011, tanto no número de entidades adheridas ao convenio de administración electrónica, como nas que utilizan a plataforma de contratación para publicar a súas ofertas.

Tamén, se destacan neste bloque algúns datos referidos a outros servizos públicos ou prestación de información a sociedade que teñen un alto uso de sistemas de información, como a Oficina Agraria Virtual ou a Tarxeta de Transporte Metropolitano.

▪ **Mellora nos parámetros de eficiencia, menores custos de mantemento, de enerxía cunha maior dispoñibilidade dos sistemas**

Axenda Dixital 2014.gal (III)				
Descrición do indicador		2009	2010	2011
L2- Administración eficiente (Fonte: Consellería)				
%	Redución dos custos de mantemento dos sistemas microinformáticos	NA	9	13,42
%	Dispoñibilidade da rede de sistemas de comunicacións	99,8	99,9	99,96
%	Redución do gasto de consumo de enerxía nos postos de traballo	NA	18	22
Nº	Centros de Atención a Usuarios (CAU) existentes na Xunta	20	16	14
Nº	Visitas (millóns) na web corporativa xunta.es	11,00	11,61	12,16
Nº	Medio visitantes distintos mensuais xunta.es	ND	272.877	285.641
Nº	Seguidores (xunta.es) en redes sociais	NA	1.307	7.209
Nº	Portais web catalogados	NA	303	241
Nº	Subscritores aos servizos de avisos	NA	397	2.640

No 2011 continuou a tendencia iniciada o ano anterior dun mellor aproveitamento dos recursos públicos e maior dispoñibilidade dos sistemas, polo que supón en aforro de perda de horas de traballo ademais de reducir os custos de mantemento e de enerxía, entre outros.

Cómpre, destacar o cada día maior uso da sociedade da web corporativa da Xunta de Galicia, tanto no número de visitas como no número de visitantes distintos, factor que ven apoiado pola estratexia de converter ao dito portal no punto de entrada a Administración Autonómica, na sede electrónica, etc.

Tamén, a optimización dos recursos webs na Xunta, eliminando as de pouco uso (58 portais menos que o ano anterior) e potenciando a presenza nas redes sociais, case 100 páxinas. Só contando coa web corporativa, hai máis de 7.000 seguidores nas dúas principais redes: Facebook e Twitter.

Outro dato importante, da relación administración coa cidadanía é o número de subscritores aos servizos de avisos das alertas meteorolóxicas, axudas, bolsas e subvencións xa sexa por SMS ou por correo electrónico.

- **O uso de sistemas operativos e aplicacións baseadas en software libre aumenta de modo significativo nos postos de traballo dos empregados públicos**

Axenda Dixital 2014.gal (IV)			
Descrición do indicador	2009	2010	2011
L2- Administración eficiente: software libre na Administración (Fonte: entidades Xunta)			
% Equipos de escritorio con software libre (openoffice, firefox,etc)/total	45,5	58,1	70
% Equipos de escritorio con software propietario/total	89,3	84,8	80
% Documentos publicados en formatos abertos	50	75	90

O uso do software libre na Administración Electrónica é outra das variables na medida da eficiencia na utilización dos recursos. No último ano, producíronse saltos moi importantes no uso de software libre no equipos de usuario, 12 puntos máis que o ano anterior, fronte a diminución en case 5 puntos do software propietario.

Ademais a porcentaxe de documentos publicados nas webs das diferentes entidades da Xunta de Galicia xa chega ao 90%, seguindo as directrices publicadas neste ano.

- **A metade dos fogares galegos dispoñen de banda larga, 11% máis que no 2010. A fenda dixital respecto ao Estado reduciuse en 2 puntos no uso de Internet**
- **O número de alumnos implicados no Plan Abalar duplicouse no ano pasado, sobrepasando os 31.500 alumnos, o 78% en centros públicos**

Axenda Dixital 2014.gal (V)			
Descrición do indicador	2009	2010	2011
L3- Cidadanía Dixital (Fonte: INE)			
% Fogares con algún tipo de ordenador	58,5	61,6	65,3
% Fogares con conexión de banda larga	38,3	46,5	51,6
% Persoas que empregaron o ordenador nos últimos 3 meses	54,3	57,8	62,2
% Persoas que utilizaron Internet nos últimos 3 meses	49,8	53,6	58,5
% Persoas que adquiriron produtos ou servizos por Internet nos últimos tres meses	13,7	14,4	17,7
L3- Cidadanía Dixital (Fonte: entidades Xunta)			
Nº Cursos de formación impartidos. Rede CeMIT	NA	NA	2.116
Nº Horas formación realizados. Rede CeMIT	NA	NA	10.183
Nº Beneficiarios dos cursos de alfabetización dixital	NA	9.854	18.047
Nº Centros educativos dixitais do proxecto Abalar	NA	297	370
Nº Aulas dixitais do proxecto Abalar	NA	682	1.460
Nº Alumnos dentro do proxecto Abalar	NA	14.500	31.575
% Centros educativos dixitais públicos do proxecto Abalar	NA	74,7	78

No bloque de cidadanía dixital, temos por un lado as fontes públicas (INE) sobre o uso da tecnoloxía na cidadanía, no que se visualiza un avance xeral nos parámetros principais e por outro lado, o desenvolvemento das liñas de formación, para diminuír a fenda Dixital (Rede CeMIT) e para a formación dos máis novos, de xeito que sexan nativos dixitais (plan Abalar).

Dos datos do INE, é de destacar que por primeira vez a metade dos fogares de Galicia dispoñen de conexión de banda larga. Esta evolución é especialmente significativa nos

concellos de menos de 10.000 habitantes nos que penetración medra un 18,6%. Ademais reduciuse a fenda dixital respecto do Estado en 2 puntos no uso de Internet.

Respecto ao plan Abalar, hai que salientar o impulso que tivo no 2011, máis do dobre do 2010 tanto no número de aulas como no de alumnos participantes. Ademais segue a aumentar a porcentaxe de centros públicos participantes no proxecto.

- **O número de empregados do sector TIC mantense a pesar da crise nas cifras do 2010 polo que crece a porcentaxe sobre o total**

Axenda Dixital 2014.gal (VI)			
Descrición do indicador	2009	2010	2011
L4- TransformaTIC (Fonte: INE)			
Nº Empresas do sector TIC ³	1.542	1.767	1.897
Nº Empregados/as do sector TIC	16.327	15.851	15.855
% Empregados do sector TIC respecto do total de ocupados/as	1,59	1,57	1,62
L4- TransformaTIC: formación (Fonte: Entidade Xunta)			
% Cursos do CNTG con probas de certificación de coñecementos	54	75	85,7
Nº Persoas formadas no CNTG, que remataron os cursos	682	701	720

No ámbito das empresa TIC, aumenta o número de empresas, ata case 1.900 e mantense o número de empregados, arredor de 15.580, ao tempo que aumenta a porcentaxe de empregados TIC sobre o total, ata 1,62%.

Polo que se refire á formación dos profesionais, aumentou o número de persoas que rematan os cursos, así como a porcentaxe de cursos que dispoñen de certificados de acreditación de coñecementos, case 13 puntos máis que no 2010.

- **No 2010 as empresas de menos de 10 traballadores superaron a cota do 50% na contratación de Internet**
- **Aumento significativo das empresas que fan uso da factura electrónica, 16 puntos máis que no 2010 e do dobre do 2009.**

Axenda Dixital 2014.gal (VII)			
Descrición do indicador	2009	2010	2011
L5- EconomiC-IT (Fonte: INE)			
% Empresas que teñen acceso a Internet contratado:			
Empresas de 10 e máis empregados/as	92,9	94,9	97,3
Empresas de menos de 10 empregados/as	46,7	47,3	52,8
% Empresas con conexión a Internet que teñen páxina web ⁴			
Empresas de 10 e máis empregados/as	55,1	58,9	61,2
Empresas de menos de 10 empregados/as	19,5	19,6	19,9
% Empresas de 10 ou máis empregados que enviaron facturas electrónicas ⁵	19,2	22,8	37,8

Polo que se refire aos datos de banda larga, case o 100% das empresas de máis de 10 traballadores teñen contratado o servizo e por primeira vez, por riba do 50% nas de menos de 10 traballadores. Ademais no 2010 aumentou case o dobre que no 2009 o número de empresas que fan uso da factura electrónica.

Cómpre, destacar tamén, a actividade do Centro Demostrador das TIC (CDTIC) posto en marcha en xuño e o número de cursos e traballadores participantes en actividades relacionadas coa formación nas TIC.

- **Importante avance na porcentaxe de poboación con acceso a Internet de calidade, o 87,3%, e as redes de nova xeración, case 1 millón de habitantes.**
- **Conseguíronse importantes melloras na porcentaxe de centros públicos conectados a banda larga**

Axenda Dixital 2014.gal (VIII)			
Descrición do indicador	2009	2010	2011
L6- InfraTeleCom (Fonte: Entidade Xunta)			
% Poboación galega con acceso á servizos de banda larga	71,8	80,9	87,3
Nº Habitantes con acceso a redes de nova xeración (100Mbps)	0	711.575	984.917
Nº Polígonos industriais sen cobertura de banda larga	22	12	6
Diferenza de acceso a BL entre as provincias da Coruña e Pontevedra con respecto as provincias de Ourense e Lugo	20	11	5,5
% Ampliación da velocidade media de acceso na rede corporativa	29,3	106,4	50,71
% Centros administrativos conectados á rede corporativa	93,0	94,0	95,5
% Centros de saúde con cobertura de banda larga	66,5	92,4	95,0
% Farmacias con cobertura banda larga	93,0	96,6	97,0
% Centros Educativos con cobertura banda larga	77,9	88,0	92,0
% Xulgados con cobertura banda larga	91,5	95,6	97,0

Polo que se refire as facilidades de acceso a Internet, o Plan de Banda Larga está a conseguir o obxectivo de cobertura practicamente total do territorio, chegando no 2011 ao 87,3% da poboación galega. Ademais case un millón de persoas poden acceder a redes e nova xeración, con velocidades de 100 Mbps, e a diferenza de cobertura entre as provincias de Lugo-Ourense respecto as atlánticas está a diminuír desde 20 puntos no 2009 a 5,5 no 2011.

Finalmente, destacar o aumento de cobertura nos diferentes tipos de edificios públicos con cobertura de banda larga.

¹ Porcentaxe sobre as que utilizaron Internet nos 12 últimos meses, os datos de 2009 e 2010 eran sobre os 3 últimos meses

² Porcentaxe sobre as empresas con conexión a Internet

³ O sector TIC está constituído polos seguintes códigos CNAE-2009: 2611, 2612, 2620, 2630, 2640, 2680, 4651, 4652, 5821, 5829, 6110, 6120, 6130, 6190, 6201, 6202, 6203, 6209, 6311, 6312, 9511, 9512


⁴ Porcentaxe sobre as empresas que teñen conexión a Internet

⁵ Nos anos 2009 e 2010 o INE facilitaba o dato sobre a porcentaxe de empresas que realizaban intercambio electrónico de datos. No ano 2011 o dato refírese ao total de empresas

RESUMO GLOBAL DO INDICADORES 2009-2011

Como resumo, no seguinte gráfico, recóllense 10 indicadores coas súas evolucións porcentuais no período 2009-2011, que poden servir de referencia en cada unha das liñas da Axenda Dixital, tanto desde o punto de vista do avance das políticas na materia como desde o uso por parte da sociedade dos medios tecnolóxicos.

Descrición do indicador	2009	2010	2011
% Procedementos que admiten presentación electrónica	4	5,9	14,65
% Axudas tramitadas por vía telemática	6	10,1	23,7
% Persoas que interactuaron coas AAPP a través de Internet nos últimos doce meses	28,8	31,7	42,9
% Cidadáns que fan uso da cita médica previa por internet	16,5	18,4	21,66
% Receitas prescritas electronicamente	15	70	85,8
% Redución do gasto de consumo de enerxía nos postos de traballo ¹	0	18	22
% Centros educativos dixitais públicos do proxecto Abalar ²	0	74,7	78
% Equipos de escritorio da Xunta de Galicia con software libre sobre o total	45,5	58,1	70
% Cursos do CNTG con probas de certificación de coñecementos	54	75	85,7
% Poboación galega con acceso á servizos de banda larga	71,8	80,9	87,3



¹ Non se dispón do dato do 2009

² No 2009 non tiña empezado o proxecto Abalar

2014.gal Axenda Dixital de Galicia

Ano 2011 en imaxes e eventos

Estudo sobre a desigualdade no eido da investigación e das TIC realizado na Unidade Muller e Ciencia

24/01/2011

A secretaria xeral da Igualdade, a secretaria xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, o secretario xeral de Universidades e o director xeral de I+D+i, presentaron os resultados do estudo sobre a "Situación das mulleres no Sistema de Ciencia-Tecnoloxía-Empresa de Galicia", realizado pola Unidade Muller e Ciencia, no que se evidencia a situación de desigualdade das investigadoras galegas respecto aos homes.



Xornada en Santiago: "Construíndo a identidade dixital"

26/01/2011

A secretaria xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, Mar Pereira, inaugurou a xornada Construíndo a Identidade Dixital en Santiago de Compostela na que salientou que "Os sistemas de acreditación dixital son fundamentais para xerar confianza nas relacións telemáticas entre cidadáns, empresas e Administración"



Galicia e Portugal crean unha Rede de centros transfronteirizos de dinamización integral para as mulleres (CEDIM)

15/02/11

O obxectivo do proxecto é a capacitación das mulleres dos dous lados da fronteira no ámbito tecnolóxico, ao que polo seu perfil non teñen fácil acceso. As infraestruturas das aulas CeMIT da Rede Transfronteiriza de Centros Dinamizadores para Mulleres (CEDIM) van permitir unha maior eficiencia dos recursos existentes e coa proximidade adaptar as actividades dinamizadoras ao perfil das demandantes para mellorar a súa cualificación, as condicións de empregabilidade, o emprendemento e as oportunidades das mulleres da zona.



O OSIMGA presentou o seu primeiro balance anual de xestión, xunto co seu plan de traballo para 2011

02/03/2011

A secretaria xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica presidiu o pleno do Observatorio da Sociedade da Información e da Modernización de Galicia no que se fixo balance do primeiro ano de xestión, se aprobou o Plan de traballo para 2011 e se avaliaron os últimos datos sobre o estado da Sociedade da Información.

Da memoria anual caben salientar os máis de 100 indicadores monitorizados, 6 informes realizados, 7 enquisas e estudos postos en marcha, por riba de 60 consultas, análises e peticións de información atendidas e máis de 20 colaboracións establecidas con outras entidades.



O espazoAbalar, unha plataforma a disposición da comunidade educativa de todos os centros de ensino de Galicia

02/03/2011

O conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, Xesús Vázquez Abad, comprobou no IES As Fontiñas, en Santiago de Compostela, o funcionamento do acceso ao espazoAbalar, unha aplicación web que na sección espazoProfesores facilita a comunicación dos docentes cos pais ou titores do alumnado, e no espazoFamilias achega información sobre a vida académica dos seus fillos, o que permite un seguimento personalizado da vida académica dos alumnos.



Inauguración da rede CeMIT: unha rede para a formación nas novas tecnoloxías

03/03/11

Coa inauguración da Rede de Centros para a Modernización e a Inclusión Tecnolóxica de Galicia (Rede CeMIT) a Xunta plasmou a súa aposta polo fomento das novas tecnoloxías. Ademais a rede contou no 2011 cun plan de formación que ofreceu máis de 2.100 cursos gratuítos con 18.000 horas, o dobre dos inicialmente previstos. A finais do ano, a rede contaba con 98 aulas implantadas en 92 concellos.



Seminario organizado polo Eixo Atlántico sobre a Axenda Dixital Local

03/03/11

A secretaria xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, interviu na inauguración do Seminario Axenda Dixital Local que organizou o Eixo Atlántico, destacando que a integración das TIC nas entidades locais permitirá estimular o progreso local e xerar novos investimentos.

Tamén, neste contexto lembrou a sinatura dun convenio entre a Xunta e a Federación Galega de Municipios e Provincias, para o desenvolvemento da Administración Electrónica nas Entidades Locais da Comunidade Autónoma de Galicia, ao que xa estaban adheridos 50 concellos.



Presentación do Plan de Software Libre para impulsar o seu uso no sector empresarial e na sociedade no ano 2011

09/03/2011

A secretaria xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica presentou o Plan de Software Libre 2011 da Xunta que ten como obxectivo prioritario impulsar o uso do software libre e código de fontes abertas (FLOSS) no sector empresarial e na sociedade en xeral. Con esta finalidade o Plan, que ten unha dotación específica de 865.000 euros, contempla máis de 120 actuacións en colaboración coas asociacións galegas de usuarios e empresas de software libre e das tres universidades.

Ademais no acto formalizouse a adhesión de Xunta ao Centro Nacional de Referencia de Aplicación das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (CENATIC).



O programa "TIC TAC Galicia" facilita o acceso ás TIC das persoas con discapacidade

16/03/11

Logo da instalación de máis de 300 ordenadores e case 200 diferentes kits adaptados para persoas con discapacidade presentouse en Santiago o programa TIC TAC Galicia, que ten como obxectivo principal o reforzamento dos centros públicos para mellorar a accesibilidade de todos á sociedade da información.

O total de 149 centros públicos beneficiados abrangue ás aulas de acceso a Internet, bibliotecas públicas, hospitais, aulas de formación e centros de atención a persoas con discapacidade.



O mapa de capacidades tecnolóxicas de Galicia no ámbito sociosanitario pon de manifesto o potencial do sector para desenvolver servizos públicos innovadores e de calidade

21/03/2011

A secretaria xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, xunto co director xeral de I+D+i, e o director xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública, asistiron a presentación do Mapa de capacidades tecnolóxicas de Galicia no ámbito sociosanitario.

No estudo identificáronse 162 proxectos desenvolvidos por grupos de investigación, centros tecnolóxicos e empresas nun período aproximado de 10 anos: un 35% dos proxectos corresponde á dixitalización da Historia Clínica e a sistemas de Xestión Sanitaria, así como un 23% comeza a centrarse na telemedicina, na teleasistencia e na telemonitorización de pacientes.



Xornadas formativas para familias e docentes e nova edición do programa "Navega con rumbo"

22/03/2011

A Xunta de Galicia, en colaboración co Colexio Profesional de Enxeñaría Informática de Galicia (CPEIG) e a Asociación Galega de Empresas de Software Libre (Agasol), impulsou o coñecemento e a difusión do Proxecto Abalar coa posta en marcha tres iniciativas formativas complementarias dirixidas a pais, alumnos e profesores.

Por un lado, as charlas divulgativas dunha hora de duración en 138 centros para ensinar aos escolares a navegar por Internet de forma útil e responsable, implicando tamén aos profesores. Por outro 200 xornadas sobre espazo Abalar para familias e profesores e finalmente unha formación práctica para os docentes sobre os contidos dixitais.



I Seminario Internacional da Biblioteca de Galicia "As Bibliotecas Dixitais"

07/04/2011

O conselleiro de Cultura e Turismo, asegurou na apertura do seminario que Galiciana -a biblioteca dixital galega- situará o "riquísimo acervo bibliográfico galego ao alcance de calquera, ao facer posible que se poida acceder a estes fondos simplemente cunha conexión a internet".

O seminario contou coa presenza na Cidade da Cultura dos centros de maior prestixio de todo o mundo, como a biblioteca do Congreso dos Estados Unidos, a British Library do Reino Unido, a World Digital Library da Unesco, Europea e de representantes de bibliotecas nacionais na vangarda da dixitalización de fondos, como Australia.



Xornada sobre a implantación do sistema de axuda á explotación (SAE) no transporte público interurbano de viaxeiros de Galicia

09/04/2011

O conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, avanzou que a Xunta de Galicia iniciará os trámites para contratar as aplicacións informáticas necesarias para a implantación dun sistema de axuda á explotación do transporte público de viaxeiros. Está previsto que ao longo do ano 2012 comece a implantación deste sistema, que garantirá unha mellora dos servizos de transporte, tanto para as empresas como para os cidadáns. Por exemplo: aforro de combustible, optimización de rutas, xestión eficiente dos vehículos e información nos poste se paradas de autobuses.



Axudas por valor de 15 millóns de euros para continuar coa extensión do Plan de Banda Larga

20/04/11

O presidente da Xunta de Galicia, avanzou na rolda de prensa posterior ao Consello, a concesión de axudas de 15 millóns de euros que permitirán "a 11.000 núcleos do rural galego, 250.000 galegos, ter acceso a internet", conforme ao previsto no Plan de Banda Larga. O obxectivo é "acabar coas denominadas zonas brancas", que carecen de acceso a internet e de previsión de telo, para cumprir coa "Axenda Dixital 2014.gal e que no ano 2013 se teña cobertura de internet no territorio" galego.



A Xunta pon en marcha un servizo de videointerpretación para persoas xordas no rexistro xeral e a través da súa web

29/04/2011

A Xunta, a través da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, puxo en marcha un sistema de videointerpretación en lingua de signos para persoas xordas no Rexistro Xeral da Xunta e a través da portal corporativo de xeito que permite acceder á mesma información que se facilita a través do teléfono 012. Este servizo tamén se fixo dispoñible nas delegacións territoriais da Administración autonómica na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo e Ferrol ao longo dos meses de maio e xuño.



Xornada sobre as "Relacións da empresa coa Administración Electrónica"

03/05/2011

A secretaria xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, recordou na inauguración que un dos obxectivos do Plan de Modernización da Administración que está a desenvolver a Xunta é que a finais de 2011 o 100% dos procedementos da directiva de servizos, a maioría dos vinculados a emprendedores e autónomos, se poidan realizar telematicamente. Tamén destacou o avance da factura electrónica, a posta en marcha do sistema de licitación electrónica (SILEX) e que no 2010 Galicia foi a terceira comunidade autónoma con maior uso da Administración electrónica para obter información das páxinas web e a quinta en descarga e cumprimento de formularios oficiais.



O Plan Senda de modernización da xustiza contempla un investimento de cinco millóns de euros no 2011

10/05/11

O conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e o presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG), presidiron unha nova reunión da Comisión Mixta entre Xunta e TSXG, na que abordaron asuntos como a execución do plan de infraestruturas xudiciais e a aplicación do Plan Senda 2014.

A Administración Autonómica leva renovados 1.600 ordenadores nos diferentes xulgados galegos e facilitará que os xuíces e maxistrados poidan acceder á rede de datos da Administración de Xustiza de xeito remoto.



Xornada "Letras Galegas e Internet"

19/05/2011

A Xunta de Galicia aposta polas tecnoloxías da lingua galega como obxectivo transversal de goberno. Con este fin, a Secretaría Xeral de Política Lingüística organizou unha xornada "Letras Galegas e Internet", para contribuír á difusión das novas ferramentas tecnolóxicas en galego dispoñibles na rede e para que cada vez sexan máis coñecidas e utilizadas polo conxunto da cidadanía.

Os principais eixos temáticos da xornada, que tivo lugar no Centro Multimedia de Galicia foron as ferramentas para a corrección e a tradución de textos, dicionarios en liña, os sistemas de teleformación, os programas informáticos de software libre e propietario, o libro electrónico, os terminais móbiles, os recursos audiovisuais e produtos para o público infantil dispoñibles en Internet..



Primeira mesa de contratación polo sistema de licitación electrónica (SILEX)

20/05/2011

Logo da posta en marcha por parte da Consellería de Facenda do Sistema de Licitación Electrónica (SILEX), o titular do CIXTEC destacou a boa aceptación do sistema despois da celebración da primeira mesa para realizar contratacións con parte das ofertas presentadas polo novo sistema.

Esta iniciativa vai en liña cos obxectivos de austeridade e de aforro marcados na modernización dos procesos administrativos e, para acadar unha maior competitividade das empresas que presentan ofertas aos procedementos públicos de contratación.



Presentación do Plan Estratéxico do Cluster TIC de Galicia

08/06/2011

O presidente da Xunta, asistiu a presentación do Plan Estratéxico do Cluster TIC de Galicia onde destacou a implantación dunha factoría de emprendedores TIC e o establecemento dun marco común de financiamento aplicable no 2012

Ademais, sinalou o establecemento de actuacións que camiñen cara ao "aliñamento entre as necesidades tecnolóxicas do sector público e os sectores produtivos e a oferta tecnolóxica do sector TIC" como outro dos eixes que guiará a estratexia da Xunta en relación coas TIC e puxo en valor o Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015, o Plan I2C ou o Foro de Inversión para a creación de empresas de base tecnolóxica.



Galicia participa por primeira vez no padroado do Centro Nacional de Referencia de fomento do software libre (CENATIC)

22/06/2011

A secretaria xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, Mar Pereira, asistiu en Madrid ao padroado do Centro Nacional de Referencia de Aplicación das TIC baseadas en fontes abertas CENATIC. Trátase do primeiro padroado no que participa Galicia tras a súa adhesión a esta Fundación o pasado mes de marzo.

Entre outras cuestións, na xuntanza presentouse o Plan Xeral de Acción 2012-2014, documento que engloba as accións de prestación de servizos de asesoramento que a Fundación presta a outras Comunidades Autónomas sobre adquisición, liberación e creación de comunidades para aplicacións de fontes.



Inauguración do Centro Demostrador das TIC (CDTIC) en Santiago

27/06/2011

O presidente do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, inaugurou o Centro Demostrado TIC, un centro que nace co obxectivo de facilitar ás empresas do sector tecnolóxico os medios para acercar a súa oferta de produtos ás empresas doutros sectores produtivos, un punto de encontro entre a oferta TIC e a demanda tecnolóxica do tecido empresarial galego.

Entre outras ferramentas e servizos, o Centro Demostrador porá a disposición das empresas interesadas o Mapa de Capacidades Tecnolóxicas de Galicia MapaTIC.gal, un directorio en liña completo e categorizado cos provedores, produtos e servizos TIC existentes na Comunidade.



Traballo pon en marcha o proxecto NACCE para apoiar a formación dos emprendedores e empresas no sector TIC da Eurorrexión

11/07/2011

O proxecto NACCE pretende paliar as debilidades do sector TIC na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, tanto en cantidade de empresas, como en competitividade, como en internacionalización. Para elo, aposta pola cooperación entre todos os axentes implicados no sector, para estimular a aparición de novas iniciativas empresariais, aumentar a competitividade das empresas existentes, e, dinamizar o emprego.

O proxecto que se inscribe dentro da segunda convocatoria do Programa de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal 2007-2013 conta cun orzamento de 1,18 millóns de euros.



Inauguración da Cidade Tecnolóxica da Universidade de Vigo (CITEXVI)

18/07/2011

O presidente da Xunta, que asistiu coa ministra de Ciencia e Innovación á posta en marcha da Cidade Tecnolóxica da Universidade de Vigo resaltou que, "nos actuais momentos de crise, a recuperación do crecemento e do emprego terá que vir a través da innovación",

Nese sentido, resaltou que, a pesar das dificultades das contas públicas, a Xunta aprobou o Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015 (Plan I2C), que suporá un investimento de 1.200 millóns de euros.



O Expediente-e reducirá un 50% a carga administrativa do Sergas por procesos selectivos de recursos humanos

19/07/2011

Coa posta en marcha do Expediente-e único do profesional, unha plataforma web que permitirá a todo o persoal do Sergas dispoñer dun currículo profesional electrónico e centralizar e unificar os seus méritos, vaise reducir en máis dun 50% a carga administrativa que neste momento xeran todos os procesos de RRHH.

O expediente, visible a no espazo da Oficina Virtual do Empregado (FIDES) da a cada profesional a posibilidade de consultar os datos que constan no seu expediente electrónico, a actualizalos e a introducir novos méritos, para a posterior entrega de documentación que os acredite de xeito que poidan ser utilizados automaticamente nos seguintes procesos selectivos nos que desexa participar.



A Xunta de Galicia presentou unha nova ferramenta en liña de diagnose enerxética para as pemes

20/07/11

O conselleiro de Economía e Industria, presentou unha nova ferramenta on-line de diagnose enerxética para pemes.

A aplicación ten dous niveis, un básico e outro especializado, para adaptarse ás necesidades e aos coñecementos específicos do usuario, e poder ofrecerlle solucións concretas.

A ferramenta tamén é unha fonte de datos estatísticos, axeitados para analizar a implantación das medidas de aforo e eficiencia e do uso das renovables, nos sectores económicos estratéxicos de Galicia.



Galicia, a primeira comunidade en contar cun sistema de envío telemático de solicitudes de cooperación xudicial

22/07/2011

O conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e o vocal do Consello Xeral do Poder Xudicial presentaron na Audiencia Provincial de Pontevedra unha iniciativa para permitir o envío telemático entre distintos xulgados das solicitudes de cooperación xudicial, os coñecidos como exhortos, eliminando deste xeito o papel e axilizando os trámites.

Os envíos faranse a través do Punto Neutro Xudicial do Consello e o feito de que se faga de xeito electrónico incidirá na redución de tempos na súa tramitación e na simplificación da tramitación administrativa, sen que se produza ningunha perda de garantías xurídicas.



A Xunta val crear un rexistro electrónico de plans de emerxencia para mellorar as actuacións ante as incidencias

26/07/2011

O conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, presidiu a Comisión Galega de Protección Civil e anunciou a posta en marcha dun rexistro galego de plans de emerxencia, para facilitar que todos os axentes que interveñen nos accidentes teñan acceso á información actualizada sobre os plans de autoprotección, o que vai permitir a optimización da súa actuación en caso de sinistro nos establecementos que deben contar con estes plans.



A Oficina Agraria Virtual de Medio Rural recibiu case 600.000 visitas no 2011

18/08/2011

O concelleiro de Medio Rural presentou a mediados do ano un avance dos datos de consultas e tramites realizados a través da Oficina Agraria Virtual, unha referencia fundamental para o sector agropecuario galego, que utiliza de xeito masivo esta ferramenta como medio útil, cómodo e rápido para relacionarse coa Administración autonómica e realizar todo tipo de trámites.

Entre os tramites destacan as altas por nacemento de gando, as solicitudes de marcas identificadoras, as declaracións de movemento, as peticións de guías de traslado e os cambios de datos persoais, entre outras xestións.



O uso do software libre nas empresas galegas crece 30 puntos nos últimos 2 anos

14/09/11

O Software Libre está presente no 63,6% das pemes galegas, cun crecemento de 30 puntos porcentuais con respecto entre os anos 2008 e 2010. Así se recolle en dous informes: un sobre o uso do Software Libre nas pemes, e outro específico sobre Software Libre nas empresas informáticas de Galicia, elaborados polo Observatorio para a Sociedade da Información de Galicia (Osimga) e que foron presentados pola secretaria xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica logo da comisión executiva de CENATIC que se celebrou por primeira vez en Galicia.



Inauguradas novas aulas CeMIT en Santiago, Bande, Barreiros e Verín

26/09/11

Na última semana de setembro inauguráronse 4 novas aulas CeMIT de Santiago, Bande e Barreiros e Verín, coas que a Xunta de Galicia avanza na dotación dun espazo aberto para a posta en práctica de iniciativas orientadas a impulsar as TIC e a Sociedade da Información entre a cidadanía e as empresas, que co mapa de aulas actual teñen un centro a menos de 30 minutos do seu domicilio.

Ademais co Programa de Formación 2011 impártense cursos de balde en 89 concellos, sendo a asistencia estimada de 10.000 alumnos para o ano 2011.



Posta en marcha da Sede Electrónica da Xunta, unha administración sen papeis, transparente, aberta e accesible as 24 horas, os 365 días do ano

22/09/11

O conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, anunciou logo do Consello da Xunta, a posta en marcha da Sede electrónica da Xunta permitirá unha administración "sen papeis, máis transparente e, sobre todo, aberta e accesible aos cidadáns as 24 horas do día, os 365 días do ano".

De xeito gradual, a sede electrónica, ofrecerá aos cidadáns a mesma información e os mesmos servizos que se ofrecen fisicamente en calquera ventanilla das consellerías e con todas as garantías xurídicas e de seguridade en todos os trámites.



Iniciado o plan para dotar con tarxeta con sinatura dixital a 3.000 empregados da Xunta e da Administración de Xustiza a principios de 2012

11/10/2011

A secretaria xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, xunto ao director xeral de Calidade e Reforma Administrativa e o Director Xeral da Función Pública, informaron da situación do Proxecto Kronos de acreditación dixital do empregado público.

Trátase da primeira fase do proxecto, que vai permitir aos traballadores públicos asinar dixitalmente os documentos dos procedementos electrónicos e que comezou coa instalación dun Punto de Acreditación Dixital (PAD) e a instalación de teclados adaptados para a fichaxe a través do PC.



Un ano de presenza de GaliciaAberta nas redes sociais

14/10/2011

Logo da actualización da páxina web da emigración galega GaliciaAberta.com, hai un ano que se puxo en marcha a páxina en facebook da Secretaría Xeral da Emigración, un punto de encontro de tod@s @s galeg@s, con independencia da ubicación.

A través de páxinas como Facebook, Tuenti, Twitter e tamén na blogosfera, téñense creado verdadeiras comunidades virtuais de galegos que nestes espazos comparten as súas experiencias en países do exterior. A rede serve igualmente como unha útil ferramenta para a localización daqueles que viven fóra da comunidade e para os que buscan as súas orixes galegas.



O IGE permite incorporar a calquera web ou blog a información estatística actualizada de Galicia

05/11/2011

O director xeral do Instituto Galego de Estatística (IGE), presentou unha ferramenta informática que permite incorporar a calquera páxina web ou blog a información estatística da comunidade autónoma actualizada en todo momento, con tan só copiando unhas poucas liñas de código.

Esta iniciativa enmárcase no obxectivo global da Xunta de Galicia de potenciar a Administración electrónica cun eixe específico dedicado a acadar unha Administración austera, eficiente e preto do cidadán.



O proxecto Bibliosaúde do Sergas recibe o Premio Nacional á Calidade e Innovación

18/11/2011

A conselleira de Sanidade, recolleu na sede da Biblioteca Nacional o VI Premio Nacional á calidade e innovación outorgado pola Asociación Española de Documentación e Información (SEDIQ) ao proxecto Bibliosaúde da Xunta de Galicia como "mellor contribución" en iniciativas de centros de documentación e bibliotecas de ciencias da saúde. Por outra parte salientou que o número de usuarios rexistrados nesta iniciativa creceu desde os 1.927 de hai tres anos aos máis de 10.000 actuais; e en 2011 realizáronse xa máis de 200.000 visitas e case 2 millóns de accesos.



Unha única rede dixital de comunicacións dará servizo a todos os colectivos de emerxencia de Galicia no 2013

28/11/2011

A Xunta de Galicia contará no 2013 cunha rede de emerxencias propia que integrará a todos os colectivos que participan na resolución deste tipo de situacións. A nova unha rede dixital facilitará unha intervención efectiva e eficaz dos efectivos implicados e simplificará as tarefas de coordinación entre eles.

A rede empregará o estándar TETRA, a tecnoloxía recomendada a nivel europeo para este tipo de comunicacións vinculadas á seguridade pública e empregada en centos de redes de máis de 100 países, ademais terá unha cobertura mínima para o 80 % do territorio e do 85 % da poboación.



A Xunta presentou un mapa de 14 xeodestinos para extraer todo o potencial do destino Galicia

31/11/2011

O Presidente da Xunta presidiu o acto de presentación dos Xeodestinos Turísticos de Galicia, un mapa de 14 xeodestinos para potenciar o sector turístico, unha guía moi útil para seguir avanzando e adaptando a oferta ás preferencias e os gustos dos visitantes, un novo xeito de construír o destino Galicia.

Este mapa, tamén vai promover a colaboración entre a Xunta e os concellos así como involucrar a toda a sociedade en xeral.



Posta en marcha de dous proxectos de innovación para mellorar a asistencia sanitaria en Galicia

01/12/2011

O presidente da Xunta, avanzou despois dunha reunión coa ministra en funcións de Ciencia e Innovación a posta en marcha dos proxectos INNOVA-Saúde e Hospital 2050, dotados cun total de 90 millóns de euros, "para mellorar a asistencia sanitaria, crear emprego e mellorar a competitividade na nosa economía".



Xuntanza coa Asociación PuntoGal para impulsar o dominio .gal en Internet

06/12/2011

A Xunta vén financiando a través de diferentes convenios de colaboración as actividades da Asociación PuntoGal para impulsar o dominio ".gal" en Internet. Dentro desta liña de cooperación os representantes da Asociación mantiveron unha xuntanza coa secretaria xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica de cara a inminente presentación da candidatura de .gal o vindeiro 13 de xaneiro ante o organismo competente, a Internet Corporation for Assigned Names and Numbers (ICANN).

En total son 108 as entidades adheridas a PuntoGal, incluídos máis de 20 centros de emigrantes noutras comunidades autónomas e outros países.



Presentado o Plan de formación 2012 da rede de aulas CeMIT para o impulso do fomento das TIC

14/12/2011

No próximo ano triplicarase a oferta actual, chegando aos 3.000 cursos e incrementarase nun 50% o número de usuarios dos centros que integran a Rede, presente en 92 concellos galegos.

O programa formativo contempla 13 itinerarios formativos adaptados ao nivel de coñecemento e capacidades de cada colectivo e a posta en marcha dun Aula de formación virtual que achegará a alfabetización dixital e a formación multimedia e audiovisual a un maior número de beneficiarios.

O investimento previsto para 2012 na xestión da Rede e no Plan de Formación é de 2.300.000 euros.



A Axencia para a Modernización Tecnolóxica vai agrupar baixo unha única dirección e ubicación a todos os tecnólogos da Xunta de Galicia

19/12/2011

O presidente da Xunta, subliñou na rolda de prensa posterior ao Consello da Xunta que a creación da Axencia para a Modernización Tecnolóxica agrupará baixo unha única dirección e ubicación a todos os tecnólogos informáticos da Administración Autonómica, e permitirá un aforro anual de 20 millóns de euros.

Con esta decisión agrúpanse nun único edificio da Cidade da Cultura as 86 localizacións actuais do persoal da Xunta dedicada a tecnoloxía e informática, unifica a toma de decisións e suprime 15 organismos administrativos.



A Xunta re-inaugura a praza de abastos de Vilagarcía, tecnoloxicamente máis avanzada

15/01/12

O conselleiro de Economía e Industria e a conselleira de Medio Rural e do Mar, reinauguraron as novas instalacións da praza de abastos de Vilagarcía, dotadas das últimas tecnoloxías.

O plan Agora Re-comercia, co que se levaron a cabo medidas de modernización e habilitación nalgúns prazas galegas, permitiu a instalación de puntos de información interactivos, co obxectivo de modernizar as prazas de abastos do país e aproveitar o pulo das TIC para volver a poñer en auxe estes mercados tradicionais galegos.

Nestes dispositivos pódese consultar a información sobre os produtos que están á venda en cada unha das Prazas, así como acceder a suxestións de receitas para elaborar con eles e indicacións para atopalos no recinto.



Celebración do sesión constitutiva da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

09/03/12

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) entra en funcionamento cun plan de acción que abrangue a posta en marcha e a consolidación de 17 proxectos tecnolóxicos para conseguir unha comunidade vertebrada dixitalmente, unha administración eficiente, e a dinamización económica de Galicia co sector TIC como elemento tractor.

A creación da Axencia, que unificará baixo unha mesma dirección todos os recursos materiais e orzamentarios implicados nas políticas tecnolóxicas da Xunta, permitirá un modelo de xestión das TIC integrado para prestar mellores servizos, máis eficaces e con menor custo, evitando duplicidades administrativas e establecendo un planteamento de traballo por obxectivos.




Outros eventos que se celebraron ao longo do 2011	
Empresas en rede 16 de febreiro As xornadas estiveron dedicadas ao sector de talleres de venda, mantemento e reparación de vehículos, logo dun proxecto demostrador no que participaron 151 empresas para amosar a aplicación e o uso eficaz dunha tecnoloxía específica para este sector co obxectivo de potenciar a súa competitividade.	
'#Nethinking' 30-31 de marzo A Illa de San Simón acolleu o encontro #NeThinking, ¿Como comunicamos? que reuniu a un grupo formado por destacados comunicadores e expertos en redes sociais, referentes no panorama nacional pola notoriedade das súas bitácoras persoais, pola súa actividade nas redes como Twitter ou Facebook e pola súa experiencia en contidos multimedia, para debater sobre como incorporar deste novo modo de facer, de pensar e de entender a comunicación.	
Xornada sobre Esquema Nacional de Seguridade 12 de abril Organizou en Santiago co obxectivo de analizar as esixencias derivadas da entrada en vigor do Real Decreto 3/2010 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Esquema Nacional de Seguridade, de obrigado cumprimento por parte de todos os órganos da Administración e as entidades dependentes.	
Día mundial do protocolo de internet IPv6 8 de xuño O CESGA xunto cos servizos de rede das tres Universidades Galegas (UDC, USC e UVIGO) fixeron unha chamada a todos os internautas galegos para sumarse as probas que se celebraron durante o día e para coñecer en que medida os usuarios e operadoras en Galicia estaban preparadas para a nova Internet.	
Vindeira Capital Network 7 de xullo En Santiago celebrouse o evento anual organizado pola plataforma tecnolóxica coa finalidade de estreitar vínculos coas principais entidades de capital risco e Business Angels de España que invisten no sector TIC e axudar a posicionar á industria TIC de Galicia coma un referente recoñecido a nivel europeo.	
Noite Galega das Telecomunicacións 21 de outubro O evento dos profesionais das telecomunicacións, as novas tecnoloxías e a Sociedade da Información estivo no 2011 adicado á "Nova Economía sobre a Banda Larga" e contou coa presenza do conselleiro de Economía e Industria, da secretaria xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, e do presidente da Comisión do Mercado das Telecomunicacións (CMT), Bernardo Lorenzo, quen reflexionou sobre o presente e futuro das Telecomunicacións en España, como vector de recuperación económica.	
Noite da Enxeñaría Informática de Galicia 28 de outubro Coa asistencia do Presidente da Xunta de Galicia, celebrouse en Santiago, a III Noite da Enxeñaría Informática de Galicia na que se otorgaron diversos premios e galardóns a iniciativas ou persoas destacadas no ámbito da Enxeñaría en Informática no 2011.	

2014.gal Axenda Dixital de Galicia

Ano 2011 as opinións dos expertos

 Juan Carlos Aladro Fernández Fiscal Xefe Provincial de Pontevedra	O lado escuro do TIC 10/01/2011 Non é un recordo afastado, aquel no que as operacións societarias ou bancarias, eran realizadas persoalmente, e mesmo con escritos a man, baseándose na confianza interpersoal. Sen embargo, esa confianza deixou de ser un requisito esencial nun mundo de relacións sociais complexas e desenvolvidas a gran velocidade e distancia. As novas formas de comunicación, irromperon tamén no mundo do ilícito penal, dando lugar á aparición de novos delitos, que basean a súa existencia en complicados andamios societarios. Coa irrupción destes delitos foi necesario desenvolver á súa vez novas formas e novos hábitos para poder proceder á súa persecución e castigo, e por iso as nosas policía e fiscalías, crearon grupos de persoas dedicadas a pescudar a forma de execución e quen son os seus autores.
 Manuel Gago Xornalista e profesor na Facultade de Ciencias da Comunicación da USC	Dez anos da Wikipedia e dun novo concepto de cultura 31/01/2011 Jimmy Wales, fundador da Wikipedia, confesou sentirse abraiado ao final da última campaña de recadación de fondos para o mantemento da Fundación Wikimedia, soporte institucional da Wikipedia. A campaña de captación de doazóns obtivo no 2010 dezaseis millóns de dólares (uns doce millóns de euros) en só cincuenta días. A cifra obtida non só non estaba nada mal, senón que dobraba á recadada no exercicio do 2009 e confirma un dato: un número crecente de usuarios consideran de tal valor a Wikipedia que están dispostos a pagar para soste a súa estrutura e funcionalidades.
 Miguel Jaque Director do CENATIC (Centro Nacional de Referencia de Aplicación das TIC baseadas en fontes abertas)	O Futuro do Software Libre en España 09/03/2011 O software libre xoga un papel cruce nos sistemas TIC actuais e está presente en todas as decisións tecnolóxicas en calquera ámbito. É certo que aínda son máis habituais as contornas mixtas nos que sistemas pechados herdados conviven cos baseados en tecnoloxías libres. Pero cada vez atopamos máis tecnoloxía libre en diferentes ámbitos e, en breve, serán predominantes na maioría das contornas como consecuencia dun movemento que, altruísta e voluntario en orixe, constitúe hoxe un ecosistema económico propio e en constante crecemento.
 Oscar Fafián Varela Enxeñeiro de telecomunicación e responsable de Innovación e desenvolvemento de negocio de R	Aplicacións para o móbil, todo un mundo 02/05/2011 Hai dez anos era ficción facer cousas hoxe cotiás: xogar cunha consola de xogos, ler o xornal en liña, buscar información en Google, utilizar o GPS para chegar a un destino descoñecido, consultar na rede o tempo meteorolóxico, ver vídeos en YouTube, acceder a redes sociais como Twitter ou Facebook, escoitar música ou radio en Internet, etc. Pero por sorte o progreso tecnolóxico non parou aí, coa aparición do iPhone comprobamos como todas estas cousas, antes limitadas ao PC, podíanse facer tamén cun móbil e que mesmo dun xeito máis útil e rápido. Comezaba o mundo das aplicacións móbiles que é o de maior dinamismo na actualidade.
 Victoria Otero Espinar Decana da Facultade de Matemáticas da Universidade de Santiago (USC)	Muller: Protagonista das Tecnoloxías da Información e a Comunicación 10/06/2011 Ninguén pon en dúbida hoxe o protagonismo das mulleres como parte activa do mundo das TIC, tanto desde o punto de vista de creadoras, usuarias, e mesmo como elemento motivador para a innovación, pero non sempre foi así, xa que tradicionalmente as mulleres foron oficialmente excluídas da esfera científica e tecnolóxica. Sen embargo, é no campo das TIC onde as mulleres foron pioneiras. Unha boa parte da tecnoloxía informática nace do seo do feminino, da figura de Ada Bryon que grazas aos seus coñecementos técnicos soubo aproveitar as tarxetas perforadas, que se usaban para facer os complicados brocados na industria téxtil da época, para perfeccionalas e utilizalas na máquina analítica que acababa de construír o matemático Babbage.

 Luis E. Anido Rifón Catedrático de Enxeñaría Telemática na Universidade de Vigo	Reutilización de información do sector público: Linked data 15/07/2011 Nesta segunda década do século XXI non parece preciso incidir na importancia que as TIC teñen en todos os eidos da nosa vida diaria, polo que as diferentes Administracións públicas non poden permanecer alleas a este fenómeno e ofrecen os seus servizos por mecanismos electrónicos, xunto con información de interese xeral nas páxinas web cara aumentar a transparencia. Outro paso máis é a publicación dos datos, que pertencen a todos os cidadáns, en formatos abertos para a construción de servizos avanzados públicos e tamén para desenvolver aplicacións por parte da iniciativa privada con independencia de que haxa detrás intereses comerciais, dando lugar ás iniciativas Linked Data.
 Anxo Queiruga Vila Presidente da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI)	A realidade das persoas con discapacidade ante as TIC 22/08/2011 Xa é un feito innegable que vivimos nunha cultura autenticamente tecnolóxica na que conceptos tan complexos como “sociedade da información” ou “era dixital” viñeron a poñerlle nome ao impacto e transcendencia que as TIC están a ter nas nosas vidas. Sen embargo, tamén é certo que o que se presenta como unha beneficiosa ferramenta para o acceso a oportunidades e para o exercicio activo da nosa condición de cidadáns desta sociedade da información, tamén se pode converter nunha poderosísima arma de exclusión. Existen colectivos de persoas para os que as TIC deixan de ser ferramentas meramente facilitadoras pasando a converterse nos únicos axentes que lles posibilitan facer tarefas cotiás de forma autónoma, isto é, sen axuda de terceiras persoas. Este pode ser o caso das persoas con algún tipo de discapacidade.
 Ricardo Fernández Xerente do Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia	O despregue da Banda Larga en Galicia 30/09/2011 Segundo os informes “Penetración de servizos finais e de infraestruturas de Telecomunicación” dos últimos anos elaborados pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións (CMT) Galicia non alcanza a media española de contratación de liñas de banda larga, polo que toda a comunidade tecnolóxica debe apoiar o Plan de Banda Larga que permitirá conseguir que todos os galegos estean conectados no ano 2013. As infraestruturas de telecomunicación son as infraestruturas do século XXI, de aí a necesidade desenvolver novas redes e incorporar proxectos técnicos de telecomunicación nos pregos de obras pública, evitando así unha duplicación do gasto a posteriori e sempre acompañados dun visado profesional, que controle a calidade dos mesmos.
 Carlos de la Fuente Director área de Tecnoloxía da Fundación CTIC	O momento da Reutilización da Información do Sector Público 25/11/2011 O sector público produce unha gran variedade de información, que é potencialmente reutilizable polos cidadáns e pola industria de contidos dixitais, por exemplo, información social, económica, xeográfica, estatística, meteorolóxica ou turística e sobre empresas e educación. Esta información ten unhas características que a fan particularmente atractiva para o sector dos contidos dixitais, xa que é de calidade, completa e fiable. A reutilización da información do sector público consiste no uso por parte de persoas físicas ou xurídicas de información xerada por organismos do sector público, con fins comerciais ou non.



**XUNTA
DE GALICIA**